





*Santa Mariña de Covelo. Notas de Toponimia, historia e patrimonio*  
*Texto e fotos: Alberte Reboreda 2022*  
*Coordinación: CCMM Santa Mariña de Covelo*  
*Deseño Gráfico e ilustracións: Víctor Coyote*  
*Unha publicación do Concello de Covelo*  
*coa participación da Deputación Provincial de Pontevedra*  
*Imprime: Aceroplus. Ponteareas.*

*Depósito legal: PO 175-2022*





# SANTA MARIÑA DE COVELO

*notas de toponimia, historia e patrimonio*

PARROQUIA A PARROQUIA  
Vol 2. CONCELLO DE COVELO

Alberte Reboreda



*Quen coñece a súa aldea, coñece o universo*  
*León Tolstói*







## LIMIAR

*Nesta segunda edición da serie Parroquia a Parroquia, dedicada agora a Santa Mariña de Covelo, pretendemos continuar o traballo de recuperación dos nomes de lugares ou “chamadeiros” que forman parte da nosa cultura inmaterial e que desgraciadamente corren o risco de perderse para sempre por esquecemento.*

*Gracias á aportación económica do Concello de Covelo e da Deputación de Pontevedra, pode ver a luz esta nova edición dun libro que non sería posible sen a implicación da Comunidade de Montes de Santa Mariña na tarefa de coordinar os traballos e conseguir a participación das veciñas e veciños da parroquia nun exercicio de memoria colectiva. Tamén o meu sincero agradecemento a todos os que colaborastes na edición de vídeos da man de Oscar García, e a Victor Aparacio polos debuxos e deseño gráfico do libro.*

*Unha vez máis quero mostrar o meu recoñecemento salientable a Alberte Reboreda, por levar a cabo un traballo feito dende o rigor histórico e a metodoloxía da investigación, cun profundo respecto polas fontes documentais e dende o consciencia de que tamén a lingua e os topónimos son vulnerables ao paso do tempo. O documento que nos presenta mostra obxectivamente unha parte da historia da parroquia de Santa Mariña a través da recompilación e o estudo etimolóxico dos nomes dos lugares que habitamos e das fontes documentais editadas e inéditas que se conservan.*

*Juan Pablo Castillo Amigo  
Alcalde de Covelo*



*Vista das Óseas desde o campanario do santuario da Santa Cruz. Primeiro terzo do s.XX*





## PRESENTACIÓN

*Tedes nas vosas mans, en forma de libro, unhas notas filolóxicas, históricas e patrimoniais sobre a parroquia de Santa Mariña de Covelo. Coñecida tamén como Santa Mariña de Baldomar a causa do afamado santuario que se levantou no século XVIII no barrio do mesmo nome, a nosa freguesía tivo un papel relevante desde o medievo, cando deu lugar á aparición do Couto de Aldir, con sede militar no outeiro do mesmo nome, o mesmo que acollera un castro durante a Idade do Ferro.*

*Santa Mariña serve de transición entre o alto Tea ou Val de Tielas e o curso medio deste río, que vivifica a comarca do Condado. Desde os trinta e un lugares habitados que lle dan calor humano, a nosa parroquia garda o aroma do peixe e do viño, xa que foi atravesada, cando menos desde o Antigo Réxime, por un dos camiños máis importantes da antiga provincia de Tui: o que unía o porto marítimo de Redondela con Ribadavia a través da Ponte de Cernadela e A Caniza.*

*A toponimia, “a alma das cousas, a luz que desvanece moitas sombras e aclara moitos misterios”, en palabras do que fora presidente da Real Academia Galega, Eladio Rodríguez, ocupa un lugar senlleiro neste traballo. Na perspectiva de rescatar todas as nomeadas populares, fomos quen de documentar e xeolocalizar un total de 742 topónimos que dan luz sobre o noso pasado, sobre os traballos e os días das mulleres e homes que viviron, traballaron e amaron na nosa freguesía.*

*A documentación e caracterización do patrimonio cultural, desde o arqueolóxico ao etnográfico, pasando polo arquitectónico, foi tamén obxecto do noso labor, que bebeu nas fontes dos principais investigadores e especialistas. As imaxes históricas de fotografías anónimas e dos contemporáneos Xulio Gil e Julio Eiroa, iluminan con acerto os textos para a súa mellor comprensión.*

*O libro recolle, a maiores, unha selección de noticias publicadas en prensa alusivas á parroquia desde o século XIX ata o século XX, así como notas sobre léxico singular e algúns apelidos propios da nosa freguesía.*



*Que traballos coma este sirvan para que, de aquí en diante, outros comple-  
ten e profundicen na historia cultural desta e doutras parroquias de Covelo  
e da bisbarra do Condado e A Paradanta. Saber quen fomos e de onde vi-  
mos é unha forma de saber máis de nós mesmos, e axudaranos a alumear  
con consciencia e liberdade os camiños que queremos transitar no futuro.*





## SANTA MARIÑA DE COVELO


Santa Mariña de Covelo é unha das catorece parroquias do concello pontevedrés de Covelo, arciprestado de Montes e diocese de Tui-Vigo. Abrangue as entidades de poboación de Baldomar (do que forman parte As Barreiras, Cacharrizo, Cima de Vila, O Coto do Lazo, As Óseas, A Nogueira, A Porteliña, A Roteña, Santa Cruz e O Toumilo), O Barreiro (conformado polos lugares do Galeón, O Outeiro, Os Muleiros, O Requeixo, Riba da Bouza), O Mangón, Pazos (A Chan da Cega, O Cabo, Os Cacheiros, O Carbón, O Gorgullón, Pedra Pombeira, A Roteña, O San Amaro e O Sesteiro), Piñoi e O Souto. As súas vías de comunicación principais son a estrada PO-261, que vai desde Mondariz ata a parroquia de Maceira, e a N-120, que une Vigo con Logroño (La Rioja). Algúns regatos pequenos, afluentes todos do río Tea (o río de Pazos, o do Souto, o Regato de Caxigueiro, o do Coto do Lazo...), bañan as súas terras.

Segundo a cartografía oficial da Xunta de Galicia<sup>1</sup>, a nosa parroquia ocupa unha superficie total de 7,36 quilómetros cadrados.


Entre 1752 e 2021, datas nas que temos datos fiables, a poboación de Santa Mariña sempre estivo nun arco entre os 250-300 habitantes. A única excepción foi o primeiro terzo do s.XX, cando a nosa parroquia multiplica por tres o número de efectivos ata alcanzar os 968 veciños e veciñas, segundo Álvarez Limeses (1936:509), o que dá lugar a unha emigración masiva a Portugal e o sur do continente americano.

A falta de máis datos, entre 1996 e 2007 Santa Mariña de Covelo perdeu un 18,89% da súa poboación, informa a Gran Enciclopedia Gallega (2011:77), e “presenta unha estrutura por idades envellecida: a porcentaxe de maiores de 65 anos acada o 26,4%. A taxa de actividade é do 48,3%. A poboación local emprégase principalmente no sector servizos (53% da poboación activa)”.

1- Plan Básico Autonómico (PBA) da Xunta de Galicia descargable en <https://mapas.xunta.es/visores/pba/>.



*Situación de Santa Mariña dentro do concello de Covelo. Fonte: Xunta de Galicia*




CONCELLO DE COVELO




Os datos do Instituto Nacional de Estatística (en diante INE) máis recentes permiten constatar un devalo poboacional constante nas últimas dúas décadas, en particular entre os anos 2002 e 2020, cando a nosa parroquia pasou de 386 a 275 habitantes. Como dato esperanzador, no ano 2021 a poboación experimentou un leve repunte ata alcanzar os 281 efectivos.



A distribución actual dos seus habitantes por núcleos de poboación é a que segue:



*Poboación de Santa Mariña de Covelo en 2021. Fonte INE<sup>2</sup>*



*Evolución da poboación entre 1752 e 2021<sup>3</sup>*

2- O Instituto Nacional de Estadística (INE) non recolle a poboación dos núcleos do NG que se omiten e que se citan na introdución deste traballo.

3- Fonte Catastro do Marqués de la Ensenada (1752), Ávila y la Cueva (1852), Álvarez Limeses (1936), Gran Enciclopedia Galega (2011) e INE (2021).



*Las*  
*Trádes<sup>ta</sup> Marina de Balsom.*







# 1-NOTAS HISTÓRICAS

## 1.1 A Idade Media

A primeira referencia documental que coñecemos de Santa Mariña de Covelo data do ano 1198<sup>4</sup>, cando un home de nome Rodrigo Pelagio asina unha manda en favor do mosteiro de Melón referido ao “casal de Sisibus, en Santa Mariña de Covelo, con todos os seus bens”. Este dato non debe sorprendernos, xa que este mosteiro cisterciense, xunto co da Franqueira, adscrito á mesma orde relixiosa, foi un dos grandes posuidores de terras na comarca do Condado e A Parandata durante a Idade Media (s. V-XV). O Catastro do Marqués de la Ensenada (en diante CME), informa que Santa Mariña de Covelo era unha das 43 parroquias que, segundo Seijas Montero (2009:165), achegaba décimos anualmente ao mosteiro da Franqueira, en concreto 800 reais de vellón ao ano en forma de décimos.

O topónimo Aldir, que hoxe dá nome ao principal outeiro da nosa parroquia, aparece citado en 1151 nun documento do mosteiro de Melón<sup>5</sup> xunto cos lugares de Cornedo<sup>6</sup>, Casteláns e Lourido:

*[...] Petríz et filii vestris omnique generatione vestrae facio cartam donationis de illa hereditate Cornedu cum Castelanos montibus nominatis Lauridu cum Aldir et fontibus suis cum pratis et pascuisset cum suo sauto et cum omnibus suis terminis et pertineciis et cum ingressibus [...]*

*Tradución:*

*[...] Petríz e os vosos fillos e a todas as vosas xeracións fago carta de doazón daquela herdade de Cornedo, cos montes de Casteláns chamados*

4- Vaamonde Lores, C.: Índice de documentos que pertenecieron al Monasterio de Melón. Boletín de la Real Academia Gallega. nº 10. 1925 Páx. 235.

5- Cambón Suárez, S.: El Monasterio de Santa María de Melón (siglos XII-XIII), Santiago de Compostela, Universidad de Santiago de Compostela. Facultad de Filosofía y Letras. Sección de Historia(s), 1957, 4 vols. [tese de doutoramento inédita].

6- O sitio dos Cornedos tamén aparece citado nun preito referido a Baldomar de 1776 que se conserva do Arquivo do Reino de Galicia.






*Lourido con Aldir, e as súas fontes, cos seus prados e pastos, co seu souto, e con todos os seus termos e pertenzas, e coas súas entradas [...]*

Segundo outro documento, desta volta asinado en agosto de 1244<sup>7</sup>, Aldir foi un antigo couto medieval situado en Santa Mariña de Covelo, freguesía que formaba parte da Terra de Toronium, informa Fernández Rodríguez (2004:43) na monografía que dedicou a este territorio medieval do suroeste de Galicia. Durante a Idade Media e o Antigo Réxime, os coutos eran territorios formados por un ou máis lugares, aldeas ou parroquias suxeitas a un señorío xurisdiccional determinado. A administración e a impartición de xustiza civil e criminal dentro deste ámbito facíase, ben de forma directa por parte do señor, ben a través dun terceiro ou por privilexio. En calquera caso, tal e como sinala López Sabatel (2018:145), “la fisonomía de los cotos no difirió del modelo clásico de explotación señorial habitual a lo largo de la Edad Media, conservando un núcleo donde el cenobio ocupó la posición predominante”.

O de Aldir non foi o único couto medieval existente no actual concello de Covelo. Andra de Cernadas e R. Doubleday (2021:57) sinalan que outro dos coutos históricos medievais que se crearon neste territorio foi o de Tielas, que incluía as parroquias de Santa María do Campo, San Salvador de Prado, San Bernabé da Graña, San Miguel de Fofe e Santa María de Godóns.




*Vista aérea do Coto de Aldir desde o nordés.  
Ao fondo, mergullado na néboa, o val do río Tea*

7- Venta que fixo Sancha Pérez ao mosteiro de Melón dunha sétima parte do monte de Lourido e Aldir. Nel, María Fernández vende outra media parte, sétima de dito monte. Tenente in Toronio domino F. Iohannis. (AHN. Clero. Carp. 1445, nº 17). Tenente Toronio Fernando Iohannis (AHN. Clero. Carp. 1443, nº 18).





Do ano 1245 consérvase outro documento procedente do arquivo do Mosteiro de Santa María de Melón<sup>8</sup> polo que este cenobio entrega en prestimonio a Pedro Suárez varias herdades sitas en Aldir e Lourido, o que refrenda o especial vínculo económico e territorial deste mosteiro con Santa Mariña de Covelo, tal e como apuntamos máis arriba.



*Documento de 1245 que acredita que o Mosteiro de Sta María de Melón era titular de distintas herdades en Aldir e Lourido.*  
 Fonte: Arquivo Histórico Nacional

O Arquivo Histórico Nacional conserva un segundo documento, este datado en 1269<sup>9</sup> e redactado en lingua galega, que volve acreditar a existencia deste couto medieval de Aldir, cuxo centro neuráxico militar podería situarse no que hoxe coñecemos como Outeiro ou Coto de Aldir, identificado na actualidade como xacemento arqueolóxico, tal e como veremos máis adiante.


As propiedades que os mosteiros tiñan aforadas nas parroquias do seu ámbito territorial non sempre eran pacíficas. En ocasións a súa titularidade ou os décimos a pagar eran obxecto de conflito e, xa que logo, de preitos que podían condear aos leigos litigantes a unha das penas sociais máis temidas: a excomuñón. Vexamos un caso.

8- ES.28079.AHN/11//CLERO-SECULAR\_REGULAR,Car.1444, N.9. El monasterio de Santa María de Melón entrega en prestimonio a Pedro Suárez varias heredades sitas en Aldir y Lourido.

9- CLERO-SECULAR\_REGULAR,Car.1451, N.14. Juan Eanes recoñece ao monasterio de Santa María de Melón, a doazón outorgada por Juan Pérez Cavaleiro, o seu pai, dos coutos de Aldir e Lourido.








Documento de doazón ao Mosteiro de Melón dos coutos de Aldir e Lourido en 1269. Fonte: Arquivo Histórico Nacional

Nun documento redactado en galego no ano 1329, Santiago Anes, crego de Covelo, e Pedro Lorenzo, crego de Santa Mariña de Covelo, declaran sobre o cumprimento dunha orde dada polo bispo de Tui relativa á excomunión das persoas que non recoñeceran o mosteiro de Santa María de Melón como propietario de certas herdades das parroquias de Santa Eulalia de Deva e Santa María de Gundián.

O encabezado do documento, que obriga aos reitores, cregos e capeláns das igrexas de todo o bispado, di: “Era de mill e CCC e LXVII anos, XXI dia andados do mes de mayo. Stando en la villa de Deva de Susaa...”.

“Testimonio notarial otorgado ante Juan Martínez, notario del rey en tierra de San Martín. (...) “Dada en Tuy, VI dias de abril, Era de mill e CCC e LXVII anos”.



Documento de 1329 no que se cita a Pedro Lorenzo, crego de Santa Mariña de Covelo. Fonte: Arquivo Histórico Nacional




## 1.2 A Idade Moderna

Da Idade Moderna, isto é, o período de tempo que transcorre entre 1492 (data do “descubrimento de América”) e 1789 (ano da Revolución Francesa), procede a meirande parte da documentación escrita que se conserva en relación á nosa parroquia.

Durante este tempo Santa Mariña de Covelo ou de Baldomar estaba sob a xurisdición de Sobroso, xunto coas parroquias de Bugarín, Prado, Pías, Oliveira, Guillade (Ponteareas), Mondariz, Paraños e Barcia de Mera (Covelo). “Esta tenencia correspondería aos arciprestados de Ribadetea, Ponteareas e Montes”, sinala Fernández Rodríguez (2004:58-59).

Así, no ano 1628 elabórase un documento que se conserva no Arquivo do Reino de Galicia (ARG) que substancia un preito entre Alvaro Fernández coa xustiza de Covelo e Achas sobre a titularidade de diferentes montes comúns<sup>10</sup>. A causa abriuse contra este veciño de Baldomar –Santa Mariña– por pechar cavadas na Peroxa e Fonte de Martiños, “que son pasto común de Paraños”. O uso e costume daquel tempo era manter as cavadas pechadas durante dous pans ou colleitas, e logo volvelas a pasto:

<<la dicha cavada da Fonte de Martino que esta en el monte da Peroja que tiene el dicho Alvaro Fernandez cerrada es pasto comun concegil abrevadero de los vezinos de la dicha feligresia de Paranos>>



Apeo de 1631-32 do Mosteiro da Franqueira que recolle os foros que cobraba na nosa parroquia

O Archivo Histórico Nacional (AHN) conserva un apeo dos bens e facenda que o Mosteiro de Santa María da Franqueira tiña en diferentes parroquias próximas á casa matriz nos anos 1631-1632<sup>11</sup>, entre elas Santa Mariña de Covelo. Nel contense a información dos

10- ARG, 3425-90.

11- Signatura CLERO-SECULAR\_REGULAR,L.10036.





bens que o mosteiro aforou na parroquia a Gonzalo Fortes, Gregorio Vazquez e “Martín de Val-domar”. O estudo pormenorizado deste documento é unha das tarefas pendentes de cara ao futuro que, por razón de tempo e espazo, quedou á marxe do noso traballo.

Dese mesmo ano de 1632 data outro documento<sup>12</sup>, expurgado do arquivo do desaparecido mosteiro da Nosa Señora da Franqueira, que ten o lugar de Pazos como protagonista e que foi obxecto dun preito ante a Real Audiencia pola súa titularidade. A transcripción do apeo realizado para dirimir a propiedade do “Campo e herdade das Torcas, en Santa Marina, Pereyra, Campos da Xila, cortinas de Verdexo, Rego do Foxo de Bouxas, Campo da cortina Donega, sito en el lugar de Paços” é o que segue:

*<<Primeramente declararon ser del dicho monasterio de Nuestra Senora Santa Maria de la Franqueira el lugar que llaman de Paços con sus entradas y salidas que es una casa grande que fue tellada y aora esta de comaco y aora en ella biven el dicho Tome Martinez que declara y Domingo Martines hijo de Gregorio Martinez que tambien hestuvo presente a esta declaracion con mas una corte que esta xunto de la dicha casa que confesaron poseer los sobredichos con mas declararon ser de/319r dicho monasterio de nuestra senora de la Franquera otra casa paxaca en que al presente confeso bevir el dicho Marcos Preto que declara que esta pegado con la que va declarada que todas tres hestan encima con sus resios con mas dos cortes y corrales. Con mas declararon ser del dicho monasterio de nuestra Senora de Santa Maria de la franquera la heredad que llaman darratea que llevaria de senbradura quatro celemines de pan de senbradura poco mas o menos, que al presente la posen los dichos Tome Martinez, Gregorio Martinez y Marcos Perez digo Preto, que declaran que parte de un lado con heredad que llaman de Verdexo que aora pose Juan Gonzalez y de otra parte con heredad que llaman dagila que al presente pose Lorenzo Da Ribeira y de otras partes entesta en heredad que se dice da Cavada que al presente pose Amaro Gonzalez y Pedro Gonzalez. Con mas declararon ser de dicho monasterio de nuestra Senora de Santa Maria de la Franquera y Santa Maria de Castellanes su anexo, la heredad que llaman do campo da Pedra que dicen en el foro llevara de senbradura quatro celemines dicen los que declaran que llebara dos celemines segun que la confesaron poser al presente Gonzalo Vazquez e Pedro Bazquez que declaran questa cerrada de por si y en el medio de lo que cada uno dellos pose ay un muro y como parte con la cortina Doniga que truxo Gonzalo Fortes y aora la tray Lorenzo da Ribeira que es del dicho monasterio de Nuestra Senora de Santa Maria*

12- ES.28079.AHN/3.1.4.11.13//CLERO-SECULAR\_REGULAR,L.10036.



*de la Franquera de otro foro y de la otra parte entesta en la congostra de la Veiga Grande y con el campo/319v que llaman da Pedra que pose Domingos Matinez que tanvien hestuvo presente a esta declaracion. Con mas declaracion que la leira de heredad que esta en el campo da Pedra la pose al presente Domingo Martinez que estuvo presente a esta declaracion que la tray e xunto con otra que heredo de Gregorio Martinez su padre, que no saben por donde se divide mas de que toda ella esta xunta con la demas que pose el sobredicho que no save por donde se divide que se refieren a los foros y apeos antiguos. Con mas declararon ser del dicho monasterio de Nuestra Senora Santa Maria de la Franquera la heredad que se dice de Chan do Origo que llebara de senbradura dos celemines de pan y en el foro dice quatro celemines segun qu esta cerrada de sobresi e parte con heredad da Cancelina y de la otra parte con heredad que llaman do Oreguino y con heredad que llaman dos Castelos y con el regueiro que llaman da Veiga Grande todos los queles dichos vienes en la forma que llevan declarados son propios del dicho monasterio de Nuestra Senora Santa Maria de la Franquera y por tales los trayen reconocidos y reconozen y por ello han pagado y pagan de renta canon e pension al dicho monasterio de nuestra senora Santa Maria de la Franqueira y sus arrendatarios diez celemines de pan mediado mixto y centeno y una gallina que ellos y sus antecesores an pagado y pagan y se allanan de pagar a lo adelante mientras juraren las voces del dicho foro y que tanvien de las de desas heredades pagan diezmos al dicho monasterio de la franqueira/320r en esta manera dende la llevada de la aldea de Pacos abaxo que viene del Foxo de Bouzas asta el uzal da Herveleina los que biven dentro de la dicha demarcacion a la parte de vaxo de la dicha llevada ansi de los vienes que tienen de foro del dicho monasterio como de otros que no lo son de cualesquiera que dentro heesten y se labren pagan la mitad de los diezmos al dicho monasterio los que biven dentro de los dichos limites y los que biven fuera del aunque tengan heredades del dicho monasterio y foro suyo como las que no lo son pagan la quarta parte de los quentro labran y los que biven dentro de la dicha demarcacion que tienen vienes dentro pagan la dicha mitad del diezmo de pan, millo, trigo, lino, lana, orxo, avena e cabritos, becerros y corderos y otros diezmos y esto en vista del abad del dicho beneficio de Santa Marina de Covelo que an sido y son que lo han visto y xamas lo an contradixo y esto lo vieron los que declaran siempre [...]>>*

Os conflitos pola titularidade das terras non é exclusivo dos agros, senón que, en ocasións, chegar ao saltus, isto é, ao monte. Así, en 1685<sup>13</sup> ten lugar un preito entre “los

13- Real Audiencia de Galicia. Caixa 10303 9.








vecinos de Valdomar, jurisdicción de Sobroso, contra el capitán Juan Fernández Santa Cruz, sobre comunes". Trátase dun enfrontamento da veciñanza de "Baldomar contra Juan Fernández Santa Cruz, hombre poderoso, por hacer casa en monte comunal, en el sitio de Longras, en Porto a Laxe", que era un terreo dedicado a pasto común do lugar.

A tal fin os veciños de Baldomar conceden un poder para levar a cabo un preito:



*Unha das páxinas do preito que enfrontou aos veciños co capitán en 1685.  
Fonte: Arquivo do Reino de Galicia*

<<y especialmente para el pleito que nos ha (...) y esperamos letigar contra el capitan don Juan Fernández Santa Cruz, vecinos de dicho lugar porque siendo el sitio y territorio das Longras, sito en dicho lugar, pasto comun de dicho lugar y abrevadero de nuestros ganados, entradas y salidas del, el sobre dicho lo pretende cerrar y apropiar para si, y en el azer vivienda, casa y lugar, con que nos lo ocupa, quita el pasto (...). Y lo mesmo contra





*los vecinos del lugar de Piñoi, porque nos cierran y ocupan los mas pastos de dicho lugar contra los mas que han cerrado y pretenden ocupar los mas pastos y communes de dicha feligresia. (...)*

Os veciños de Santa Mariña que, naquela altura, defenderon os dereitos comunais e que, polo tanto, foron obxecto da querela presentada polo devandito capitán, foron Francisco Domínguez, Domingos Fernández Gorgullo, Alonso Rodríguez, Juan Fernández de Toumil, Juan Fernández de Uma de Vila.



*Situación de Santa Mariña de Covelo dentro dun mapa xurisdiccional da Galicia do s. XVIII.  
Elaboración propia a partir de Castro Redondo (2019)*

Do ano 1715 data un preito que mantiveron Juan Martínez, “vecino del lugar da Grefa<sup>14</sup> (Santa María de Covelo<sup>15</sup>) arrendatario de las rentas del voto en el partido de Covelo, con Pedro Fernández de Rego, regidor da feligresía de Barcia de Mera, en representación de los demás regidores y vecinos de dicho partido, sobre el pago del voto”. O voto ao que se refire non é outro que o Voto de Santiago, unha renda pagada en forma de cereal ou viño, que percibía a Catedral de Santiago e outros beneficiarios, dos cabezas de familia

14- Na documentación contemporánea e na fala popular este topónimo consérvase como A Grifa.  
15- sic.





da meirande parte da Coroa de Castela e o terzo norte de Portugal. Os obrigados a satisfacer este tributo eran todos os labregos que producisen algún daqueles cultivos e, ao tempo, estivesen en posesión dunha ou máis xuntas de bois.

Esta renda eclesiástica era percibida polo Cabido de Santiago (50%), polo Arcebispo (33%) e polo Hospital Real de Santiago (7%), o que representaba entre a metade e dous terzos dos seus ingresos, segundo López Gómez (1998:22).

O Voto de Santiago tiña a súa xénese nun privilexio do rei Ramiro I concedido ao Arcebispo e ao Cabido de Santiago no ano 834 en agradecemento pola intercesión do apóstolo Santiago na mítica Batalla de Clavijo que enfrontou a cristiáns e musulmáns. Esta obriga fiscal foi abolida o 6 de novembro de 1834, data na que tamén se extinguiron os xulgados que a protexían.

O Arquivo do Reino de Galicia conserva un preito do ano 1718<sup>16</sup> que enfrontou aos veciños de “Pazos e Tomé de Sera con Martín do Faro”. Trátase dun auto ordinario sobre o aproveitamento de leña e moledo (toxo molar) dos Montes de Abeleda.

No ano 1756 documéntase un apeo parroquial entre as parroquias de Santiago e Santa Mariña de Covelo<sup>17</sup> baixo o título <<Demarcaciones que circundan esta Feligresia de Santiago de Covelo y su anejo San Bartolome de la Lamosa. Por Cuevas ano de 1756”. Este tipo de preitos testemuña outro clásico habitual nos arquivos: os conflitos entre parroquias de Galicia por razón de límites, un asunto de rabiosa actualidade que aínda segue a consumir os esforzos e os diñeiros dos comuneiros de boa parte do noso país.

A literalidade do documento, que recolle un feixe de nomes de lugar que aínda hoxe son recoñecibles, é a que segue:

*“Esta dicha Feligresia de Covelo se alla unida o pegada con su anejo de la Lamosa, este a la parte del medio día, y la matriz al lado del Norte, y toda la Feligresia unida esta tirada a lo largo desde el Norte al medio día, cuyo vecindario se alla tambien a lo largo por la parte del Poniente, y todo el largo de la Feligresia por la parte de levante es el monte comun llamado Fuente fria; tendra toda la dicha Feligresia de largo desde la demarcacion de Maceira hasta la de Prado de la Canda, tres cuartos de legua vien cumplidos, y media legua de ancho desde la demarcacion de Santa Marina hasta de*

16- ARG. Caixa 16590-20.

17- Incluído nun expediente que contén a demarcación de Santiago feito no 1834, AMC 127/7].





*las Achas, poco mas o menos, y esto se entiende camino derecho de largo y ancho.*

*Covelo con Santa Marina.*

*[marcos] Comineza esta Feligresia de Santiago de Covelo a demarcar por la esquina del Norte con la de / Santa Marina, mas abajo del Coto ó piedra llamada de las Estantegas, en el que se junta la de Maceira con Covelo, y siguiendo la de Santa Marina por el lado del Poniente hasta el medio dia entestando con la de Covelo, baja dicha demarcacion al Regueiro llamado das Lajes, por entre el Coto do Meijueiro y Pazos, a un marco que esta pegado a unos vestigios de una casa que fue cerca de dicho Regueiro, a la parte de abajo del camino que desde la casa de Juan Fortes del Meijueiro pasa al lugar de Pazos, cuyo marco se llama das Lajes.*

*2º – Baja despues en derechura al Rio de Puente Lagoa siguiendo la linea recta al marco de Budieira que esta en la esquina de un muro a mano izquierda antes de entrar a la calle del Mangon, despues sigue partiendo dicha calle por mitad a Covelo y Santa Marina, hasta la Fuente del Mangon, sigue despues al medio dia por debajo de la casa de Domingo Fortes al marco del Curro, que esta en el muro que hace esquina al camino que ba a la aldea de Outeirino, ba desde dicho marco al medio del Puente Lamela, segun estaban las senales en medio del Puente antes de redificarse. Despues sube al Coto de Piedra Pinta, o Sobreira que esta mas arriba del lugar del Espino Blanco, de alli sube al Coto de la Cuesta que ba a la Lamosa, pasa al Coto do Rixo, y / de este baja al camino que ba para la Yglesia de la Lamosa a un marco que está en donde se aparta dicho camino del que bá a Paredes debajo de la casa de Manuel Prieto, y sigue a otro marco que esta en un muro dentro de los campos, derecho a la casa de Paredes que es de Domingo da Fonte, en cuyo corral hay otro marco, y desde dicha casa sube al Coto de la Coviña, de donde baja el marco de Lajendo y aora sigue derecho al medio dia hasta dar en el rio y sitio de Marnoto, adonde se junta tambien Paraños haciendo esquina por el rio, y Prado da Canda a la parte del medio dia entestando con la Lamosa de la parte de alla de dicho regato. [...]*

Copia da querela presentada por Santiago de Covelo. Demarcacion Santa Mariña e Santiago.







### Demarcacións:

*<<Y pues que dichas feligresias de Santiago de Covelo y San Bartolome de la Lamosa, su anejo, se allan unidas o pegadas la una a la otra, y se demarcan de la de Santa Marina de Covelo, por la parte del Norte, principiando en el Coto o piedra de las Estategas, y de esta demarcacion sigue al Coto llamado del Picouto de Majueiro, y desde este baja al rio de Puentelagoa, Fuente de las Veigas de Coveija, y de este al marco de Budieira, partiendo la calle del lugar de Mangon hasta la fuente, y despues sigue al marco del Curro, y de este prosigue a puente Lamela, y despues sigue al Coto de Piedra Pinta y sobreira que esta mas arriba del lugar de Riba da Bouza, y de el sube al coto de la Cuesta, que ba a la Lamosa, pasa al coto do Rifo y de este baja a la casa de Domingo da Fonte, en la aldea de Paredes, y prosigue al Coto alto de la Cobina, y de este baja al marco de / Lajendo hasta dar el rio y sitio llamado do Marnoto y despues prosiguen dichas dos feligresias entestando con la de Prado y sube la demarcacion desde el sitio do Marnoto, subiendo por dicho rio al puerto Teradeira, y de este al marco de Sesteiro berde, y despues comienzan a entestar con la feligresia de Parada, y prosigue la demarcacion por la parte del mediodia al coto de Piedrabedra, desde el cual sigue al marco Pardo de Velamedes por encima de la vereda de la Canda al Coto de la Fuente del Seijo, y despues ba dar a la venta de la Canda y sube a la fuente de los Romeros, que entestaba con la feligresia de las Achas, y prosigue la demarcacion, por lo alto o zerro del monte llamado Fuente Fria, hasta el marco de Petan comprendiendo las dos feligresias de mis partes; y siendo de ellas mismas todo el referido monte aguas vertientes, por la parte del poniente, y por la del levante pertenece a la de las Achas; y despues sigue la demarcacion, desde dicho marco de Petan, entestando con la feligresia de este mismo nombre, al marco de Deva, que divide dichas dos feligresias de la de Maceira, y desde dicho marco de Deva, sigue al Coto de los Canivelos y baja al Coto o marco de Outeiro do Sino, y desde este ba a dar al marco o coto de las Estantegas, que es la primera demarcacion que llevo expuesto.”*



No centro da imaxe, a “Santa Cruz de Covelos” no Mapa do Bispado de Tui de 1766, obra de Rosendo Amoedo

As comunicacións xogaron un papel relevante na nosa parroquia durante a Idade Moderna. Así, o mapa de Rosendo Amoedo de 1766 permite observar a traza do camiño de orixe medieval que unía Redondela coa Caniza e O Ribeiro. Este camiño, que cruza a Ponte de Cernadela sobre o río Tea á altura de Mondariz, é inmediato ao núcleo de “Sta Cruz de Covelos”, de tal forma que, moi probablemente, atravesaría os núcleos do Toumillo e O Galeón antes de chegar a Lamela, o lugar que, na actualidade, acolle a capitalidade municipal do concello de Covelos<sup>18</sup>. Precisamente no lugar do Galeón atopamos unha probable casa de postas, coa súa característica xanela-mostrador no piso terreo<sup>19</sup>. O CME de 1752 informa que neste mesmo núcleo (neste mesmo edificio?) vivía o arrieiro Antonio Vazquez Galion (sic), que tomou o seu segundo apelido do lugar no que residía.


A tipoloxía dos litixios que elevaron á Real Audiencia de Galicia os veciños da nosa parroquia atinxiron tamén ao uso das levadas para o rego das terras, un conflito que estivo moi presente na vida dos labregos da práctica totalidade das freguesías de Galicia ata hai poucas décadas. En relación a este asunto, o Arquivo do Reino de Galicia (ARG) conserva un preito<sup>20</sup> do ano 1776 que enfrontou a “José Vázquez y consortes,

18- Parroquia de Santiago de Covelos. No lugar de Lamela existen ata catro xanelas-mostrador que testemuñan o paso desta verea histórica polo lugar.

19- Nas proximidades da Ponte de Cernadela (Concello de Mondariz), en concreto no barrio do Ceo (Santa Baía de Mondariz) existen outras dúas casas de postas semellantes, unha delas construída en 1816, segundo recolle un epígrafe gravado na lumieira dunha porta de dobre follas.

20- Caixa 16301 32.

vecinos del lugar de Baldomar” contra “Gregorio Vazquez y sus consortes vecinos de los lugares del Couto, y Castelans<sup>21</sup> fra de Lougares” (sic) por causa da “agua que conduce la levada vieja propia delos de Baldomar, y sitio dos Cornedos, en cuia posesion se allavan quieta, y pacificamente âvista, y consentimto deaquellos asta la nobedad impesada, yno esperada de quitarsela enel tiempo quemas senecesitaba; teniendo dho Gregorio, y consortes igual posesion de aprobecharse pa fertilizar sus tierras dela qe conduce la Levada nueba (...)”



Portada do preito de 1776 pola levada entre os veciños de Baldomar e O Couto (Lougares) e Casteláns.  
Fonte: Arquivo do Reino de Galicia

21- Na actualidade a parroquia de Casteláns pertence ao Concello de Covelo.



## As Devesas Reais

Outro dato interesante á hora de trazar o perfil da nosa parroquia durante o que os historiadores franceses denominaron “Ancien Regime” é a documentación dos seus montes comunais, en particular das súas devesas reais. Coa chegada da dinastía gala dos Borbóns ao poder en 1717, o rei Felipe V e os seus sucesores porán en marcha unha política tendente a controlar e reservar a madeira de calidade que se cultiva e corta nos montes comunais próximos á costa da Coroa de España, o que afectará de cheo ao Reino de Galicia<sup>22</sup>. A tal fin púxose en marcha un sistema de inspección periódica das devesas reais, creadas polo rei para garantir a existencia de madeira necesaria para construír buques de guerra ao servizo da coroa nos principais arsenais da coroa, entre eles o de Ferrol.

Vexamos a transcripción literal dos informes<sup>23</sup> emitidos con ocasión de cada unha desas visitas:

- **Ano 1750. Copia de autos de demarcaciones delas Dehesas y Plantío de S.M. sitas en la Provincia de Tuy (Tomo 2º):**

*“S<sup>ta</sup> Mariña de Cabelo. La real Dehesa de la fr<sup>a</sup> des<sup>ta</sup> Mariña de Covelo está situada en el lugar nombrado de Valdomar y enterreno un poco costanero de buena calidad<sup>24</sup> p<sup>a</sup> robles que limita por todos bientos con m<sup>te</sup> Comun, y los poblado de ella yncluso el plantío nuevo tiene de largo ciento sesentay Seys Varas cast<sup>as</sup> y de ancho ciento y diez, la Dehesa mas cercana a esta es la de Mouriscados, ay como media legua, el Puerto de mar o surgidero mas ynmediato es el de la villa de redondela, en donde reside el Subdelegado de Marina mas contiguo, ay seys leguas de camino carretero y comodo Soto que media legua hasta Cerca de Puenteareas es costanero e trabajoso”*

- **Ano 1785. Visita de Montes y Reales Plantios de la Jurison de sobroso**

22- Para saber máis consultar os traballos de investigación de Ofelia Rey Castelao: “Montes, bosques y zonas comunales: aprovechamientos agrícola-ganaderos, forestales y cinegéticos”, artigo publicado en “El Mundo rural en la España moderna”, coordinado por Francisco José Aranda Pérez. Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha. 2004; e “Montes y política forestal en la Galicia del Antiguo Régimen”, Ed. Universidade de Santiago de Compostela. 1995.

23- Estes arquivos están depositados no Arquivo da Deputación de Pontevedra.

24- Creemos que se refire ao monte situado entre O Coto de Santa Cruz e o núcleo das Barreiras.





Detalle do mapa do bispado de Tui de Rosendo Amoedo de 1766 onde aparece a traza do camiño que unía Redondela con Ribadavia a través da Ponte de Cernadela, Santa Cruz de Covelo e A Caniza

“Fra de S<sup>ta</sup> Marina de Cobelo, lugar de Baldomar. Relacion jurada que Yo Andres Brabo, mño carpintero de construg<sup>n</sup> arreglandome ala primera dada dela R<sup>l</sup> Dehesa dela Fra de s<sup>n</sup> salvador de Cristiñade, doy dela de s<sup>ta</sup> maria de Cobelo (sic), lugar de Baldomar, correspond<sup>te</sup> ala Jurisdic<sup>n</sup> de Sobroso, la qual ve expresa en la manera sig<sup>te</sup>.

En la R<sup>l</sup> Dehesa c<sup>da</sup> de Baldomar encontro setecientos ochenta y dos robles, delos q. Quedaron señalados con quatro marcas ciento y doce quese ande arrancar por estar mui juntos y quedan ex<sup>tes</sup> seiscientos y setenta con setenta y dos medianos, y de estos tambien se han señalado treinta y dos con dos marcas y quin<sup>tos</sup> nov<sup>ta</sup> y ocho menos que medianos.

#### Resumen de Robles

maiores	medianos	meng <sup>e</sup> med	Nuevos	Total
"	72	498	"	670

Los seiscientos y setta robles delas calidades expresadas no se encuentra que en la actualidad tengan servicio p<sup>a</sup> la construc<sup>n</sup> pero demuestra a De-bendaria enlo sucesivo.



*Y por q<sup>e</sup> todo lo sela<sup>do</sup> es la verdad y que es contado con la misma legalidad doy lapresente en la Fra de S<sup>ta</sup> maria (sic) de Covelo a veinte y uno de Novre demil sete<sup>los</sup> ochenta y cinco = Andres Bravo.”*

**-Año 1832. Visita a las Reales devesas y pinares del Estado del Partido de Puenteareas.**

*“Baldomar. Enla frâ de santa Marina de Cobelo a los mismo diez y nueve de Enero de mil oco cientos trinta y dos: El Licenciado D<sup>n</sup> Benito Salgado Juez Real y ordinario de esta Jurisdicción continuando enla visita de los Reales Arbolados a compañado del Fiscal Celador de ellos D<sup>n</sup> Antonio Mariño, cuyo (?) se constituyo enla Real Deesa nombrada do Gorgullo<sup>25</sup> ó Espiñeiredo, a donde hizo concurrir a Jose Duran Diputado Juan Antonio Vazquez Celador, Juan Gonzalez, Basilio Anton Mateo Lopez y Jacinto Lopez vecinos dela misma, con asistencia de los cuales se reconocio y reconto dha R<sup>l</sup> Deesa, Resultando existentes tres cientos noventa Robles dela clase de medianos, ciento treinta y uno nuevos y plantados de proximo, y uno de a quella enteram<sup>te</sup> seco y los mas igualm<sup>te</sup> secos muchas de sus Guías y ramas, y asea por la calidad del terreno que es infimo que no los deja progresar y robustecer, asegurando los presenciales tener de dicha R. Deesa mucho cuydado en reponerla, pero que nada se adelanta porque secan con facilidad. Reconociose el R<sup>l</sup> Vivero de su inmediacon, q aunque esta cabado no asi sembrado, por lo que el señor Juez y Fiscal celador mandan al Diputado siembren dho R<sup>l</sup> Vivero, y cuiden dela conserva<sup>cn</sup> dela nominada Real Deesa, lo que asi ofrecieron cumplir y fiman con aquellos señores de que yo Ess<sup>no</sup> doy fe= Licenciado D<sup>n</sup> Benito Salgado = Antonio Mariño = Jose Duran = Juan Antonio Vazquez = Juan Gonzalez, Basilio Anton = Jacinto Lopez = Ante mi Pedro nobas y Navia =*

**-Año 1839 - Visita devesa nacional de Gorgullo<sup>26</sup>**

*No ano 1843 asínase un auto municipal para que sexan plantados cen pés de carballos pola vecinanza de Baldomar. Este documento fai referencia a un expediente de visita a devesa nacional do sitio de Gorgullos en 1839, parroquia de Santa Mariña.*

25- No lugar de Pazos está documentado o lugar do Gorgullón, onde hai unha grande superficie dedicada a carballos. Un dos topónimos localizados no seo desa carballeira é Porto de Rei, que podería facer referencia á existencia da devesa real á que se refire este documento do s. XIX.

26- AMC, sig. 125/14-15.





*Un carballo do monte comunal. Foto: Julio Eiroa*

*<<Visita y reconocimiento de la Dehesa titulada Gorgullos.*

*En la parroquia de Santa Marina de Covelo a trece días del mes de Diciembre de mil ochocientos treinta y nueve, D. Juan Antonio Labandeira Alcalde 1º Presidente del Ayuntamiento Constitucional de este Distrito, con el fin de cumplimentar lo prevenido por el Sr. Jefe Político de esta Provincia en su circular inserta en el Boletín no 14 del presente año recordada por el oficio que antecede, se constituyo con mi Exmo. Secretario de dicho Ayuntamiento en la Dehesa o Monte Nacional titulado do Gorgullo y Espineiredo sita en el lugar de Baldomar de esta parroquia a donde por medio del Alguacil ausiliante hizo concurrir a Juan Lopez actual Diputado de la misma, Matias Gonzalez, Jose Martinez Ruzo, Domingo Lopez y Miguel Gonzalez, vecinos de providad y maiores contribuyentes de la propia, y despues de enterados del obgeto de su concurrencia se procedio con su asistencia al reconocimiento de dicha dehesa y recuento de sus arboles, y resulta lo siguiente: /*

*Dicha dehesa es abierta del todo y unicamente se deviden cuatro mojones en medio del monte comun. Tiene la estension de treinta ferrados de sembradura poco mas o menos, y esta poblada con trescientos setenta y cinco*







*robles, unos mas antiguos que otros, pero ninguno de reciente plantacion. Tienen muchos de ellos secas sus guias y otros hasta los mismos troncos en la maior parte, aunque limpios de sus ramas. Que en la estension referida hay varios huecos en que se pueden poner otros, sin embargo de indicar que nunca lo fueron en los mismos, y para llenarlos se necesitan a juicio de los concurrentes mas de cien pies (...)>>*




*Vista do Camiño do Salgueirón, que parte do lugar do Gorgullón, en Pazos, onde puido existir unha das devesas reais de Santa Mariña de Covelo*



## 0 Catastro do Marqués de la Ensenada

Do ano 1752 data a máis completa descrición da parroquia que se conserva de “Sta Mariña de Baldomar”, incluída no Catastro do Marqués de la Ensenada. Deste documento transcribimos o coñecido como Interrogatorio Xeral, que sintetiza os principais datos sociais e económicos da nosa freguesía. Excepcionalmente o AHP contén tamén o “Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de Santa Mariña de Valdomar”, datado en 1760-61<sup>27</sup>, que introduce unha serie de datos non concordantes cos de 1752, de aí que optásemos por transcribir ambos documentos cando o primeiro contradí ou matiza o segundo.



Portada dun dos libros do Catastro do Marqués de la Ensenada da parroquia de Santa Mariña de Baldomar

27- Signatura DGR, 1RE,990,1.



### **1ª Cómo se llama la Población.**

*“Al capítulo Primero de dicho ynterrogatorio dizen los peritos que la referida feligresía se nomina Santa Mariña de Baldomar y responden.”*

### **2ª Si es de Realengo o de Señorío: a quién pertenece: qué derechos percibe y cuánto producen.**

*“Al capítulo dos dijeron que dicha feligresía es de señorío dividido entre dos dueños e desta manera. Por lo que mira al lugar que se denomina Baldomar y el de Paços, lo son del marqués de Sobroso sujetos a la Justicia que pone en la Villa de puente Areas y su Jurisdicción. el Primero por todos respectos de Civil, Criminal y Concejil, y este último tan solamente por lo que mira alo Civil y Criminal, que por loque mira alo Concejil lo es Anexo al Partido de covelo, y dicho Marqués Percive por Raçon de Luctuosa y Basallaje de todos los vecinos casados cavezas de casa o viudos Deque se compone dicho Lugar de Baldomar sitan comunadamente tres i Cientos y Cinquenta reales cada un año con la diferencia deque para completar estas cantidades paga cadauno segun su posible y caudal, y con respecto a esta circunstancia se le hace la citada carga al tiempo de casarse; y por lo que thoca al citado Lugar de Pazos asimismo percive el enunciado Marquez por el Propio respecto de cadauno de los vecinos de el casado, cavezas de casa y viudos nueve quartos vellón que el total ymporta cada año sesenta y un reales y Doze m<sup>s</sup> vellón, Y quantto a los lugares de Mangón, Riva da Bouza y Grifa lo son de Señorío del Conde de Amarante Anejos ala Jurisdicción de Covelo sujettos.*

*Ala Justicia que dicho Conde pone enellas quien percive por Raçon de Basallaje de cada uno de los vezinos casados cavezas de casa de que se compone veinte y dos maravedies digo veinte maravedies que el total ynporta 18,8 Anualmente Diez y ocho reales y ocho maravedies vellón; y por lo que Respecta al lugar de Piñoy asimismo es de señorío del citado Marquez de Sobroso Anejo a la Jurisdicción de la Achas y sujetto ala Justicia que el sobre dicho pone enella quen percive de quatro vecinos casados cavezas de casa de quese compone por razon de basallaje estan comunadamente cada año Diez rr<sup>s</sup> y seis m<sup>s</sup> de Bellón y responden.”*

### **3ª Qué territorio ocupa el Término: cuánto de Levante a Poniente, y de Norte al Sur: y cuánto de circunferencia, por horas y leguas: qué**







***linderos, o confrontaciones; y qué figura tiene, poniéndola al margen.***

*“Al capítulo tres dijeron que dicha feligresía y término de su comprehension tendra de distancia desde L. a P. un quartto de legua y del N. A S. la tercia parte de una Legua y de circunferencia una legua, que para caminarsenecesita hora y media. Linda por la partte del L. con la feliguesia de san Barttola dela Lamosa, por el P. conla de san Pedro felix de Lougares, porel N. Conla desan salvador de Maceira, porel S. conla de santa Mariña (sic) de Paraños. Principiando su demarcación enel Marco de La lamosa, sigue al sitio de san Bartholome, de allí al sittio que llaman del cotto de Carvalho meleyro, de este ala fuente de lamas, de alli ala Piedra Pintta, de este ala puentte lamela, de esta al Marco da firbida<sup>28</sup>, de alli al marco de parladoiro, de este ala fuente del Mangon, sigue al Marco dela Budieira<sup>29</sup>, de este al Marco do Ganzedo, de alli ala piedra dela Cruz del Barro quedo<sup>30</sup>, de este al marco dela Casa de gavian, sigue al sittio de Payzas<sup>31</sup>, de este al Marco de topette, sigue a la Piedra delafhacha, de estta ala Piedra del moymentto, de alli alsitio de la Laguyñas deaguas de este al Marco dacotta da lomba, de alli al Marco de Buenos haires, de este al Marco derrio de Prado, de alli al Marco de Paredes, y de este Badar al Marco de la lamosa Primera de Marcación = sufigura es la del Marjen.”*



*O Marco da Cota da Lomba é un dos fitos que divide as parroquias de Santa Mariña de Covelo (Covelo) e Lougares (Mondariz)*

28- No expediente de 1761 dise que esta estrema se corresponde co “marco do Rial”.

29- Na versión de 1761 do Ynterrogatorio di “Budueira”.

30- Na versión do Ynterrogatorio de 1761 di “barruquedo”.

31- Na versión do Ynterrogatorio de 1761 di “Painzas”.





*4ª Qué especies de Tierra se hallan en el Término; si de Regadío, y de Secano, distinguiendo si son de Hortaliza, Sembradura, Viñas, Pastos, Bosques, Matorrales, Montes, y demás que pudiere haver, explicando si hay algunas que produzcan más cosecha al año, las que fructificaren sólo una, y las que necesitan de un año intermedio de descanso.*

O Dicionario Madoz (1847:493-494), cuxo sexto volume foi impreso en 1847, describe de forma sintética a nosa parroquia por vez primeira nunha publicación editada. A obra promovida polo político liberal navarro describe Santa Mariña de Covelo como unha “felig. en la prov. de Pontevedra (6 leg.), part. jud. de Cañiza (1), dióc. de Tuy (5), ayunt. de su nombre (1/4): srr. á la izq. del r. Tea, en terreno montuoso y desigual, donde la combaten principalmente los aires del N. y S: el CLIMA es saludable, pues no se padecen otras enfermedades comunes que fiebres gástricas y biliosas. Comprende los barrios ó l. (ugares) de Baldomar, Barreiro, Pazos y Piñoy, que reúnen 150 CASAS. La igl. parr., dedicada á Sta. Marina, está servida por un cura, cuyo destino es de segundo ascenso y de presentación alternativa entre el marqués de Camarasa<sup>65</sup> y conde de Salvatierra. También hay dos ermitas, tituladas Sta. Cruz y San Benito, en los barrios de Baldomar

64- Fonte: BOPPO nº 96 do 30.11.1836.

65- O Marquesado de Camarasa (nome dunha pequena localidade de orixe medieval situada en Lleida, Cataluña) é un título nobiliario creado en 1543 polo emperador Carlos V en favor de Diego Sarmiento de los Cobos y Mendoza (Valladolid; 1524-1575), fillo de Francisco de los Cobos, que ostentou a condición de secretario do monarca. O título nobiliario foi un agasallo do rei con motivo do seu matrimonio con Francisca Luisa de Luna y Mendoza, señora de Camarasa, entre outros. Na actualidade o marquesado de Camarasa forma parte dos títulos da Duquesa de Medinaceli.



y Pazos. Confina el TÉRMINO. N. felig. de Santiago de Cobelo; E. con la misma y la de Lamosa; S. la de Paraños, y O. las de Lougares y Castelanes. Los montes denominados de Gorgullo, Abeleira, Lomba, Cabezuda y Medelas, poblado de tojo, constituyen el TERRENO bastante desigual. Los CAMINOS dirigen á Puenteáreas, á la cab. de ayunt., á la de part. y á Lougares, y se encuentran en regular estado. El CORREO se recibe de Puenteáreas y Cañiza, Producción.: centeno, mucho maíz, legumbres y yerbas de pasto; se cría ganado vacuno, de cerda y lanar; hay caza de liebres, conejos y perdices, INDUSTRIA Y COMERCIO: además de la agricultura se cuentan algunos molinos harineros; y las principales operaciones de comercio consisten en ganado de cerda, é introducción de vino, pescado y algún centeno, POBL.: 170 vec., 700 alm. CONTR.: con su ayunt. (V.)”.



*A Praza Mestre Cerviño e a Casa do Concello de Covelo en 1968. Foto: Albino Vidal*

Tres anos máis tarde, en 1850, ten lugar unha solicitude de deslinde entre as parroquias de Santiago e Santa Mariña de Covelo<sup>66</sup>, promovido por Mauro Espiñeira, Alcalde-Pedáneo desta última freguesía, que sinala que os marcos os mollóns que delimitan ambas freguesías son:

66- O expediente consérvase íntegro no arquivo municipal do Concello de Covelo.





*“Marco de la Lamosa, sitio de San Bartolomé, coto de Carvalho Meleiro, fuente Lamas, coto de Piedra Pinta, Puente Lamela, Marco del Rial, Marco do Parladoiro, fuente Mangon, Marco da Bodeeira, el de Fuente Coruja, el do Gancedo, Marco o Piedra de la Cruz de Barruguedo en direccion al Coto do Meyjoeiro o Picouto, Piedra de las Estantegas y Coto de Monumento donde entra ya la division con las parroquias de Maceira y Castelanes, con las que estan aclaradas y corrientes las demarcaciones. Pero con la de Covelo, aunque la linea divisoria es la referida y en su consecuencia estan en costumbre inmemorial los vecinos de la de Santa Marina de aprovecharse exclusivamente de las producciones de los trozos de monte comun que quedan dentro de dicha linea, asi como de contribuir tambien para el Estado los terrenos particulares que abraza, subcede de corto tiempo a esta parte que algunos vecinos de Covelo no solo se propasaron a cortar y extraer tojo de dentro de dicha linea, sino a encalvar en si afanegado algunos montes y terrenos particulares comprendidos en la propia, disminuyendo asi la riqueza productiva de Santa Marina con inmenso perjuicio. Este abuso, este desorden, lo cometieron arbitrariamente, sin prebio citacion y conocimiento/ de los vecino o representantes de la parroquia del esponente quienes apercividos de ello, a evitar contiendas que siempre son incomodas y dispendiosas a los pueblos, procuraron con el Pedaneo y algunos vecinos de Covelo zanjar armoniosamente toda dificultad, arreglando las cosas a su debido estado, esclareciendo y fijando de nuevo la referida linea para que no se traspasase por unos y otros, vecinos en el aprovechamiento de los esquilmos del monte comun y de evitaren por este medio los desordenes que en otro caso serian consiguiente; pero todas estas proposiciones de paz y armonia fueron desechadas por quien mas debia apreciarlas, por los de Santiago de Covelo que son los que se escedieron y esceden, sin otro fundamento que formulando ellos mismos en dicha linea ciertos puntos distintos con documentos que no es de este momento calificar, pero que son vastantes sospechosos.*

*La ley municipal vigente y diferentes reales ordenes posteriores atribuyen a los Alcaldes y Ayuntamientos la administracion, cuidado y deslinde de los montes comunes y Pueblos de su demarcacion, asi como la iniciacion, sustanciacion y fallo con apelacion en su caso a los jefes y concejos de Provincia de las cuestiones que sobre lo referido se susciten, y siendo de esta clase la duda pendiente entre la parroquia de Santa Marina y Covelo, corresponde a la corporacion tomar conocimiento de ella. El esponente por tanto:*







*Suplica al Ayuntamiento se sirva nombrar una comision de su seno que acompañada de los Alcades Pedaneos y cuatro vecinos de providad maiores contribuyentes de cada una de dichas dos Parroquias, y en caso necesario con asistencia tambien de Peritos, nombrados por las mismas, pasen a reconocer la linea articulada y con vista de los documentos / que se presentan y noticia que adquieran o justificacion que se reciva de vecinos imparciales de las inmediatas aclaren aquella y por su resultado mandar que se observe subcesivamente con imposicion de las penas y multas que se consideren justas a los contrabentores. Asi es de hacer en Justicia y lo recibira por gracia. Covelo marzo 10 de 1850". Sinatura.*



*Vista actual da "Piedra de las Estantegas" do que fala o documento de 1851, que hoxe se coñece co nome deturpado de Marcos das Trantas*



Un ano máis tarde, en 1852, o historiador Ávila y la Cueva anota sobre Santa Mariña de Covelo que “en la información de los Milagros de San Pedro Telmo recibida por los años de 1258 ya se hace mención dela parroquia de Sta. Marina de Cobelo, con espresión de que era entonces allí párroco Juan Peláez. Venera por patrona tutelar a Sta Marina Virgen y Martir gallega, y no a Sta María como escribió el Sor Sandoval, cuya fiesta le hacen á 18 de julio: consta su población de 245 vecinos, que corresponden á distintas Justicias, pues los qe habitan en los lugares de Pazo, Mangón y Ribadabouza estan sugetos por lo contencioso político y gubernativo ala de Santiago de Cobelo: y los qe viven en los de Valdomar y Piñeiro pertenecen en los mismos casos á la de Puenteareas. Valen sus diezmos 22.270 reales, delos cuales lleba el Parroco 21.000 y el Monasterio dela Franqueyra 1270.: aquel tiene Casa Rectoral e Iglésario de producto anual libre de cultivo 84 reales. La Fabrica dela Yglesia no percibe renta alguna. Paga á la Dignidad episcopal de Tuy 27 sueldos leoneses, 1 libra de cera, 32 maravedís viejos 4 dineros: y el Abad contribuye á la misma con 13 ferrados de menudo cada año. Este Beneficio es de presentación alternativa del Maqués de Camarasa y del Conde de Salvatierra. Hay aquí ermita muy principal y de gran devoción con títulos de Sta Cruz, ó mas bien Nuestra Señora al pie de la Cruz, cuya se reedificó á cimentis, y diosela mucha mas capacidad y tamaño del que tenia otra muy antigua qe ya había en el sitio, á principios del siglo 18, concluyendose la obra en al año de 1721, á escepcion de la torre de campanas qe se lebantó despues, todo á costa de limosnas: y otra capilla hay dedicada al Patriarca Sn Benito. Dista de Tuy 5 leguas.”

Case cen anos despóis, Álvarez Limeses (1936:509) informa que a parroquia de Santa Mariña de Covelo “limita: al N., con la de Castelanes; al S., con la de Lamosa; al E. con la de Covelo (Santiago), y al O., con las de Castelanes y Lougares”.

Dista 54 kilómetros de Pontevedra y 10 de La Cañiza y tiene las siguientes entidades: Arroiteña, con 8 habitantes; Barreiras, 64; Barreiro, 139; Cima de Vila, 76; Mangón, 2; Oseas, 137; Outeiro de Alén, 21; Pazos, 181; Piñoy, 77; Santa Cruz, 101; Toumil (sic), 50, y diseminadas, 52, que hacen un total de 968 habitantes, para los que tienen dos escuelas unitarias.

Atraviesa esta parroquia la sección de la carretera de Mondariz a la de Covelo (Santiago), que sólo dista de ésta un kilómetro, siendo comunes a ambas las condiciones del terreno y cultivos.

Actualmente se está construyendo un ramal de carretera desde el Paraño” (sic) “a Cove-lo, que es de gran utilidad para estas dos parroquias.”



De 1861 data unha declaración dos alcaldes pedaneos en relación ao alleamento de montes comúns. Este documento achega valiosos datos en relación ao monte comunal da parroquia en todo o que se refire á súa localización, límites, extensión e aproveitamento:

*<<Carpeta de las relaciones dadas por los Pedaneos de los montes comunes de todas las Parroquias del Distrito y resumen de las diligencias instruidas en el juzgado de 1ª Instancia del Partido para ecsimirlos de la enagenacion>>*

*<<Santa Marina de Covelo. Relacion que yo Pedro Dominguez Alcalde Pedaneos de esta parroquia de Santa Marina de Covelo doy y presento al Sr. Alcalde Presidente de este distrito de los montes de aprovechamiento comun que hay actualmente dentro del termino de dicha Parroquia con espresion de sus linderos y sembradura aprosimada, segun el sentir de los hombres praticos e inteligentes que los han reconocido, y del numero tambien aprosimado de las cabezas de ganado de labor y su clase; todo ello, en conformidad de los prevenido por dicho Ayuntamiento.*

*Montes. Los de Chan do Fito, Gorgullo, Grifa, Regueiriña y Riba da Bouza, bajo la denominacion general de Barreiro y Valdomar, lindan N y E comunes de Covelo y Lamosa, S comunes y particulares de la Lamosa y Paranos, O particulares de Valdomar y Barreiro, su estension [en branco] ferrados de cien estadales cada uno en sembradura.*

*El de Coto Aldir, linda N con comunes de Maceira, E y S particulares y rio, O comun de Castelanes, su estension. El de Gandra, linda, N rio, O, E y S particulares, su estension. Los de Pereiriñas y Piñoy, lindan N, O y E particulares, S comunes de Lougares y Paraños, su estension. El de Coto da Lomba, linda N E y S particulares, O comun de Lougares, su estension. El de la Cabezuda, linda N S y E particulares, O comun de Castelanes, su estension. Cuyos montes solo producen pasto y tojo que aprovechan los vecinos de mistidumbre desde tiempo inmemorial.*

*Ganados:*

- Bacuno ...189*
- Lanar.....30*
- Cabrio.....20*
- Mular..... 11*





Cadro coa extension en ha.

- *Barreiro y Valdomar: 23,34*
- *Coto Aldir: 0,39*
- *Gandra: 0,05*
- *Pereirinas y Piñoy: 0,28*
- *Coto da Lomba: 0,12*
- *Cabezuda: 1,74*

*3071,26 ha total*

Tres anos máis tarde, en 1864, o notario da Caniza José M<sup>a</sup> Fornos asina un “protocolo de información posesoria de montes de Covelo” para “perpetua memoria”. No que se refire á parroquia de Santa Mariña, este documento inclúe un “Listado comprensivo de los montes de aprovechamiento común que existen en las parroquias de este distrito los cuales deben exceptuarse de la venta con arreglo a lo dispuesto en el artículo primero de la ley de 11 de junio de 1856”. A literalidade do texto é esta:

*“Santa Marina de Covelo:*

- *Barrero y Baldomar: Chan do fito, Gorgullon, Grifa, Regueirina, Riva da Bouza. N y E comunes de Covelo y Lamosa, S comunes y particulares de Lamosa y Paranos y O particulares de Baldomar y Barreiro. 23,34*
- *Coto de Aldir. N comunes de Maceira, E y S particulares y rio, O comun de Castelanes. 0,39*
- *Gondra. N rio, O, E y S particulares. 0,05*
- *Pereirinas y Piñoy. N, O y E particulares y comunes de Lougares y Paranos. 0,28*
- *Coto da Lomba. N, E y S particulares, O comun de Lougares 0,12*
- *Cavezuda. N, L, E particulares, O comun de Castelanes 1,72”*

No ano 1867, o Concello de Covelo distribúe entre a veciñanza o aproveitamento dos montes comunais da parroquia de Santa Mariña. A “acta de designación de trozos que en cada año han de aprovechar los vecinos” é a que se transcribe de seguido:

*“En la Casa Consistorial de Santiago de Covelo, a veinte y dos de Julio de mil ochocientos sesenta y siete. Reunidos en ella bajo la presidencia de D. Jose Cousino, Teniente Alcalde primero de ese distrito que por indisposicion del Alcalde ejerce sus funciones, D. Jose Fortes, D. Mauro Sanchez, D. Do-*



*mingo Gonzalez y D. Benito Mosquera, individuos de la comision nombrada para hacer la designacion de los trozos de monte que en cada ano han de aprovechar los vecinos de los diferentes lugares de que se compone dicha parroquia de Santa Marina de Covelo, con Rosendo Fernandez, Ramon Estevez y Bernardo Vazquez Alcalde pedaneo y Diputado de la misma y los vecinos de probidad, Carlos Fernandez, Vicente Lopez, Basilio Gonzalez, Andres Vazquez mozo y Francisco Dominguez del Mangon, despues de haber reconocido los referidos montes y haber consultado y allanado en distintas conferencias que tubieron, las dudas que les ocurrieron para el mejor acierto de la referida operacion, sin lastimar en cuanto fuese posible el uso y costumbre en que los citados lugares se hallan de aprovechar dichos montes, teniendo a la vista las circulares insertas en los Boletines no 1º y 49 del corriente ano, hicieron la referida designacion en la forma siguiente.*

*Lugar de Valdomar. Los pobres y vecinos del lugar de Valdomar aprovecharan los trozos de monte denominados de Valdomar, Pereiriñas, Cota da Lomba y Cabezuda, que el primero, linda Naciente y Norte comun del Barreiro y particulares de la Lamosa, Sur, comun de Paranos y Poniente, particulares. El segundo confina Norte, Este y Oeste, particulares y Sur, comun de Piñoy.*

*El tercero, parte por el Norte Este y Sur/particulares y Oeste comun de Lougares. Y el cuarto, linda Norte, Sur y Este particulares y Oeste comun de Castelanes.*

*Este aprovechamiento lo harán en cuatro porciones para otros tantos anos que sera. El primero, dicho monte de Valdomar y situaciones nombradas de Pedra Cabalar y Chan de Prada a terminar con la parroquia de Paraños. El segundo, desde la fraga del rey, la regata de Cadeiros a terminar a la Fuente del Porriño. El tercero, desde las casas de Cacharrizo comprendiendo las situaciones de Reguiña, Carballos da Neta, Chan do Fito y Gorgullo a terminar en el monte do Barreiro. Y el cuarto, el que comprende las referidas situaciones de Pereiriñas, Cota da lomba y Cabezuda. Le señala para la plantacion arborea por lo tocante a dicho lugar de Valdomar la regata, nombrada de Carballos da Neta hasta el regato de Cacharrizo comprendida en el tercer lote.*

*Barreiro y Mangon. Los pobres y vecinos de los lugares de Barreiro, Mangon y riba da Bouza, aprovecharán el monte nombrado do Barreiro y Grifa que por el Sur linda con el regato de Paraño, Oeste, monte de Valdomar y*





*particulares del Barreiro, Este, comun y particulares de Lamosa y Covelo y Norte, particulares de Covelo y Santa Marina.*

*Este aprovechamiento lo harán en cuatro trozos que serán: el primero, el que comprende la situación nombrada de Piedra Pinta. El segundo, el que se dice de las Chans. El tercero, el que comprende la situación de Lamas. Y el cuarto, comprende los términos de Grifa y Farrapea.*

*Para la plantacion de arboles señalan la porcion de monte que se denomina Gándara.*

*Pazos. Los pobres y vecinos del lugar de Pazos, aprovecharan el/ trozo de monte denominado Coto de Aldir, segun linda por Norte comunes de Maceira, Este y Sur particulares y rio Cuña, Oeste comun de Castelanes.*

*Esta porcion se divide en cuatro lotes siendo el primero el que comprende la situacion de Coto Aldir al sitio do Topete. El segundo, desde el Topete a Piedra Blanca. El tercero, desde Piedra Blanca al Coto de Lobageiras. Y el cuarto, desde el Coto de Lobageiras al rio Cuna y terminos de la parroquia de Castelanes.*

*Para la plantacion del arbolado, senalan el termino de Chan da Cara Gusta, comprendido en el segundo trozo.*

*Piñoy. Los pobres y vecinos de Piñoy aprovecharan el trozo de monte denominado Piñoy, que linda Norte, Oeste y Este particulares, Sur comunes de Lougares y Paraños. Este trozo de monte no tiene comoda division.”*

En 1890 temos noticia de que os problemas de lindes entre a veciñanza de Santa Mariña e Santiago de Covelo persisten, o que evidencia que os traballos e acordos levados a cabo en 1851 non foron concluíntes. Por esta razón, o 13 de marzo dese ano a Corporación Municipal acorda xuntar catro veciños de cada parroquia para nomear peritos e facer recoñecemento de lindes acompañados dunha comisión do propio concello. A acta que recolle aquel acto di:

*<<Deligencia de reconocimiento de la linea dibisoria de las parroquias de Santiago y de Santa Marina de Covelo, desde el Puente del Souto al alto de la Lamosa. En la parroquia de Santiago de Covelo a veinte y tres de maio de mil ochocientos cincuenta y uno. Reunidos la mañana de este dia en el*



*Puente Lamela o del Souto, limite divisorio de esa parroquia y la de Santa Marina, como punto designado al efecto con anterioridad los individuos de la comision del Ayuntamiento D. Jose Aldir, D. Jose Marino, D. Juan Benito Malbar, y mi excelentissimo Secretario D. Jose Alvarez teniente alcalde primero que funciona de Pedaneo por esta de Covelo, el Diputado y vecinos maiores contribuyentes de la misma Jose Benito Rivera, Salvador Fontan, Martin Alvarez, Jose Fortes, Diego Alvarez y Francisco Fortes con un Perito el Licenciado D. Jose Gonzalez; Ramon Lopez, Benito Dominguez, Jose / Losada, Jose Mero y Francisco Dominguez Pedaneo Diputado y vecino de la de Santa marina, con el suio D Juan Manuel Sampedro, habiendo manifestado unos y otros los documentos que respectivamente conserbaban sobre los limites de dichas dos parroquias, y que las maiores dadas que les obcurriron en ellos heran desde el referido Puente hasta la cruz de Carballo Meleiro, donde entra ya la parroquia de la Lamosa, dispuso la comision ecsaminar los puntos designados en los documentos entre los dos referidos extremos reconociendolos todos con los Peritos y mas re[pa- labra tachada] y con asistencia tambien de los parrocos respectivos que concurrieron espontaneamente al parage, tirando varias lineas de punto a punto para venir en conocimiento de cual era el verdadedo marcado en los documentos , y con vista estos ensaios, de lo resultante de aquellos de la situacion topografica del terreno y de las razones y noticias emitidas por los Pedaneos, parrocos y vecinos concurrentes de ambas parroquias juzgan y combienen todos en que aquellas se dibidian y deben dibidir a lo subcesibo desde dicho Puente Lamela rectamente al monte nominado de Piedra Pinta, fijandose un punto o mojon junto al primer penasco que se encuen / tra a la izquierda subiendo la cuenta outante de este a la parte derecha (...) cuia Santa Marina unas diez cuartas desde donde debe arrancar la dibision linea recta a otro penascos que hay mas arriba, de este al de Sobreira y de este rectamente a la eminencia del monte que nombra Cuesta de la Lamosa por entre una cruz alzada que queda a la derecha y otro peñasco que esta a la parte izquierda en cuio centro o sea en el terreno que media entre estos dos puntos se hizo una señal para fijacion del conducente mojon, segun la linea recta prolongada desde los anteriores que quedan espresados, y a la misma que se atendera cuando tenga efecto la colocacion de mojones. Desde este ultimo punto entra ya la linea debisoria a Santa Marina con Lamosa acia el medio dia, siguiendo Covelo la suia independiente de aquellas.*

*Siendo por esta parte la lime mas obscurecida y que ofrecia dificultades a cuantas parroquias, los pedaneos y vecinos concurrentes, estando como*



*están conformes en la aclaración que queda hecha por la comisión y peritos, piden a aquella acuerde la fijación de mojones por cuenta de las mismas en los sitios y línea que queda señalada, sin perjuicio de practicar igual reconocimiento por los otros puntos indica/dos en la instancia inicial cuando se juzgue conveniente; tomándolos desde el citado Puente del Souto hasta los límites de la parroquia de Maceira. De todo lo cual se pone la presente diligencia que firman los individuos de la comisión, peritos, pedaneos y vecinos concurrentes que saben hacerlo, de que yo Escribano, doy fe" [relación de sinaturas]*

Tres años más tarde, en 1893, un expediente do Arquivo Municipal de Covelo recolle a extensión dos montes existentes nas diferentes parroquias do concello co deslinde de cada unha delas<sup>67</sup>. A transcripción dos montes comúns de Santa Mariña de Covelo ou Baldomar é a que segue:

*<<Ayuntamiento de Covelo. Año 1893. Montes comunales. Datos de los mismo reclamados por la Delegación de la provincia en 24 febrero de este año y además se halla unida una relación de la extensión de cada uno descrita por el perito Racado.*

*Baldomar:*

- Parapintas – 126 ha*
- Pinoy y Pereirinas – 31 ha*
- Cabezudos y cota de Lomba – 9 ha*
- Abelleira – 162 ha.*

Finalmente, en 1979, coa recuperación da democracia que se abriu paso desde 1975, ano da morte do dictador, a titularidade dos montes, e non só o seu aproveitamento, volven de novo a mans da veciñanza de forma progresiva, sendo clasificados a favor das veciñas e veciños de Santa Mariña de Covelo. Desde aquel ano, a xestión do monte comunal é realizada de forma directa por eles. As parroquias de Barcia de Mera, Casteláns, Santiago de Covelo, A Lamosa, Maceira, Paraños, O Piñeiro e Prado da Canda acadaron tamén a titularidade do seu monte nese mesmo ano, catro despois de que o lograsen os de Prado, Campo, Fofe, Godóns e A Graña, informa Fariña Jamardo (1991:466-67).

---

67- [AMC 126/10].





## 1.3.1 O Ensino

De seguido ofrecemos unhas notas soltas en relación co ensino na parroquia desde finais do s. XIX ata mediados do século XX. Non se trata dunha análise exhaustiva, senón de referenciar unha serie de informacións illadas publicadas en prensa ou en boletíns oficiais que nos permitan facer unha aproximación superficial a este campo.

No ano 1897<sup>68</sup> a prensa informa do nomeamento de Doña Ramona Ferreirós como mestra de Santa Mariña de Covelo “por consecuencia del concurso último”. Un ano máis tarde, en 1898, a “Junta de Instrucción Pública de esta provincia” comunica ao alcalde de Covelo que viña de nomear mestra a Carmen Abal Meira, que ofrecía maxisterio na parroquia de Campo<sup>69</sup>, despois dun traslado voluntario.

No ano 1898<sup>70</sup> o Faro de Vigo publica que o Reitorado “ha remitido á la Dirección general para su publicación en la Gaceta” a dotación económica dunha serie de escolas vacantes na provincia de Pontevedra. Na relación inclúese a de Santa Mariña de Covelo, que está remunerada con 250 pesetas anuais.



*A antiga Casa da Escola das Óseas*

68- El Diario de Pontevedra; número 479 de 1897.

69- El Noticiero Gallego, número 254 de 1898

70- 23.01.1898.





Máis tarde, en 1899, o mesmo xornal<sup>71</sup> dá conta do nomeamento da mestra Soledad Castillo para a nosa freguesía. Dous anos despois, en 1901, lemos en El Noticiero Gallego <sup>72</sup> que foi autorizado “para practicar ejercicios e oposición” a unha serie de mestres e mestras, entre elas, D. Víctor Varela Caramés, de Santa Mariña de Covelo.



*A vella escola do Galeón*

En 1902 o mesmo xornal<sup>73</sup>, dá publicidade ao nomeamento de Francisco Facorro Fijo como mestre interino da escola “incompleta mixta de Santa Marina de Covelo”, praza dotada con 250 pesetas anuais. Nese mesmo ano renunciou á súa praza nesta parroquia o mestre Víctor Varela Caramés<sup>74</sup>.

No ano 1903<sup>75</sup> temos noticia do nomeamento do mestre Dámaso Gil Vila, que seguía cobrando 250 pesetas anuais. Nese mesmo ano El Diario de Pontevedra<sup>76</sup> informa do nomeamento de D. Perfecto Cabaleiro Cabaleiro como mestre na nosa parroquia, posto polo que recibirá o mesmo importe anual que Gil Vila. Cabaleiro Cabaleiro seguía á

71- El Diario de Pontevedra; número 4472 de 1899.

72- El Noticiero Gallego do 18.11.1901.

73- El Noticiero Gallego do 25.05.1902.

74- La Correspondencia Gallega do 31.03.1902

75- La Correspondencia Gallega do 31.03.1902.

76- Número 9134 de 1903.







fronte deste mesmo posto en 1918<sup>77</sup>, cando foi admitido como membro da Asociación Provincial de Maestros.

José Plaza González é nomeado mestre de Santa Mariña en 1930, segundo informa o xornal El Progreso<sup>78</sup>, quen se fai eco da publicación do seu nome na Gaceta, o Diario Oficial de Galicia ou Boletín Oficial do Estado da época.

No ano 1933 dase publicidade ao nomeamento como mestre da parroquia a José Plaza González, tal e como informa El Noticiero Gallego<sup>79</sup>. Un ano máis tarde, a mestra de “primer escalafón” Obdulia Hernández Rodríguez tamén foi destinada á nosa freguesía<sup>80</sup>.

El Pueblo Gallego publica en 1935<sup>81</sup> que “se ha ordenado la ampliación del local de la escuela de niñas de Santa Marina de Covelo”. Ao mesmo tempo informa que “se estudia el arreglo escolar, consistente en la inclusión del lugar de Lourido para el distrito escolar que formarían los lugares de Pazos, Mangón y Hermida, de la parroquia de Santa Marina, si el Ayuntamiento de Covelo toma el acuerdo de pedir la creación de una escuela mixta para dichos lugares”.

No ano 1936, co ascenso ao poder dos sublevados, moitos dos mestres e mestras de Galicia –tamén de Covelo, loxicamente– foron sancionados e punidos pola súa ideoloxía. Segundo os investigadores Porto Ucha e Vázquez Ramil (2021:270-275), non foi o caso dos dous ensinantes de Santa Mariña, Jesús Díaz Álvarez e M<sup>a</sup> Aparición Álvarez Casas, titulares dunha escola de nenos e outra de nenas respectivamente, que non sufriron ningún tipo de represalia ou castigo por mor da súa ideoloxía ou do seu maxisterio. Ambos pertencían á institución Casa del Maestro<sup>82</sup>, unha institución que desenvolveu a súa acción entre 1934 e 1936 creada polos propios docentes co fin societario de contar cun local onde reunirse e onde desenvolver as súas actividades e que chegou a contar con máis de mil asociados.

77- El Noticiero Gallego de 25.06.1918.

78- 28.09.1930.

79- 11.09.1933.

80- El Noticiero Gallego do 18.08.1934

81- 27.12.1935.

82- Segundo Porto Ucha e Vázquez Ramil (2019), “entre os seus fins cabe citar: intercambiar impresións entre profesionais, compartir as súas propias experiencias e tomar contacto coas novas propostas pedagóxicas a través de conferencias, de publicacións integradas na súa biblioteca, que se crea ó efecto, ou da revista Escuela Viva. A orixe da Casa del Maestro responde fundamentalmente ó impulso que a República lle dá ó ensino coa creación de miles de escolas e a formación de miles de mestres a través dunhas novas Escolas Normais mixtas, que pasan a desempeñar un papel relevante, non só na formación inicial, senón tamén na permanente, e ó programa pedagóxico da República, que modifica os plans de ensino e que se asenta, en gran maneira, nas experiencias da Institución Libre de Enseñanza e os programas dos anos 20 do Partido Socialista e de UGT”.



## 1.3.2. Obras públicas

O xornal El Progreso de 1929<sup>83</sup> informa que unha Comisión Provincial formada por cinco deputados prestou “conformidad a la propuesta para admitir depósito a la aportación del Ayuntamiento de Covelo para construir el camino vecinal número 49 de Santa Marina de Covelo a Paraños”.

Un ano máis tarde, en 1930, a construción da estrada “de Covelo a Paraños por Santa Marina de Covelo” forma parte do Plan Provincial de camiños veciñais, segundo informa El Pueblo Gallego<sup>84</sup>. O adxudicatario da obra foi o contratista José Malvar, que se fixo cargo dun tramo de 2.234 m por un importe de 36.807 pesetas con 33 céntimos<sup>85</sup>. O estado material ou de conservación desta estrada seguía sen ser óptimo no ano 1937, xa que a Comisión xestora da Deputación Provincial acordou, a proposta do deputado Troncoso Penedo, “tomar en consideración su petición sobre la urgencia del arreglo de la carretera”, segundo informa a prensa da época<sup>86</sup>.

A mesma estrada será obxecto de obras de reparación no ano 1967<sup>87</sup>.

En 1936 a Deputación<sup>88</sup> acorda “proceder al arreglo del camino vecinal de Santa Mariña a Paraños del Ayuntamiento de Covelo trasladando este acuerdo a la Dirección de Vías y Obras para su ejecución”.

No ano 1888 préndese a luz pública na cidade de Pontevedra e, sete anos máis tarde, en 1895, chega a luz eléctrica a Pontearreas a través da instalación dunha turbina en Pardellas (A Freixa). Un ano despois, en 1896, inaugúrase o alumeadado público na cidade de Vigo. Corenta anos máis tarde, en 1936<sup>89</sup>, a alcaldía de Covelo solicita á Deputación Provincial “una subvención para llevar el alumbrado eléctrico a las parroquias de Santa Marina y Paraños”. A Comisión acorda que se comunique “a dicha Alcaldía que no es posible acceder a lo solicitado aun lamentándolo sinceramente por no permitirlo el presente estado económico de la Diputación provincial”. O Concello de Covelo non se contentou con esta resposta, xa que no mes de maio dese mesmo ano a Deputación envía un novo escrito ao Concello para que “se aclare y justifique que el tendido o red de distribución eléctrica ha de quedar de su propiedad”.

83- 17.11.1929.

84- 04.07.1930.


85- Acta da Comisión Ordinaria Permanente da Deputación de Pontevedra do 31.01.1930.

86- El Progreso; 25.02.1937.

87- Expediente con sinatura 1.727/9.

88- Acta da Comisión Ordinaria Permanente da Deputación de Pontevedra do 29.01.1936.

89- Acta da Comisión Ordinaria Permanente da Deputación de Pontevedra do 10.04.1936.



Con todo, non será ata trinta anos máis tarde daquela petición, entre 1957 e 1961, cando se tramite o expediente de electrificación dos lugares de Pazos e Lourido solicitada pola Xunta parroquial de Santa Mariña<sup>90</sup>. A Deputación Provincial previa achegar o 15% do financiamento da obra<sup>91</sup> (32.830 pesetas), a empresa eléctrica o 25% (54.718 pts), a veciñanza (un total de 72 veciños e veciñas, 34 de Lourido e 38 de Pazos) o 30% (65.662 pts), e o Goberno do Estado o 30% restante (65.661 pts), o que facía un importe total de 218.872 pesetas. As obras consistiron na construción dun “Puesto de Transformación de 15 KVA y redes de distribución”. Estas liñas correspondíanse con 3.890 m de liñas xerais e 3.780 m de derivacións, para o que foi necesario utilizar 1.066 kg de cobre.

A previsión inicial para a inauguración das obras era 18 de xullo de 1961, unha data mítica no imaxinario da ditadura franquista, aínda que finalmente non foron rematadas ata o mes de xaneiro de 1962 por problemas técnicos da empresa concesionaria, “Sestelo y Cia”.

90- Expediente 92/58 1958 - 1961.

91- Finalmente foi o Concello de Covelo o que se fixo cargo dese importe en 1958 “por haber agotado en anteriores electrificacións a cantidade que la Excmá Diputación Provincial, subvencionó en en Plan de Cooperación para Electrificacións de este municipio.”



### 1.3.3. Entre a anécdota e a relevancia

Nas páxinas que seguen achegamos unha selección de noticias publicadas e inéditas relacionadas con Santa Mariña de Covelo ou de Baldomar. Trátase de informacións diversas datadas, maiormente, entre os séculos XIX e XX, que achegan datos anecdóticos e relevantes que teñen a nosa parroquia como protagonista.

#### Aldir e Tielas, apelidos xenuínos

Aldir e Tielas son dous apelidos de orixe toponímica e histórica –deron nome a senllos coutos medievais– moi frecuentes en Santa Mariña de Covelo e noutras parroquias dos concellos de Covelo e A Lama<sup>92</sup>. No caso de Aldir, trátase dun apelido moribundo en Covelo, xa que o levan tan só 26 persoas dun total de 95 en toda Galicia<sup>93</sup>, o que supón o 27,37% do total. Como xa apuntamos máis arriba, o topónimo Aldir aparece na documentación medieval desde o ano 1151<sup>94</sup>. Non embargantes, como apelido está rexistrado desde o ano 1655<sup>95</sup>, cando era nome de procedencia de un tal Juan de Aldir.

Aldir semella un antropónimo masculino de orixe incerta, sendo a forma masculina do nome feminino Aldira. Ambos poden estar emparentados con Aldo / Alda, nomes persoais que, en opinión de Ferro Ruibal (1992:109), proceden do longobardo “ald “adulto, crecido, vello”. “Tamén se pon en relación co alemán alt e co inglés old, sendo quizais o participio dun verbo alan «alimentar, crecer». Isto tería que ver co latín alere «alimentar», con alumnus «alimentando» e con alma «nodriza», definicións que casarían ben coa localización do Coto de Aldir, que domina o curso alto e medio do río Tea. Segundo o INE, o apelido Aldirez, patronímico de Aldir (fillo de Aldir), está presente en Ourense e Barcelona, aínda que en moi escaso número.

Para o caso do apelido Tielas, Covelo é o concello de Galicia que acolle o meirande número de persoas con este nome de lugar formando parte dos seus apelidos (o 43,01% do total<sup>96</sup>). Tielas está documentado desde o ano 1511, cando o atopamos nun foro do

92- Curiosamente, Aldir non está presente no concello de Fornelos de Montes, segundo o INE.

93- Tamén está presente, a causa da emigración, en Vigo (15,79%), na provincia de León (7,89%) e na de Madrid (18,42%) do total, segundo o INE.

94- Cambón Suárez, Segundo, El Monasterio de Santa María de Melón (siglos XII-XIII), Santiago de Compostela, Universidad de Santiago de Compostela. Facultad de Filosofía y Letras. Sección de Historia(s), 1957, 4 vols. [tese de doutoramento inédita].

95- Juan de Aldir con Pedro Fernández. Auto ordinario por una huerta en Barcia de Mera. Archivo do Reino de Galicia. A Coruña.

96- Lonxe deste rexistro están Pontearreas (10,88%), Salvaterra (8,81%) e Vigo (32,12%).





mosteiro de Santa María da Franqueira<sup>97</sup>, e dá nome ao val no que nace o río Tea. Tielas é a forma diminutiva da voz Tea, ao igual que Sardomela é de Sárdoma (Vigo) ou Sarela de Sar (Santiago de Compostela).

Os apelidos Aldir e Tielas son un patrimonio onomástico único que a veciñanza de Covelo pode e debe transmitir aos seus fillos e fillas coma o que é: un tesouro intanxible en risco de desaparición.

*Dúas nenas apoiadas no cruceiro do santuario de Baldomar nunha imaxe de mediados do século pasado*



## Condados

En Santa Mariña de Covelo e outras parroquias próximas, a voz condado (lat. comitātus) dá nome, ademais de a unha dignidade honorífica ou a unha “circunscrición territorial baixo a xurisdición dun conde” (en definición do DRAG), a unha pequena horta situada xunto a outras do mesmo tamaño que pertencen a varios propietarios; todas elas, polo xeral, sitúanse próximas ás casas nun lugar ben irrigado. O profesor Rivas Quintas xa rexistrou esta voz en 1978<sup>98</sup> e definiuna como “cuadros en que se divide una finca de cultivo para sembrarla, divisiones con distintos cultivos”.

97- El monasterio de Santa María da Franqueira afora a Alonso de Tielas y su mujer Teresa da Fonte ciertas heredades. 1511. Cód. Ref: ES.28079.AHN/3.1.3.11.14//CLERO-SECULAR\_REGULAR,Car.1781,N.9.

98- Frampas, contribución al diccionario gallego, CEME, Salamanca







É posible que a cativeza destes cadros (de entre 6 e 8 metros cadrados maiormente), que noutros lugares reciben o nome de chousas ou cortiñas, teña unha relación humorística coa que deu nome á división administrativa que estivo en vigor na nosa comarca durante o Antigo Réxime.

A resposta número 7 do CME refírese a estas hortas como “tierras de horttaliza”.



*Escalinata e aliviadoiro que dá acceso á levada que rega os condados de Cima de Vila*

### Ocultación de mozos

En 1838 a Deputación Provincial<sup>99</sup> “acordó comisionar al presidente del ayuntamiento de Pontearreas para que proceda a recibir la justificación que ofrece María Juan Outerelo, Miguel Outerelo y otros vecinos de la parroquia de Santa Mariña de Covelo, ayuntamiento del mismo nombre, en averiguación de la ocultación en el actual sorteo del mozo Gerónimo González, sobrino del Regidor Miguel González, mediante a que el diputado Caballero, a quien se comisionó, en sesión de 19 del actual, manifiesta no haber podido evacuar el encargo, por no haberle contestado el alcalde de Covelo y abad de Santa Mariña a los oficios que le ha dirigido al efecto”.

Durante a Primeira Guerra Carlista (1833-1840), o amiguismo e o trato de favor permitían eximir do cumprimento das obrigas militares a determinados mozos con influencias nos gobernos municipais. Tal e como estudou Rivilla Marugán (2014:162-63), naquela altura as deputacións provinciais velaban polo respecto á legalidade e podían recibir denuncias de posibles fraudes por parte de concellos e particulares.

<sup>99</sup>- Acta de sesión ordinaria celebrada o 28.05.1838. Arquivo da Deputación de Pontevedra



## Santa Misión

En 1878 o Boletín Eclesiástico del Obispado de Tuy<sup>100</sup> informa dos “frutos de la Misión” na parroquia de Santa Mariña de Covelo. A ela acudiron a predicar os xesuítas “Rade-maker y Leza” “como punto céntrico para la idem Santiago, Paraños, Lamosa y Prado de Canda” e incluso repetiron fieis de Barcia de Mera, Sabaxáns, Casteláns e Lougares que xa acudiran a escoitar a prédica dos padres citados. En carta pública dirixida ao bispo, os xesuítas aseguran que teñen sido “copiosísimos los frutos que ha producido la santa Misión. Sin contar las reconciliaciones entre muchas personas que había tiempo que al encontrarse tan siqueira se saludaban, puedo asegurar a V.S.I. que pasan de dos mil almas las que en las tres comuniones generales de niños, mujeres y hombres, que tuvieron lugar en la iglesia de la indicada de Sta. Marina, despues de haberse purificado de las manchas del pecado en el tribunal santo de la Penitencia, se acercaron a fortalecerse y alimentarse con el verdadero Pan de vida”. Na súa xeira envanxelizadora, os reverendos padres misioneiros estiveron “incansables en el cumplimiento de sus deberes, solícitos y bondadosos, elocuentes y animados de un fervor altamente religioso, ora en el púlpito, ora en el confesionario, ya en sus recepciones domésticas, ya en todos los actos de su vida ejemplar”. De aí que, na despedida dos relixiosos “los fieles prorrumiesen en amargas lágrimas, espresando entre sollozos y suspiros el sentimiento de que se hallaban poseídos al ver que se acercaba el momento de partir los venerables apóstoles de la verdad evangélica”.

## Crise agrícola

En 1888<sup>101</sup> Cosme Fernández Soler publica en El Faro de Vigo unha “Memoria sobre la crisis agrícola de esta provincia y medios para remediarla”, premiada con accésit nunha convocatoria que non se dá a coñecer. Neste traballo, o autor sinala que na provincia de Pontevedra “hay además otras porciones de regular cultivo, tales como las que aparecen en las campiñas de Puenteareas, el Porriño, Mondariz, Caldas, Puenteacaldelas y aún Barcia de Mera, Baldomar y otras de los pueblos rurales del interior, mientras en una no pequeña parte de los partidos judiciales de Lalin, Estrada, Puenteacaldelas y Cañiza, véñse grandes planicies, cerros y montañas desnudos ó envueltos en ese ropón de la vegetación expontánea, elevándose algunos de ellos á 200, 600 y aún más metros sobre el nivel del mar, y ostentando solo tojo ó argoma, urce, carrasco y otros arbustos de limitada producción”.

100- Número 491.

101- 08.11.1888.



*Membros dunha familia sentados nas gradas do cruceiro do adro de Baldomar a mediados do s.XX*

## Unha treboada

La Voz de Galicia de 1902<sup>102</sup>, dá conta dun infrecuente trebón que afectou de forma notable á nosa parroquia durante o mes de xullo. “Se presentó un nublado tan denso, que por espacio do 15 minutos quedó tan oscuro que en la calle, á las diez de la mañana, y á una distancia de 10 metros, no se distinguía una persona, y en el interior de las casas se hacía precisa luz artificial para poder leer ó escribir. Cerca de las once estalló una tormenta formidable de truenos y granizo que duró de 15 á 20 minutos, alcanzando las piedras en algunas parroquias un espesor de 10 centímetros. Algunas pesaban 55 gramos, dejando los campos totalmente arrasados. La tormenta principió á descargar sobre las parroquias de Franqueira, Canda, Paraños, Lamosa, Santa Marina de Covelo, Castelanes, Barciademera, Piñeiro y Maceira”.

## Fogueteiros, obreiros e labradores

No ano 1904 temos noticia da existencia dun artesanía pirotécnico en Baldomar, o sr. Braz. Unha noticia publicada no Faro de Vigo<sup>103</sup> dá conta da celebración da festa do Corpus na parroquia de Barcia de Mera, que “costeó la señora doña María Roza Rodríguez (Garrido)” (...) “amenizó la Banda de Música de Mondariz y se quemó profusamente fuego

102- 12.07.1902.

103- 07.06.1904





artificial” do que foi encargado o citado fogueteiro.

No ano 1905 a prensa comarcal<sup>104</sup> faise eco da celebración dun acto fúnebre na nosa parroquia “con motivo de la celebración del aniversario de la fundación obrera”. O reverendo Antonio Muíños, do convento dos franciscanos de Canedo, ofreceu un discurso no que manifestou que “era una necesidad la asociación de las clases agrícolas e industriales para defenderse de los ataques del caciquismo”. Na celebración relixiosa estiveron tamén presentes as comisións das sociedades de Barcia de Mera, A Graña e Santiago de Covelo. Ao remate da misa celebrouse un banquete de 150 obreiros que incluíu unha serie de discursos políticos. Neste xantar de confraternidade, ao que tamén asistiron os párrocos da Lamosa e Santiago de Covelo, o médico don Constantino Álvarez Rubiños e os mestres da parroquia de Santa Mariña, un dos brindis foi realizado polo párroco Joaquín Álvarez Rubiños. Dous anos antes, en 1903, este mesmo cura promovera a fundición da campá meirande do santuario de Baldomar. O outro sino data de 1847.”



*Imaxe de mediados do s.XX da casa na que viviu o médico Constantino Álvarez Rubiños tomada desde o adro do santuario de Baldomar*

Nese mesmo ano de 1905<sup>105</sup> temos noticia da existencia da Sociedade de Agricultores e Industriales de Santa Mariña, que procuraba a redención dos foros que agulloaban aos labradores de Galicia. Unha comisión desta asociación, xunto coas de Barcia de Mera, Covelo e A Graña, asistiu á fundación da sociedade de San Salvador de Maceira. “Terminada la sesión se celebró un banquete de 32 cubiertos en casa de D. José Iglesias, durante el cual reinó la mas fraternal animación”.

104- Noticiero de Vigo; número 5362 de 1905

105- Faro de Vigo do 16.04.1905





## Maltrato familiar

La Correspondencia Gallega dá conta en 1906<sup>106</sup> do maltrato do que foi obxecto “la anciana Ramona Vázquez” por parte dun sobriño seu. O médico facultativo afirmou que a “contusión había tardado máis de cuatro días en curar sobreviniendo unha enfermidade que impediu á la paciente dedicarse al trabajo habitual por máis de nueve días”, o que non impediu que o xuíz municipal absolverse “al tal matón autor de la salvajada”. A anciá, que residía na nosa parroquia, apelou ao xuíz de instrucción da Caniza.

En 1907<sup>107</sup> volvemos ter noticia da existencia dun médico vivindo en Baldomar. Trátase de Constantino Álvarez Rubiños, irmán do cura D. Joaquín, que tamén atende aos doentes da parroquia de Barcia de Mera.

## De cornetada

“Una monumental cencerrada” tivo lugar na nosa parroquia en 1909 contra doña María Josefa Lamosa Otero. “A tal grado llegó la excitación popular que fué imponente la guardia civil para contenerla en los primeros días”, informaba La Correspondencia Gallega<sup>108</sup>. Outra cornetada (a veciñanza que participaba tamén empregaba cornos, chocallos, cinzarros e outros instrumentos para burlarse con nocturnidade dos amantes furtivos) foi obxecto dunha denuncia por parte da Garda Civil da Lamosa “contra otros vecinos de Santa Marina (Covelo)”.

## Párrocos

En 1903, El Correo de Galicia<sup>109</sup> informa que “ha fallecido en la parroquia de Santa Marina de Covelo, Tuy, el joven D. Leoncio Álvarez Sánchez, hijo del médico D. Constantino Álvarez Rubiños y sobrino del Sr. Abad de aquella parroquia”.

Dez anos despois, en 1913 o Noticiero de Vigo<sup>110</sup> dá conta da morte deste mesmo párroco, Joaquín A. Rubiños, “después de larga y penosísima dolencia sufrida con edificante resignación cristiana”. “Era el finado, por la afabilidad de su carácter, por su ciencia y su virtud, sumamente querido y respetado en aquella comarca, razón por la cual su entierro y funerales fueron una grandiosa manifestación de profundo duelo”.

106- Número 4976

107- Faro de Vigo do 04.06.1907

108- Número 5696

109- El Diario de Galicia do 21.08.1903

110- Número 11561





Nese mesmo ano, no Faro de Vigo<sup>111</sup> lemos que “está vacante el beneficio curado de Santa Marina de Covelo, y con tal motivo publica el Boletín Oficial de este obispado un edicto invitando a cuantos tengan derecho ó acción ó la presentación de dicho beneficio, para que concurran a exponerlo dentro del cuatrimestre canónico, por medio de procurador con poder”.

Case setenta anos máis tarde, no ano 1981<sup>112</sup>, La Voz de Galicia informa que “Daniel Vázquez, ecónomo de la parroquia de Covelo, Daniel Vázquez Losada, ha sido nombrado ecónomo y encargado de Santa Marina de Covelo, nombramiento que fue hecho por el obispo de la diócesis y que sale publicado en el último número del boletín del obispado de la diócesis. Este nombramiento fue muy polémico ya que el pueblo se opuso a su designación”.



*Unha parella de noivos o día do seu casamento, acompañados dos seus pais e nais, nunha imaxe de mediados do s.XX*

111- 27.11.1913

112- La Voz de Galicia do 07.07.1981





## Saúde pública e control de prezos

O Faro de Vigo de 1925<sup>113</sup> informa que na feira de Mondariz “el domingo último, y en circunstancia que se hallaba en el mercado, la mujer de Baldomar (Cobelo), Atilana Antón, vendiendo carne de cerdo, y apesar que lo hacía lo más disimuladamente posible, fuéronle decomisados por los empleados municipales cuatro kilos de dicha carne en completo estado de descomposición.

Dado cuenta de ello al señor alcalde, éste ordenó la cremación de la carne y una multa, a la desaprensiva vendedora”.

En 1941, a mesma veciña de Baldomar que fora noticia en 1925, volve ao mesmo xornal<sup>114</sup> “por compra de centeno a precio abusivo”. A Fiscalía Provincial de Tasas decidiu imporlle unha multa de 2.000 pesetas. Nese mesmo día, a mesma fiscalía fixo pública outra multa, esta de 1.000 pesetas, a Filomena Alonso Antón, “por compra de centeno a precio abusivo”.



*Interior dunha taberna  
a mediados do s.XX*

113- 29.10.1925

114- Faro de Vigo do 20.07.1941





## Un lisboano

Do ano 1810 data unha ficha<sup>115</sup> de Ignacio Beltrán Avión, un emigrante natural de Santa Mariña de Covelo, residente na cidade portuguesa do Porto.

No ano 1933 a Gaceta de Madrid<sup>116</sup> dá publicidade á morte en Lisboa de, entre outros, “Prudencio González Vidal de cuarenta y dos años de edad casado comerciante natural de Santa Marina de Covelo Pontevedra”. Tal e como xa vimos na parroquia de Barcia de Mera co exemplo de Agapito Serra, a capital lusa acolleu durante séculos a centos de galegos, en particular da comarca do Condado e A Paradanta, que emigraron a Portugal na procura dunha vida mellor.



*Excursión de naturais de Baldomar e Covelo á festa do Libramento da Lamosa en 1924. Foto Sarabia<sup>117</sup>*

## Quiosco de música

El Eco del Condado dá conta en 1929<sup>118</sup> dunha iniciativa promovida desde Setubal (Portugal) para “erigir un kiosco para la música en el atrio de la iglesia de Santa Mariña.

115- O documento forma parte do arquivo da Xunta Superior de Subsidios, Armamento e Defensa do Reino de Galicia.

116- Núm 76 do 17.03.1933

117- Faro de Vigo do 27.09.1924

118- El Eco del Condado do 10.02.1929







Esta innovación se hacía imprescindible” xa que “siempre que las fiestas lo requieran, se improvisaba un kiosco con unas tablas de madera que resultaba antiestético, caro y ordinario”. Para superar a situación, unha “comisión de festejos acordó terminar de una vez con tal estado anómalo de cosas, levantando por suscripción popular un Kiosco fijo, definitivo, que sirva no solo para la música, sino de ornamentación y mejora al pueblo”. A comisión agardaba obter os fondos entre os emigrantes da parroquia en “Oporto, Lisboa y Setubal”, xa que “queremos hacer grande, culta, civilizada, progresiva” a parroquia de Sta Mariña, dotada dunha grande “belleza panorámica” e pola “poesía melancólica de sus cielos y horizontes y más que nada, por que en su cariñoso regazo yacen los restos de nuestros queridos antepasados”, conclúe o redactor, Lorenzo Martínez Bouza.



*O adro do santuario de Baldomar o 3 de maio de 1931, festividade da Santa Cruz*

### Por matar un can

No ano 1936 lemos en La Voz de Galicia<sup>119</sup> que se “instruyó un atestado en la parroquia de Santa Marina de Covelo contra don José Rodríguez Méndez, de 46 años, al que se acusa de haber dado muerte a un perro propiedad del portero del Ayuntamiento. Este perro andaba suelto y sin bozal, infringiendo reiteradas y severas disposiciones del Gobernador civil”.

<sup>119</sup>- La Voz de Galicia do 10.07.1936.





## Un paseo

Tamén en 1936, pero o 22 de setembro, isto é, despois do golpe militar contra o goberno democrático da República, aparece asasinado en Santa Mariña de Covelo o ex-garda civil<sup>120</sup> e funcionario mondarizán Celso Collazo Álvarez<sup>121</sup>. Collazo era oficial 1º do Concello de Mondariz e a súa morte debeuse a unha “emorragia y destrucción de la masa encefálica”, o que equivale a dicir un disparo na cabeza. Segundo Amoedo López (2010:163), dez días antes fora nomeado alcalde de Covelo polos sublevados Alfredo Piñeiro Lorenzo, que estaría no cargo ata o 1 de decembro de 1940. Quen foi o autor daquel asasinato?. O profesor, historiador e antropólogo Paulo Jablonski<sup>122</sup>, que estudou a política local mondarizá entre 1936 e 2003, danos algunhas pistas: “Localizar a quienes pasearon resulta dificultoso. El modo de actuar de los falangistas era normalmente asesinar fuera de la comarca o municipio al cual pertenecieran (...) Una vez asesinadas, las cuadrillas falangistas avisaban a la sección local que se hacía cargo de los cadáveres”.

Ademais de funcionario municipal, Celso Collazo Álvarez exerceu como correspondente local do Faro de Vigo durante varios anos<sup>123</sup>, e formaba parte do “Consejo Local de Primera Enseñanza” en calidade de “vocal padre de familia<sup>124</sup>”. No Concello de Mondariz, onde gañou por oposición unha praza de oficial en 1926, exercía de recadador de determinados impostos<sup>125</sup> e tiña simpatía política pola República –aínda que non era esquerdista nin revolucionario<sup>126</sup>– e pola causa agrarista, xa que o correspondente de El Tea<sup>127</sup> refírese a el como “nuestro amigo”. Nese mesmo medio de comunicación publicou

120- Faro de Vigo do 25.11.1934.

121- O seu nome figura na web vitimas.nomesevoces.net, dedicada á memoria histórica, foi creada e é xestionada polas universidades de Santiago, A Coruña e Vigo.

122- El favor, el voto y la red. Análisis del cambio y la permanencia en los hábitos de clientelismo político en un municipio gallego (1936-2003). Tesina inédita. Universitat Autònoma de Barcelona.

123- Cando menos entre o 18.06.1932 e o 25.06.1936.

124- La Voz de Galicia do 23.12.1933. O seu fillo, Celso Collazo Lema (1921-2014), estudou a primaria en Mondariz e o bacharelato no Instituto de Pontevedra. Traballou como xornalista para periódicos como La Noche, ABC ou Pueblo, e foi correspondente da Axencia Efe en Moscova, Londres e Washington (cubriu unha xira por Europa do presidente norteamericano Jimmy Carter en 1980, que lle concedeu unha entrevista en exclusiva). Os seus documentos e a súa biblioteca persoais foron doadas á Biblioteca de Galicia.

125- El Pueblo Gallego do 06.04.1929.

126- No ano 1935 achega 5 pesetas á suscripción nacional iniciada polo goberno da República “para premiar el buen comportamiento de las fuerzas de orden público y Ejército con motivo de la última intentona revolucionaria” (Faro de Vigo do 02.03.1935) en referencia á Revolución de 1934 ou folga xeral revolucionaria que tiveron lugar en Cataluña e Asturias entre o 5 e o 19 de outubro de 1934 e que organizaron o PSOE, a UGT o PCE e as organizacións anarquistas CNT e FAI.

127- El Tea 13.07.1926.





distintos artigos en favor da autonomía de Galicia<sup>128</sup>, da reforma agraria e da mellora no tratamento fiscal que recibían os labradores galegos<sup>129</sup>.

### Roubos, incendios e multas

Nese mesmo ano de 1936, xusto un mes despois do golpe militar franquista, El Pueblo Gallego<sup>130</sup> faise eco dun roubo do que foi obxecto o ecónomo<sup>131</sup> da nosa parroquia, ao que lle foi substraído “un título de la Deuda amortizable 4%” do ano 1928. O comandante delegado militar en Hacienda pon en coñecemento dos “bancos y demás entidades bancarias” (sic) “a fin de que sean retenidos los referidos títulos y adoptadas las medidas conducentes para que sean detenidos los presentadores de los referidos títulos, presentándolos a la Autoridad militar.”



*A estrada das Óseas nunha imaxe de outubro de 1961. A casa situada á esquerda da estrada xa non existe*

O Faro de 1962<sup>132</sup> informa doutro roubo que tivo lugar en Baldomar: “Le llevaron 5.000 pesetas. Una vecina de Santa Marina de Covelo, puso en conocimiento de la Guardia Civil de aquella demarcación, que de su casa del barrio de Baldomar, le llevaron 5.000 pesetas que guardaba entre la lana de una almohada, en el fondo de un baúl”.

128- “En pro de la AUTONOMÍA”; artigo publicado en El Tea o 04.06.1936 e “Camino de la autonomía”, artigo publicado en El Tea o 24.06.1936.

129- Hay que preocuparse del agro”; artigo publicado en El Tea o 04.05.1936; “El hambre y la miseria en el agro”; artigo publicado en El Tea o 24.05.1936.

130-18.08.1936.

131- Nome que recibe o relixioso que administra os bens da igrexa.

132- 17.11.1962.





A estrada das Óseas nunha imaxe de outubro de 1961. A casa situada á esquerda da estrada xa non existe

En 1972<sup>133</sup>, unha nova vítima “de Baldomar, José Castro Castro, denunció a la Guardia Civil que en una tienda de su propiedad le han sido robadas 5.000 pesetas que guardaba en el cajón del mostrador, desconociendo quien pudiera ser el autor del hecho, al que trata de localizar la Benemérita”.

Os atracadores Elías Rubiano Martínez e Cándido Ribera foron axuizados na Caniza en 1908<sup>134</sup> por unha serie de roubos cometidos no distrito, entre eles no lugar de Baldomar. A crónica xornalística sinala que “el procesado Elias, menor de 18 años y reincidente, se presentó á las siete de la noche del día 3 de Septiembre de 1907, en el establecimiento de doña Ignacia Fernández, vecina de Santa María de Baldomar (sic), pidiendo un vaso de vino; y al ir ésta á servírselo, sustrajo con ánimo de lucro, de un cajón, setenta pesetas en plata, que no pudieron recuperarse.

Este procesado escaló (sic) en otra ocasión la misma casa, apoderándose de 75 pesetas.

Otro día, el Elias, acompañado de Cándido Rivera, que quedó espionando la llegada de personas extrañas, penetró con escalamiento en la referida casa haciéndose dueño de 170 pesetas en billetes y plata, que se repartieron amigablemente”.

La Voz de Galicia de 1976<sup>135</sup>, faise eco dun “robo sacrílego” realizado na igrexa parroquial de Santa Mariña. “El autor o autores del hecho, para penetrar en el templo, hicieron, en la puerta trasera de la iglesia un agujero de un metro de altura por 50 centímetros de ancho”.

“Un incendio en el monte comunal Aldir de la parroquia de Santa Marina de Covelo” tivo lugar “hacia las doce de la noche del pasado día 25”, informa El Pueblo Gallego no ano 1937<sup>136</sup> “A pesar de los esfuerzos que hicieron los vecinos de las parroquias circundantes, no pudo evitarse se propagase a los montes Urquidos, Regueiro da Forcada, Veigas de Avilleira, Laxiños de Agua e Chan de Paros, este último del término de Maceira. Se extinguió el día 29 y ardieron unos ocho kilómetros cuadrados, dedicados a tojo, y se causaron daños en el tendido eléctrico”.

133 Faro de Vigo do 23.11.1972.

134- Faro de Vigo do 11.10.1908.

135- 11.02.1976.

136- 02.09.1937



En 1939<sup>137</sup> a prensa da área de Vigo informa que “se ha multado con 500 pesetas a Rosendo Outerelo González” de Santa Mariña de Covelo “por escándalo y actos inmorales”, sen incluír máis detalles. A “Secretaría de Orden Público” era a responsable da instrución do expediente.

## Patacas

O xornal El Pueblo Gallego publica en 1943<sup>138</sup> un anuncio polo que o Sindicato de Productores de Semillas vai distribuír os pedidos de patacas de semente que fixeron unha serie de parroquias dos concellos de Salvaterra de Miño e Covelo, entre elas a de Santa Mariña. Os deste último concello estaban depositados no almacén de Manuel Aldecoa, en Vigo.

## Desde Buenos Aires

No Faro de Vigo de 1958<sup>139</sup> dase conta do retorno de emigrantes da parroquia na Arxentina que volven a Santa Mariña para pasar unhas vacacións: “Procedentes de Buenos Aires, donde residen hace muchos anos, llegaron don Emiliano Vázquez Pérez y don Dámaso González Antón, que pasarán una temporada de descanso al lado de sus familiares, en Baldomar”.



*Un grupo de mulleres  
diante da Casa do  
Médico, nas Óseas,  
nunha imaxe  
do primeiro  
terzo do s. XX*

137- El Pueblo Gallego do 12.10.1939.

138- 25.02.1943

139- 28.06.1958





## Deslinde parroquial

No ano 1967 o mesmo xornal<sup>140</sup> informa dun novo deslinde entre Santa Mariña de Covelo e Paraños: “La Jefatura del Distrito Forestal hace público que, acordada por la Superioridad la práctica del deslinde total del monte “Medela”, número 253 del Catálogo de Utilidad Pública de esta provincia, de la pertenencia de la parroquia de Paraños, se señaló el día 21 de julio próximo, a las nueve de la mañana, para el comienzo de las operaciones de apeo, que serán efectuadas por el ingeniero de Montes, don Pedro Arbolí Albarracín, comenzando en el punto conocido por “Tanque de Baldomar”.

## Chega o teléfono

A chegada o teléfono a Santa Mariña de Covelo ten lugar en 1979, segundo informa o Faro de Vigo<sup>141</sup>. A crónica do “xornalista”, que non agocha as súas simpatías persoais, informa que “en el Ayuntamiento de Covelo, donde la pasividad fue marcando pauta a lo largo de muchos años, se nota ahora gran movimiento como preparación a las próximas elecciones municipales. La gente en los bares, casas de comidas, y tertulias, habla tan solo de las municipales; de todas las opciones que las nuevas instituciones democráticas nos ofrecen y que dan a conocer un extenso programa en el que se puede destacar un aprovechamiento forestal-agrícola-ganadero, reparación de todas las pistas y caminos vecinales con su correspondiente asfaltado, alumbrado público e instalación de teléfonos en todas las parroquias del municipio; se comenzaron a realizar varias en Corzos, Prado de Canda, Lamosa, Carballeda, La Peneda, Pereiras, Vilanova y Costa en Castelanos y teléfono en Baldomar, bajo el mandato de nuestro buen amigo y dinámico alcalde José Costa Díaz. Esperamos con todo optimismo que volverá a ser proclamado y así podrá terminar todo lo comenzado, para el bien de los pueblos rurales. Por ello todos debemos tomar conciencia.

Necesitamos personas activas como el Sr. Costa, que no se paran ante nada, y capaces de resolver esa gran cantidad de problemas.”

## Festa en San Amaro

O decano da prensa estatal faciase eco en 1980<sup>142</sup> da recuperación da festa de San Amaro en Pazos. “El pasado domingo, a las doce del mediodía hubo una misa en la capilla de Pazos, con motivo de la colocación de la bandera anunciadora de los festejos que el lugar dedica a la festividad de San Amaro.

140-Faro de Vigo do 09.04.1967.

141-11.03.1979.

142- Faro de Vigo do 15.01.1980



*Grupo de veciños nunha celebración nunha imaxe de mediados do s. XX*

Otros actos organizados para los próximos días son éstos: el 15, día del santo, misa a las doce y a las cinco de la tarde. El día 20, a las doce, misa con sermón y desfile procesional por el itinerario de costumbre, a las cuatro de la tarde, partido de fútbol entre los equipos Deportivo Baldomar y Deportivo Covelo, en disputa del trofeo donado por el Ayuntamiento, a las cinco de la tarde, romería amenizada por el conjunto «Los Celestes». Durante los festejos funcionará un equipo de megafonía y lucirá una espléndida iluminación, a cargo de una conocida casa de Porriño.

La armonía que la naturaleza ha dispuesto en el paisaje que se divisa desde el mirador de Fontefría convierte al Ayuntamiento de Covelo, con sus catorce parroquias y 116 lugares, en uno de los municipios más atractivos de Galicia. Entre las bellezas paisajísticas destaca por méritos propios el lugar de Pazos, perteneciente a la parroquia de Santa Marina y situado en la ladera del cerro Aldir, de 500 metros de altitud, haciendo de frontera entre la niebla y el aire puro de la sierra, donde finaliza el valle del Tielas y comienza el del Tea.


La capilla fue recientemente restaurada por los vecinos y el éxito cercano de la fiesta de San Benito –que no se celebraba desde hace más de cuarenta años, con la colaboración de las Cajas de Ahorros y «El Corte Inglés», así como la Delegación de Deportes y el concejal vigués Nieto Figueroa– animan a vaticinar el éxito de esta romería de San Mauro, que cuenta con numerosos devotos en el entorno.”





## Gallego

O Faro de Vigo de 1987<sup>143</sup> faise eco do inicio da rodaxe da película “Gallego”, dirixida polo cineasta cubano Octavio Gómez. As primeiras secuencias do filme rodáronse “en Pías el Castro de Troña, mirador al valle de A Hermida, y con Sancho Gracia -Félix- en escena. Luego, parajes próximos, como Baldomar (Covelo), el puente romano de Cernadela (Mondariz) y alrededores, A Guardia, Vigo... Dos semanas por estas tierras, con sesenta personas en el equipo. Luego, a Madrid y a Cuba (...) Ferrándiz, Paco Rabal; Fiorella Faltoyano, Manuel Galiana, Álvaro de Luna... llegaron ayer. Con ellos, con Sancho, al primer golpe de claqueta, allá en Troña, el vigués Cándido Pazos. En Guixar «embarcará» el protagonista cuando contaba 16 años”.



*Cartel promocional da película Gallego. En Baldomar foron rodadas algunhas das súas secuencias*

143- 01.03.1987



## 2-PATRIMONIO TOPONÍMICO

### 2.1. Os nomes de lugar

Segundo Ferro Ruibal (1992:365-366) o haxiónimo ou nome de santo Mariña, que dá nome á nosa parroquia, deriva do “nome latino Marinus / Marina, que puidera ser derivado de Marius, ou proceder do adxectivo latino marinus, -a, um «mariño», «quen vén do mar», «que vive no mar». Na Idade Media era un nome feminino moi frecuente”

A lenda da santa, recollida no Nobiliario do conde de Barcelos do s.XIV, foi transcrita así polo mesmo autor (op.cit): “os nobres galegos de apelido Mariño eran fillos de Mariña, unha serea que o conde don Froilán capturou na beira do mar e, prendado da súa beleza, tomou por esposa. Púxolle Mariña de nome porque viñera do mar; tiveron un fillo pero a moza era muda e por iso non podía aloumiña-lo fillo coa súa fala de nai. A noite das cacharelas de san Xoán, no medio da xolda popular, o conde arrincoulle á nai o neno dos brazos e fixo ademán de o guindar no lume; arrepiada, a nai berrou con espanto: “¡Fillo!”, expulsou pola boca un anaco de carne, e desde entón falou. Unha interpretación racionalista desta fábula fala dunha muller garrida que o conde Froilán salvara dun naufraxio, que durante algún tempo estivera sen voz por cousa do accidente. Este é o motivo polo que a familia dos Mariños galegos teñen no seu escudo unha serea sobre tres ondas.”

A imaxe que atopamos no fornelo da fachada principal da igrexa parroquial representa a santa vestida cun manto e cunha palma martirial que sostén coa man esquerda. Baixo os seus pés, un dragón, que encarna as forzas do mal, ao que vence, como heroína, ao igual que San Xurxo, por exemplo<sup>144</sup>.

A condición de mártir de Santa Mariña cómpre buscala na lenda de Santa Mariña de Augasantas (Allariz), quizais a máis popular de toda Galicia. Segundo Ferro Ruibal (op. cit), Mariña “nacera en Xinzo da Limia durante o império de Adriano. O seu pai, Theudio,

144- Para saber máis sobre a historia da santa e a súa vinculación con Galicia ver “Mariña: de deusa a santa”, de Rafael Quintía. Editorial Galaxia. 2017.



era sacerdote pagán e gobernador da comarca; quedou axiña orfa de nai e o pai deuna a criar a unha ama de cría labrega de Piheira de Arcos, preto de Xinzo, que non só a criou senón que a formou na doutrina cristiá. Bautizouse cando se fixo rapaciña, feito que irritou a seu pai, que, para non lle pór un castigo maior, decidiu ignorala, deixándoa na aldea coma se xa non fora filla súa. Ela seguiu vivindo na aldea como unha labrega máis. Desta época son moitos dos milagres que se lle atribúen, intimamente relacionados coa natureza (o dos paxaros, que entran voluntariamente nun curral cuberto mentres ela vai á misa; o do centenario carballo de Augasantas onde ela fiaba, etc.). Sendo xa unha mociña de 15 anos, viuna o prefecto romano Olibrio e namorouse dela. Como Mariña non lle correspondía nos amores, o romano mandouna prender e someteuna a un inacabable martirio (esgazouna con peites de ferro pero curou milagrosamente; botouna atada de pés e mans nunha pía, pero desatáronse as ligaduras; botouna tamén no interior dun forno aceso pero sacouna san Pedro). Por fin, a decapitación acabou coa súa vida.”



*Imaxe de Santa Mariña na fachada do templo parroquial*





Outra versión sinala que o culto a Santa Mariña procede, en realidade, de Antioquía, en concreto do século VII. O mesmo académico (op. cit) sinala que “Santa Mariña de Antioquía, segundo a Lenda dourada, sería filla única dun pai que, viúvo, vestiu á filla de monxe para que poidese entrar nun convento masculino. Tomou o nome de Irmán Mariño. Unha rapaza embarazada acusou a este frade de se-lo pai da criatura que esperaba. O «irmán Mariño» cargou coa culpa, aceptando as súas consecuencias. Ata a súa morte os monxes non descubriron a identidade verdadeira de Mariña”.

Na iconografía canónica da santa galega, esta “aparece como rapaciña nova vestida con túnica e manto (propio das virxes); atributos: un forno aceso (onde disque a meteron), tres nacentes (polo milagre); como se confunde con santa Margarida de Pisidia tamén pode levar unha cruz na man, un dragón fantástico baixo os pés e un libro na man (este, un simple recurso dos artistas). A de Antioquía, que na meirande parte dos casos coincide con esta iconografía, tamén se representa vestida de monxe e cun meniño ós pés”, apunta Ferro Ruibal (op. cit).

O Nomenclátor de Galicia (en diante NG), fixa en 15 os lugares habitados con nome propio situados en Santa Mariña de Covelo, aínda que son máis, un total de 31, os que teñen nome de seu. A etimoloxía de todos eles é a que segue:

### Baldomar

Para Ares Vázquez (2013:779) “probablemente foi unha «villa in villa», é dicir, a vila dun posuidor persoal, chamado Baldemarus ou Valdemarus, que tería un casal propio e convivía con outros de nome diferente no mesmo lugar”. Os primeiros investigadores en estudar este topónimo foron os xermanistas Piel e Kremer (1976:96). Nun documento do Tumbo de León do ano 927<sup>145</sup> cítase a unha testemuña de nome Valdemarus e noutro de 959, que menciona o historiador López Ferreiro<sup>146</sup>, aparece referido o mesmo antropónimo en xenitivo: Baldemari.

En 1752 a parroquia aparece no CME co nome de “Santa Mariña de Baldomar”.

O Baldomar de Santa Mariña de Covelo figura como núcleo no NG, pero non no INE. En

145- Colección documental del Archivo de la Catedral de León (775-1230), León, Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro» (CSIC-CECEL); Caja de Ahorros y Monte de Piedad; Archivo Histórico Diocesano, 1987-2002, 7 vols. [Fuentes y estudios de historia leonesa, 41-47] [Vol. 1, Emilio Sáez [Sánchez], 775-952, 1987; Vol. 2, Emilio Sáez [Sánchez] e Carlos Sáez [Sánchez], 953-985, 1990; Vol. 3, José Manuel Ruiz Asencio, 986-1031, 1987].

146- Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, [Imp. y Enc. del Seminario Conciliar Central], 1899-1910, 11 vols. [Vol. 2, 1899; Vol. 3, 1900; Vol. 4, 1901; Vol. 5, 1902; Vol. 6, 1903; Vol. 7, 1904]





calquera caso é unha nomeada histórica que inclúe os lugares das Barreiras, Cacharri-  
zo, Os Cacheiros, Cima de Vila, O Coto do Lazo, A Nogueira, As Óseas, A Porteliña, A  
Roteña, Santa Cruz e O Toumilo.

Secasí, este topónimo nada ten que ver coa etimoloxía popular –sen base científica  
algunha– que converte este nome de posesor de orixe xermánica nun falso orónimo:  
“Val do Mar”.



*Casa tradicional con patín e  
alzado penal capiado en Santa  
Cruz, Baldomar*

## Barreiras, As

Trátase dun substantivo derivado das voces barro + o sufixo abundancial feminino –eira,  
que, segundo o Dicionario da Real Academia Galega (en diante DRAG), designa un lu-  
gar no que se extrae barro ou ben un terreo arxiloso ideal para obter barro, xa fose para  
a olaría ou para a construción de casas. Segundo o NG, en Galicia existen vinte e cinco  
lugares habitados con este nome e centos de topónimos menores que aluden a lugares  
barrentos que conteñen barro e auga.

O substantivo barro ten orixe na voz latina *baru*, segundo I. Estraviz, ou no precéltico  
barro“lama”.

## Barreiro, O

Ao igual que As Barreiras, estamos diante dun substantivo derivado da voz barro + o  
sufixo abundancial masculino –eiro. O Barreiro é un lugar habitado da nosa freguesía, ba-  
rrento e húmido, formado por sete casas tradicionais, entre elas a Casa da Guímara<sup>147</sup>.  
No pasado, por exemplo no Dicionario de Madoz do ano 1846, este topónimo serviu

147- Guímara é o nome dunha localidade que pertence ao municipio de Peranzanes (León).







para identificar un conxunto de lugares, en concreto os do Galeón, Os Muleiros, O Outeiro, O Requeixo e Riba da Bouza.

## Cabo, O

Ausente do NG, O Cabo é un pequeno lugar constituído por media ducia de casas tradicionais que está englobado no núcleo de Pazos. Segundo o DRAG o cabo é a “parte final” e sinónimo de extremo, o que casa ben coa localización do lugar que nos ocupa, situado no límite de Pazos, en concreto no seu extremo suroeste, lindante xa co monte. Xa que logo, estamos diante dun topónimo de posición relativa.

A voz cabo (lat. caput, cabeza) está presente en 74 lugares de Galicia en diferentes formas: Cabo de Vila, Aquelcabo, Castro do Cabo, A Vila do Cabo, etc...

No lugar do Cabo érguese, maxestosa, a Sobreira do Cabo<sup>148</sup>, un corticeiro dun porte extraordinario que prende xusto á beira da casa de Flora do Cabo e que constitúe un dos máis prezados monumentos naturais da parroquia.



*Portalón monumental cunha cruz flanqueada por dúas ameas da Casa de Adoración do Cabo*

148- Coord. 42.23819, -8.37284.



## Cacharrizo

Cacharrizo nomea a un pequeno lugar localizado ao sueste das Óseas. Trátase dun topónimo único no ámbito de Galicia, xa que non dá nome a ningún outro lugar habitado no noso país.

Pensamos que esta nomeada nada ten que ver co substantivo cacharro, unha voz que Corominas (1984:725) cre que deriva do substantivo cacho (lat. \*Caccūlus), e en galego é sinónimo de anaco e pedazo, aquela “parte que resulta da división doutra maior”, segundo o DRAG.

Rivas Quintas (1982:250) cita o verbo latino *cappelare*, co significado de “cortar, dividir”, que podería estar na raíz de palabras como cacharela e, quizais tamén, de cacharrizo. O verbo cachar, “preparar (un terreo inculto, xeralmente un monte) para cultivalo”, segundo o DRAG, podería explicar mellor o noso chamadeiro. De estarmos no certo, o sufixo –izo podería denotar semellanza, afección ou “calidade de”, ao igual que outras voces como enfermizo (propenso a enfermarse), asustadizo (fácil de asustar) ou fronteirizo (propio da fronteira).

O CME de 1752 inclúe os nomes de Juan Martínez de Cacharizo e de Marcos Martínez Cacharrizo (obsérvase a alternancia de R/RR), así como o de Joseph Vázquez Cacharrizeyro, que deberon ser naturais deste lugar.

## Cacheiros, Os

Esta nomeada está ausente do NG, un erro que debería ser corrixido. Sinónimo de cacho, como adxectivo designa a un animal ou planta “que se envolve sobre si mesmo”, na definición que ofrece o DRAG. A Academia tamén recolle a acepción de cacheiro como “porco semental”, polo que, no pasado, algún dos residentes neste lugar puido ser propietario dun verrón que prestara os seus servizos, previo pagamento ao seu propietario, ás porcas doutros veciños da parroquia.

Alonso Estraviz<sup>149</sup> tamén define cacheiro como un substantivo co valor de “moca” ou “pau grosso”. Tamén como adxectivo, isto é, propio do que “se esconde ou oculta”.

En Galicia existen tres lugares co mesmo nome nos concellos de Mazaricos e Oroso (A Coruña) e Vilalba (Lugo). No referido aos apelidos, máis de 767 concidadáns teñen como apelido Cacheiro. En 1752 Juan Martínez Cacheyro era un dos tratantes de la da parroquia de Santa Mariña de Covelo.

149- Estraviz.org



## Carbón, O

Lugar habitado subsumido no de Pazos conformado por catro casas tradicionais e dúas máis de construción recente. O NG inclúe o núcleo do Carbón da parroquia de Atios (O Porriño), pero non o de Santa Mariña de Covelo.

Segundo o DRAG o carbón é a “substancia negra, sólida e combustible, constituída por vexetais fósiles ou que resulta de queimar madeira de modo incompleto”. Antano, o carbón vexetal ocupaba o tempo dos carboeiros, “el que hace o vende carbón”, en palabras de Eladio Rodríguez (1958-1961), un oficio que deu nome a 22 lugares habitados de toda Galicia segundo o NG.

O carbón vexetal era un produto “que o propio carboeiro pon á venda normalmente mediante o seu transporte con cabalerías, tendo como mellores clientes ós ferreiros”, sinala Gómez Buxán (2007:352). Moitos dos arrieiros do século XVIII<sup>150</sup> residentes no suroeste de Galicia figuran no Catastro do Marqués de la Ensenada especializados no transporte de carbón. Xa que logo, este lugar de Pazos, que estrema co monte polo Norte, ben puido terse dedicado no pasado a queimar madeira para producir carbón vexetal en pozos carboeiros.



*Casa tradicional con  
escaleira exterior  
de dous tramos e  
corredor no lugar  
do Carbón*

150- O Catastro do Marqués de la Ensenada informa que o 14,4% dos homes con oficio de Santa Mariña de Covelo eran arrieiros, se ben non concreta que mercadorías transportaban. Noutras freguesías, caso da de Santiago de Antas (A Lama) por exemplo, si se especifica a especialización arrieira de cada “traficante”: carbón, sal ou viño (González Lopo; 2008:362).





## Cima de Vila

As voces latinas *cyma*, “parte máis alta dun terreo elevado” segundo o DRAG, e *villa*, “entidade de poboación máis pequena ca a cidade e máis grande ca a aldea”, están na orixe deste nome deste núcleo de poboación situado a 350 m de altura, no centro dun conxunto de pequenos lugares próximos entre si: O Coto do Lazo, A Roteña, O Toumilo, Os Cacheiros, A Nogueira, As Óseas e Santa Cruz.

En Galicia existen un total de 66 lugares habitados que reciben o mesmo nome, segundo o NG. Trátase dun topónimo de posición relativa.



*A Feixa das Cebolas ou Pía de Cima de Vila*

## Chan da Cega, A

Este chamadeiro, que non está recollido no NG, dá nome a un pequeno núcleo habitado do lugar de Pazos. Situado nunha chan natural, está formado por tres casas tradicionais coñecidas cos nomes da Casa da Chula, Casa da Cega e Casa da Chan, o que nos permite deducir que, en orixe, estamos diante dun orónimo –unha chan (lat. planus)–, isto é, un nome de lugar motivado pola orografía.

Con posterioridade, no lugar da Chan puido habitar unha muller privada do sentido da vista –unha cega (lat. caecus)–, o que daría lugar a un cambio de denominación que permitía diferenciar esa chan doutra deshabitada moi próxima, coñecida como A Chan







de Pazos, situada a 200 m ao Norte do núcleo que nos ocupa.



*Vista aérea da Chan de Pazos, que limita co núcleo da Chan da Cega*

### Coto do Lazo, O

Este lugar habitado, situado a 330 m. de altura, está conformado por apenas catro casas. É un topónimo composto polas voces coto (prerromano \*cottu), no sentido de elevación ou parte máis alta dun monte, e lazo (lat. \*laceu), que o DRAG define como a “atadura cunha soa volta ou asa en arco, que se desfai facilmente ao tirar dun dos cabos”, pero tamén como a “trampa que consiste nun arame, cordel etc., cun lazo corredío nun extremo, onde queda preso o animal.”

O carácter excéntrico do Coto do Lazo, situado ao Oeste de Cima de Vila e á marxe dos lugares habitados máis antropizados de Santa Mariña de Covelo (A Santa Cruz, A Roteña) fai verosímil que, noutrora, nesta pequena elevación se instalase un lazo co ánimo de cazar animais salvaxes (xabarís, raposos, etc.) que ameazaban a cría de animais domésticos (galiñas, ovellas...) por parte da veciñanza.

Lazo é o nome dun lugar habitado de Camelle (Camariñas, A Coruña) e, co artigo O diante, tamén dunhas terras de labor situadas na parroquia de Oirán (Mondoñedo, Lugo).







*O Coto do Lazo, coroado por un monumental carballo, visto desde o sur*

## Galeón, O

Ausente do NG, este topónimo dá nome a un lugar habitado formado por media ducia de casas tradicionais. Segundo o DRAG o galeón é un “barco de moita manga e pouco puntal, utilizado nas Rías Baixas para o transporte de mercadorías e de persoas”. Esta definición nada ten a ver de forma estrita coa súa presenza no interior de Galicia, aínda que si podería estar relacionada de forma metafórica coa forma do terreo, como acontece con outros vocábulos referidos a embarcacións presentes na toponimia do interior: O Barco, A Barca, Dornelas, etc.

A nosa parroquia formaba parte do camiño de orixe medieval que unía Redondela coa Caniza e O Ribeiro, isto é, dunha das “rutas del pescado”, en expresión de Ferreira Priegue (1988:95), que atravesaba a Ponte de Cernadela (Mondariz) e que tamén documenta o mapa do Bispado de Tui de Rosendo Amoedo 1766. Por todo isto é posible que o topónimo O Galeón teña algo que ver co comercio de peixe con orixe naquela vila mariñeira. Unha pegada deste antigo camiño neste núcleo de poboación é unha casa de postas (evidenciada por unha xanela-mostrador, con peitoril e tornachuvias, no piso baixo) que se levanta no lugar.



O topónimo O Galeón foi documentado, ademais de en Santa Mariña de Covelo, no concello da Pastoriza<sup>151</sup> (no interior de Lugo) e tamén no litoral, en concreto no concello de Baiona<sup>152</sup> (Pontevedra).

O CME cita o arrieiro Antonio Vazquez Galion, que debeu ser natural deste lugar.



*Xanela-mostrador con peitoril e tornachuvias na planta baixa dunha casa do Galeón*

## Gorgullón, O

O lugar do Gorgullón, que algúns veciños alteran por disimilación como Gorguillón, é un pequeno lugar formado por dous pares de vivendas tradicionais englobado dentro da aldea de Pazos.

Ausente do NG, este topónimo explícase pola existencia da Fonte do Barro, que se atopa á beira deste mesmo camiño. A súa etimoloxía deriva do verbo gorgullar, que segundo Rivas Quintas (1982:124) podería proceder do latín gurgulione, utilizado en sentido figurado: “auga que expulsa a terra á superficie”. Efectivamente, no lugar do Gorgullón localízase a Fonte do Barro, un coñecido manancial situado á beira do Camiño do Sal-

151- Aquí dá nome a unhas terras de labor.

152- Onde dá nome a un camiño.







gueirón. Xa que logo, O Gorgullón sería un nome de lugar que deriva dun manancial ou masa de auga.

No ano 1685, un preito que enfronta aos veciños de Baldomar co capitán Juan Fernández Santa Cruz (vide supra), cita como promotor, entre outros, a Domingos Fernández Gorgullo.



*Fonte e poza  
do Barro,  
situado no  
lugar do  
Gorgullón*

## Mangón, O

Esta é unha nomeada única en toda Galicia. Si se documentaron en GN, ata hoxe, dúas paraxes con esta mesma nomeada nos concellos de Barreiros (Lugo) e San Amaro (Ourense). Posiblemente está emparentado con Mangón a voz Mangoño, nome dun núcleo habitado do concello de Oza-Cesuras (A Coruña).

A nosa voz podería ser diminutivo do substantivo manga (lat. manīca), unha voz utilizada para designar “los salientes rectangulares de fincas o prados” (Riesco Chueca; 2014:192), que teñen sido comparados desde antigo “a una manga que sobresale del cuerpo principal”. Efectivamente, tanto en castelán (Mangada, Mangajo, Remangas...) coma en galego (A Mangadiña, As Mangas, A Mangada...) son varios os topónimos deri-



vados de manga, entendida de forma metafórica como sinónimo de enseada ou “tierras entradizas y salientes” e incluso como “prados secundarios, tributarios de un prado principal” (op. cit).



*Imaxe de San Antón ou San Antonio abade –cun porco aos seus pés e portando nas mans un caxato e unha campá– sobre un tellado do Mangón*

Manga utilízase tamén como sinónimo de brete ou embude, que en toponimia designa, con frecuencia, a un lugar de paso estreito que é utilizado polas persoas ou mesmo para enfilear o gando. Esta opción compadécese ben co rueiro tradicional do Mangón<sup>153</sup> e tamén coa orografía inmediata a este núcleo, moi accidentada e abrupta a causa do cavorco que escava o río de Pazos, que flúe polo noroeste da aldea<sup>154</sup> e que só se pode atravesar na Ponte Lagoa.

Afastada da nosa hipótese, Mangón aparece no DRAG como sinónimo de mangante, “que é pouco amigo de traballar e que pasa o máis do tempo sen facer nada”. O Voca-

153- Un preito de 1756 fala da “calle del Mangon”.

154- O Mangón do concello de Barreiros, situado na parroquia de Celeiro de Mariñaos, tamén se localización á beira dun río, xusto á beira dunha ponte que permite salvar este accidente natural.





bulario popular galego-castelán de 1926 asegura que mangón é sinónimo de “grandillón. El que anda de la ceca para la meca”<sup>155</sup>.

## Meixoeiro, O

Ausente do NG no que toca á freguesía de Santa Mariña, O Meixoeiro dá nome a catro lugares habitados de Galicia, os máis próximos a nós, os situados en Cabral (Vigo) e Mourentán (Arbo). En rigor, este lugar é atravesado por unha liña divisoria que separa as parroquias de Santiago e Santa Mariña de Covelo, en concreto polo Eido de Pilar, aínda que nas proximidades tamén se sitúa o Marco do Gancedo<sup>156</sup>, que se cita como fito divisorio entre ambas parroquias en 1752 e 1850 (vide supra).

A etimoloxía deste chamadeiro, que foi estudada por J. M. Piel (1953:31-32), deriva do latín mansione, mansionare, referindo o “lugar onde se xunta e recolle o gando”, se ben tamén pode funcionar como abundancial de meixón (cría da anguía) dada a súa proximidade ao Regato de Pazos, que transcorre tan só a uns 50 m liñais ao Oeste do núcleo que nos ocupa.

Un apeo realizado en 1756 entre as parroquias de Santiago e Santa Mariña (vide supra) cita a un veciño deste lugar: Juan Fortes del Meijueiro.

## Muleiros, Os

Excluído do NG, Os Muleiros identifica a unha parte da aldea ou barrio do Barreiro, en concreto á que se sitúa a maior altura e con maior pendente. Os Muleiros non dá nome a ningún outro lugar habitado en toda Galicia, aínda que GN<sup>157</sup> recolle este substantivo como nome dunha fonte<sup>158</sup> e dunhas terras de labor<sup>159</sup>, ambas as dúas situadas nunha pendente considerable.

Estamos diante da unión do substantivo mula (lat. mulus) + eiro, que identifica ao fillo do burro e égua, pero tamén á persoa forte e vigorosa. En galego, os únicos dicionarios que inclúen a voz muleiro son os de Eladio Rodríguez (1958-1961) “pertenciente o relativo

155- Esta definición casa ben coa acepción que a Academia Española ofrece para este substantivo en 1843: “revendedor”. Corominas (1984:811) recorda que en alemán antigo mangón é sinónimo de “traficar”, pero que en portugués é sinónimo de “mangoneiro” (preguiceiro).

156- Na documentación aparece grafado tamén como Cancedo ou Gancedo. Na actualidade non se chega ata el por causa da espesura da vexetación.

157- Consulta realizada o 04.03.2022.

158- Carballedo (Lugo).

159- Ramirás (Ourense).





a las mulas o mulos”, “mozo de mulas” ou “mulatero, el que alquila mulas”; e o de Franco Grande (1972).

Xa que logo, o topónimo Os Muleiros podería ter a súa orixe nun alcume familiar ou na profesión dos seus habitantes, aínda que nós pensamos que a notable pendente na que se asenta este núcleo pode explicar mellor o noso chamadeiro en concordancia cos exemplos de Carballedo e Ramirás que citamos. Tecnicamente estaríamos diante dun orónimo.

### Nogueira, A

Está ausente do NG, xa que a veciñanza do lugar desapareceu durante un tempo prolongado, aínda que non as casas tradicionais que o conforman (A Casa de Adoración, O Eido dos Reitores...). A nogueira (*Juglans regia*) é, segundo o DRAG, “unha árbore de grande altura e madeira moi apreciada (...) que ten por froito a noz”. En Galicia dá nome a 76 lugares habitados. A voz procede do latín \*nucaria, que á súa vez deriva de nuce.

Xa que logo, estaríamos diante dun fitotopónimo.

### Óseas, As


Ningún outro núcleo habitado de Galicia leva este nome e, no conxunto de España, só existe o pequeno núcleo aragonés de Osia<sup>160</sup> (Jaca-Huesca). De atérmonos á literalidade do chamadeiro galego, este podería referirse á acepción que ofrece o DRAG: “que é de óso ou está constituído por ósos”, o que podería aludir a un antigo cemiterio, quizais o lugar que acolleu a antiga igrexa medieval da parroquia. Neste sentido Ávila y la Cueva (op. cit) sinala que no lugar que hoxe se levanta o santuario de Santa Cruz había “otra muy antigua qe ya había en el sitio, á principios del siglo 18”. A voz óso procede do latín vulgar *ossum*. Con todo, esta opción etimolóxica culta semella pouco probable para o noso topónimo.

Outra posibilidade, esta máis verosímil, é que Óseas derive dun haxiónimo (un nome propio relativo a un santo) e proceda dunha deturpación do nome do profeta Oseas (en hebreo Hosea: Yahvé salva), o primeiro dos doce profetas menores dos que fala a Biblia xunto con Xoel, Amos, Abdías, Xonás, Miqueas, Nahum, Habacuc, Sofonías, Hageo, Zacarías e Malaquías. Oseas, que puido ser o titular da capela á que se refire Ávila y la

<sup>160</sup>- Contaba cun total de 17 habitantes en 2021, segundo o INE. Osia conta cunha igrexa románica do século XII, o que permite deducir unha posible orixe medieval para este topónimo.



Cueva, casou coa prostituta Gomer a petición de Deus, o que a teoloxía interpreta como un xesto de sometemento á súa vontade.



"Croquis del lugar de Osias". Fonte: Caderno de Campo do Catastro. Ano 1919

Neste sentido, no ano 1886 documéntase no concello de Manzaneda (Ourense) a parroquia de Santa Eulalia de Oseos<sup>161</sup>, aínda que hoxe non conserva ese nome. Distintas fontes<sup>162</sup> informan que antano se dedicaba o día catro de xullo, entre outros<sup>163</sup>, ao santo e profeta Oseas<sup>164</sup>.

Oseas, xunto a Malaquíás, aparece representado no Pórtico do Paraíso da Catedral de Ourense, construído no primeiro terzo do s. XIII e estudado, entre outros, por Conde Cid (2012:77).

O feito de que As Óseas leve artigo feminino plural podería contradicir a orixe nun antropónimo masculino singular, aínda que é posible que conteña omitido o substantivo "casas".

161- Boletín oficial de la provincia de La Coruña, nº 80. 4 de outubro de 1886; pax. 3

162- Almanaque Gallego de 1895 ou El Compostelano do 4 de xullo de 1923.

163- Tamén ao profeta Hageo, o bispo Laureano; Jucundiano, Inocencio, Sebastián, o bispo-martir Teodoro, B. Gaspar Bono e o bispo Valentín Berrio Ochoa.

164- Segundo Carmona Muela (1998:53) este profeta, é autor dunha profecía mesiánica destacable (Os 11,1 e 13,14) na que "veía la victoria de Cristo sobre la muerte", un argumento ou leitmotiv protagónico dentro do santuario de Baldomar, visible no estandarte que sae do corno anunciador que porta na súa man esquerda (na dereita leva unha cruz en forma de caxato) o anxo que preside a porta do nártice do templo: SURGITE MORTVI (érguete morto).



O antropónimo latino Ausia, derivado de Oseas, aparece documentado en Galicia nun diploma do ano 871 da diocese de Mondoñedo<sup>165</sup>, e un documento de 1642<sup>166</sup> cita a un individuo denominado Osias Crespi.

Oseas / Osías tamén aparece como nome<sup>167</sup> ou apelido<sup>168</sup> de diferentes varóns durante o século XX. Ausias March Ripoll (1397-1459), o grande poeta valenciano, tamén leva por nome a variante latina do nome do profeta Oseas.

O CME (expediente de comprobación) de 1761 cita a Dominga Conde Osías, Francisco da Bouza Osias e a Juan Conde Osias, que deberon vivir neste núcleo de poboación. Cento sesenta e sete anos máis tarde, en 1919, o Caderno de Campo do Catastro di que



*Gando vacún  
pastando no  
Campo do Outeiro,  
a carón do núcleo  
do mesmo nome*

165- Reigosa, Francisco: “Interesante diploma del siglo IX, perteneciente a la Diócesis Mindoniense, sobre la Basílica de San Martín de Belesar, dedicada también a Santiago Apóstol y a Santa María”, Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo, V, nº 40, (1953), pp. 260–263.

166- Archivo da Coroa de Aragón. ACA, Consejo de Aragón, Legaxos, 0723, nº 011.

167- Ficha de afiliado de Osias Castillo. Centro Documental de la Memoria Histórica. PS-Barcelona, 465,2,2597 / Ficha de Oseas Iglesias Vares. Centro Documental de la Memoria Histórica. Signatura: DNSD-SECRETARÍA, FICHEIRO, 32, I0017496.

168- Ficha de Juan José Oseas; Centro Documental de la Memoria Histórica. Signatura: DNSD-SECRETARÍA, FICHEIRO, 34, J0026405.





o nome do noso lugar é “Osias”.

## Outeiro, O

Incluído do NG, aínda que sen artigo, o DRAG define outeiro como unha “pequena elevación de terreo illada e de pouca extensión”. O padre Sarmiento (1746-1770) apunta que a súa etimoloxía deriva “del latín altus, altare, altarium; se dijo en los instrumentos de apeos: “ et per illud autarium “, y “ et per illum auterium “ (...). De ahí el castellano otero y oter, y el outeiro gallego”. O Outeiro de Santa Mariña é un lugar habitado formado por seis casas (unha delas, a Casa da Señora María, en ruínas) construídas na ladeira Leste dunha elevación situada a 343 m. de altura que domina o río do Souto. Trátase pois dun orónimo, un nome de lugar xeográfico motivado polo seu relevo.

## Pazos

Sabemos que nin Santa Mariña de Covelo nin o concello de Covelo acollen pazo (lat. palatium) ningún no lugar que coñecemos como Pazos. O mesmo acontece noutras parroquias que contan con núcleos homónimos, caso de Barcia de Mera, onde o NG sitúa o lugar do Pazo. O filólogo J. José Moralejo (2005: 219-237) propuxo asociar os abondosos “pazos” que agroman na toponimia de Galicia (298 deles habitados, segundo o NG) a curros de pastores, xa que “hai Pazos, Pacios e Palacios de máis como para os reducir todos ó latín e ó significado tardío, e tamén máis frecuente” que temos nos pazos



*Corte rupestre  
construída baixo  
un penedo natural,  
no lugar de Pazos*





señoriais que coñecemos. Outra posibilidade sería que este e outros Pazos de Galicia tivesen como base o antropónimo latino Palatius.

Nun apeo pertencente ao arquivo do mosteiro da Nosa Señora da Franqueira de 1632<sup>169</sup> cítase, entre outros, o “lugar de Paços”.

O núcleo de Pazos está conformado por unha serie de barrios ou lugares de menor entidade que non aparecen rexistrados no NG nin no INE. Trátase do Cabo, O Carbón, A Chan da Cega, O Gorgullón, Pedra Pombeira, A Roteña, O San Amaro e O Sesteiro.

### **Pedra Pombeira**

Ausente do NG, esta nomeada é unha das sete que identifican a unha parte da aldea de Pazos. Conformada por media decena de casas tradicionais, Pedra Pombeira sitúase a medio camiño entre O Gorgullón e O San Amaro. En Galicia é un topónimo único para un lugar habitado, segundo o Nomenclátor.

O topónimo está formado polas voces pedra (lat. *petra*) e pombeira (pomba + eira), un chamadeiro composto que tampouco ten paralelo en ningunha parte do noso país como nome de paraxe. O adxectivo pombeira, abundancial de pomba (lat. *palumba*), fai referencia á súa localización en altura, unha posición relativa respecto dos lugares habitados cos que limita.

Esta localización é a mesma que explica o nome dos lugares habitados de Pombeiras en San Lourenzo de Oliveira (Ponteareas) e tamén das Pombeiras, en Almofrei (Cerdedo-Cotobade), ambos os dous situados nunha cota elevada respecto dos núcleos habitados próximos.

Tecnicamente estaríamos diante dun litónimo, isto é, do nome dunha formación rochosa.

### **Piñoi**

Este topónimo deriva do nome persoal xermánico Piniolus, “antropónimo diminutivo de Pinius, derivado de *Pinus* «pino», árbore e nome persoal” escribe Ares Vázquez (2013:1062) facéndose eco dun artigo publicado polo xermanista Piel<sup>170</sup> en 1975. O antropónimo Piniolus (Pinioli en xenitivo, que derivaría na forma Piñoi) ten unha ampla presenza na documentación medieval, onde atopamos case un cento de referencias

169- Apeos de Salvatierra. Tomo 1. CLERO-SECULAR\_REGULAR,L.10046”

170- Revista Verba nº 2. Santiago de Compostela. Pax. 55.






datables entre os anos 849 e 1163<sup>171</sup>. O NG unicamente recolle a existencia en Galicia de cinco entidades humanas ou lugares co nome de Piñoi, aínda que existen moitos máis dando nome a paraxes.

No documento de 1685 ao que xa aludimos (Los vecinos de Baldomar contra el capitán Juan Fernández Santa Cruz, sobre comunes) cítase, entre outros, o “lugar de Piñoi”.

*Debuxo da casa de Constantino Castro, no lugar de Piñoi. Fonte: Caderno de Campo do Catastro. Ano 1919*



## Porteliña, A

Diminutivo de portela, que o DRAG define como “paso estreito entre montañas”, en sentido lato cabe interpretar este substantivo como un orónimo que designa calquera lugar do territorio habilitado naturalmente para o paso de persoas e animais.



*Antiga casa con forno no lugar da Porteliña*

171- Fonte Codolga. Consulta realizada o 12.01.2022.





Este nome de lugar non aparece no NG, o que se debería corrixir. A Porteliña, un orónimo ou nome que fai referencia ás cualidades orográficas do terreo, dá nome a unha entidade humana de Santa Mariña de Covelo formada por unha decena de casas.

En Galicia existen, segundo o proxecto GN, 208 topónimos homónimos dando nome a entidades humanas e terras de labor.

### Requeixo, O

Ausente do NG, este lugar está conformado por menos de media ducia de casas tradicionais, as máis delas abandonadas e esborralladas. O Requeixo é un dos seis lugares habitados que conforma a aldea ou barrio do Barreiro.

Requeixo, un orónimo claro, dá nome a 45 lugares habitados en toda Galicia, segundo o NG, algúns deles próximos a Covelo (As Neves, Ponteaeas, etc). Ausente do DRAG, o Vocabulario popular galego-castelán publicado en 1926<sup>172</sup> foi o primeiro en definilo como un “terreno que termina en cuesta o bajada para entrar en una llanura”, o que casa ben coa orografía do noso lugar, que ten forma de relanzo.

### Riba da Bouza

Excluído do NG, este lugar está conformado por apenas catro casas tradicionais, unha delas en ruínas. O chamadeiro está formado polo adverbio “riba” (lat. ripa), no sentido de “parte alta, cima de” e o substantivo “bouza” (lat. baltea), un “terreo inculto poboado de mato, como toxos, xestas, uces etc” segundo o DRAG. En 1852, o historiador Ávila y la Cueva (op.cit) subsume baixo o topónimo Riba da Bouza os lugares do Barreiro, O Galeón, O Souto e O Outeiro.

Nas proximidades de Riba da Bouza, a uns 110 m ao nordés, sitúase a paraxe coñecida como O Porto da Bouza, sen dúbida relacionado co núcleo que nos ocupa.

### Roteña, A

Este nome de lugar non aparece no NG, que si inclúe A Arroteña, un núcleo de poboación da parroquia veciña de Casteláns. En Santa Mariña de Covelo, A Roteña dá nome a dous lugares habitados, un composto por media ducia de casas en Baldomar, e outromáis pequeno, formado por unha única casa con varias construcións adxectivas no

172- X. Filgueira Valverde, L. Tobío Fernandes, A. Magariños Negreira e X. Cordal Carús (1926): Vocabulario popular galego-castelán (publicado por entregas en El Pueblo Gallego).




núcleo de Pazos, onde tamén existe unha fonte homónima.

Rivas Quintas (1988) sinala que “por Pontevedra, rotea” significa “terreo roturado para cultivar”. Xa que logo, a voz rotea / roteña tería base no verbo latino *rūptiare*, “derivado de RUMPERE, «romper» (participio de RUPTUS)”, precisa Corominas (1984:78).

O NG recolle un total de 21 lugares habitados baixo o nome A Rotea (co artigo separado do substantivo) ou Arrotea (co artigo unido), a meirande parte deles na provincia de Pontevedra, efectivamente.

En 1752 o Catastro do Marqués de la Ensenada informa que Domingo Gomes arrotteña era “tratante de sardinas y pescado” en Santa Mariña de Baldomar. O apelido Rotea, do que procede Roteña, é claramente toponímico, e está en perigo de extinción, xa que o levan pouco máis de 70 galegos e galegas residentes no suroeste do noso país.



*A Roteña de Baldomar nun plano catastral datado en 1919. Fonte: Caderno de Campo do Catastro*

## Santa Cruz

Na documentación medieval aparece baixo a forma “Sancta Cruz” desde o ano 914<sup>173</sup> referida a varios lugares homónimos de Galicia. O NG recolle a súa existencia como núcleo independente de Santa Mariña de Covelo, paradoxalmente separado daquel no que

<sup>173</sup> - Sáez Sánchez, Carlos; González de la Peña, María del Val, La Coruña, fondo antigo (788-1065), [Alcalá de Henares], Universidad de Alcalá - Servicio de Publicaciones, 2003-2004, 2 vols., [Galicia, 3-4].







se levanta o Santuario da Santa Cruz, situado nas Óseas, cuxa festividade se celebra o día 3 de maio, coincidindo coa sementeira dos agros.



*O Cano, no lugar de Santa Cruz, por onde pasaba a levada que regaba as Veigas do Chan (sic)*

O historiador Ávila y la Cueva (op. cit) sinala que en Santa Cruz “Hay (...) ermita muy principal y de gran devoción con títulos de Sta Cruz, ó mas bien Nuestra Señora al pie de la Cruz, cuya se reedificó á cementis, y diosela mucha mas capacidad y tamaño del que tenia otra muy antigua qe ya había en el sitio, á principios del siglo 18, concluyendose la obra en el año de 1721”.

No rreiro principal<sup>174</sup>, ao pé dunha encrucillada, localízase unha cruz alta que tamén podería estar relacionada co noso topónimo, que a veciñanza utiliza sen artigo.

<sup>174</sup>- Coordenadas 42.22264, -8.38064.





## San Amaro, O

O único San Amaro que recolle o NG en Covelo é o que dá nome ao principal núcleo de Barcia de Mera. Para Ferro Ruibal (1992:118) trátase dun “santo galego de nome celta (...) co significado de inmortal, inmorredoiro. (...) Ten moita devoción en Galicia e é moi avogoso, especialmente da dor de cabeza e mais da reuma.(...) Polo san Amaro acábaselles ós rapaces o tempo de xogaren ós trompos, que empezara co San Martiño. Lembrámo-la peza teatral O San Amaro de Varela Buxán e o poema O bendito San Amaro<sup>175</sup> de Ramón Cabanillas”.

San Amaro, que non figura no calendario litúrxico oficial, si está presente no refraneiro galego que dá conta da súa celebración popular a mediados do mes de xaneiro: San Amaro é amigo da neve; Polo Santo Amaro andan os trompos polo tellado; polo San Martiño, trompos ao camiño, e polo Santo Amaro, trompos ao tellado.

Este nome, que na nosa parroquia aparece como unha parte da aldea de Pazos, ten unha presenza residual no nomenclátor de Galicia<sup>176</sup>.

## Sesteiro, O

O que fora mestre e xeógrafo José Valverde (Aldrey Vázquez e Río Franqueira, 2018:373), que exerceu o maxisterio na parroquia covelense de Maceira, ofrécenos unha precisa descrición dos sesteiros:

*“En la estación estival, el vacuno de la alta cuenca y el valle medio es conducido al Suído, donde pasa la temporada. Durante las horas de más calor, el ganado abandona los jugosos pastos de las hondonadas, huyendo del ataque de los insectos, y busca el fresco del sesteiro (de sestear). Todos los cerros del Suído están ocupados por sesteiros, obra conjunta de la naturaleza y el hombre. Cada lugar cuida y utiliza el suyo. Los pacíficos animales escalan, pese a su peso y aparente torpeza, las rocas más elevadas para gozar de la brisa.”*

Nesta mesma tese insiste Ballesteros Arias (2004:36): “os sesteiros son aqueles lugares onde repousa o gando, nas zonas altas e frescas da serra, nos cotos. Normalmente estes espacios están acoutados no seu perímetro por un valo no que se integran os abundantes afloramentos graníticos. Cada chozo tiña o seu sesteiro demarcando, deste

175- Este libro, ilustrado con debuxos de Castelao, foi impreso no balneario de Mondariz en 1925.

176- Consta un único núcleo de poboación, situado en Boiro (A Coruña).





xeito, a súa propia área de pastoreo”.

O lugar do Sesteiro é un pequeno núcleo habitado do núcleo de Pazos formado por catro vivendas, dúas delas tradicionais, que limita cunha importante zona dedicada a pastos coñecida como Xila. Boa proba do que dicimos é que, na actualidade, o pasteiro ao que facemos referencia está ocupado por unha pequena granxa de gando vacún situado nunha cota do terreo inferior ao do lugar que ocupan as vivendas.



*Casa tradicional  
rehabilitada no lugar  
do Sesteiro, en Pazos*

## Souto, O

Segundo o DRAG un souto (lat. saltus) é un “terreo poboado de castiñeiros”. O NG recolle un total de 278 lugares habitados en toda Galicia que inclúen o substantivo souto. Tal e como sinala Navaza Blanco (2006:513) “a enorme importancia que tivo a castaña na alimentación dos nosos devanceiros explica a abundantísima presenza do tema souto na toponimia de Galicia”. Na documentación medieval, sobre todo nos contratos entre señores e vasallos, aparece decote a voz souto (castelanizada frecuentemente como soto) dando nome a terreos arrendados poboados de castiñeiros, castañeiros ou castiros.

O Souto de Santa Mariña de Covelo é un pequeno lugar formado por media ducia de casas tradicionais, divididas pola estrada PO-261, que limita coa parroquia de Santiago de Covelo, dando lugar ao Souto de Arriba e O Souto de Abaixo. O Souto dá nome tamén a un río e unha ponte de rasante chan que fai de límite físico entre Santiago e Santa Mariña.







## Toumilo, O

Trátase dun nome de lugar único en Galicia, segundo o NG. O proxecto Galicia Nomeada<sup>177</sup> tampouco recolle ningunha equivalencia na toponimia menor do noso país. O que si recolle o NG é a voz Toimil (lat. Teodomiri / Todemiri) un antropónimo presente nos concellos de Begonte, Lalín, Paradela e Xove que estudou Ares Vázquez (2011:196) e parece estar na xénese do noso topónimo. Xa que logo, O Toumilo podería ser un antropónimo ou nome de posesor xermánico declinado en xenitivo. Esta hipótese está reforzada pola cita de Ávila y la Cueva (op.cit) que escribe “Toumil<sup>178</sup>” e non “Toumilo”, así como a existencia dunha poza tradicional neste mesmo núcleo que recibe o nome de Puza de Toumil<sup>179</sup>; a maiores, as terras de labor inmediatas a este núcleo habitado reciben o esclarecedor nome de Os Toumiliños.

Juan Fernández de Toumil foi un dos veciños que, en 1685, encabezou o preito (vide supra) que mantiveron os “vecinos de Valdomar, jurisdicción de Sobroso, contra el capitán Juan Fernández Santa Cruz, sobre comunes”.



*A veciñanza mostra con orgullo as nomeadas populares do seu lugar*

177- Consulta do 12.01.2022.

178- O lugar do Toumilo unicamente figura baixo a forma Toumil na Geografía General de Galicia de Álvarez Limeses (1936:509).


179- Coordenadas 42.22637, -8.38313





## 2.2. A modo de resumo

Como conclusión, o traballo de recuperación da toponimia tradicional de Santa Mariña de Covelo permitiu documentar: 31 núcleos de poboación ou lugares habitados, 19 hidrónimos, 79 nomes de camiños, 118 bens culturais, 102 nomes de casas e eidos, 5 monumentos naturais e 388 paraxes, o que fai un total de 742 nomeadas ou chamadeiras populares.







## 3.- PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

O obxectivo deste capítulo é glosar o máis destacado do patrimonio arqueolóxico de Santa Mariña de Covelo, desde o Neolítico (4500-2500 a.C) á Idade Media (s. V-XV), pasando pola Idade do Bronce (2500-800 a.C), a Idade do Ferro (s. 800-0 a.C) e a Romanización (ano 0-s. V).

### 3.1 A mámoas

A primeira paisaxe monumental de Galicia data do neolítico, un período da nosa prehistoria que se fixa entre o 4500 e o 2500 antes da nosa era. Durante ese período aparece a arquitectura permanente pensada para a morte en forma de túmulos, dolmens ou mámoas que serviron para dar sepultura colectiva aos membros dos clans de seres humanos sedentarios que habitaron, entre outros lugares, o noroeste da península Ibérica. A arquitectura da morte dos habitantes do neolítico, que se levantou nunha sucesión de escenarios ben comunicados, deprimidos e elevados, pero todos eles tendentes á planicie, pretendeu monumentalizar a paisaxe. É o caso das dúas mámoas que se coñecen ata o de agora na parroquia de Santa Mariña de Covelo.

Valverde Álvarez en 1957<sup>180</sup>, Filgueira Valverde en 1959<sup>181</sup> e este mesmo autor, xunto coa García Alén en 1977<sup>182</sup>, foron os primeiros investigadores en inventariar a riqueza dolménica do concello de Covelo, en particular, da parroquia de Santa Mariña. Os achados desta mesa cronoloxía abranguen tamén ás parroquias veciñas, como testemuñou D. Ramón Otero Pedrayo (1979:560): “No partido xudicial da Cañiza, auntamento de Covelo, acháronse un dolmen e unha mámoa en San Mamede da Graña, outras en Santiago de Covelo, dúas en San Salvador de Maceira e unha cista en Fontefría”.

180- El Museo de Pontevedra; Tomo XI. Apuntes para una Carta Arqueológica de los Valles del Tea. Pontevedra. 1957.

181- El Museo de Pontevedra; Tomo XIII. Adiciones a la carta arqueológica de la provincia de Pontevedra. Pontevedra. 1959.

182- El Museo de Pontevedra; Tomo XI. Inventario de monumentos megalíticos: catalogación arqueológica y artística. Pontevedra. 1977.



## Mámoa da Chan de Pazos

O da Chan de Pazos é un dos túmulos megalíticos identificados en Santa Mariña de Co-velo. Foi catalogado no ano 1992 polos arqueólogos Alfonsín Soliño, Caramés Moreira e Abad Vidal, que destacan as dimensións da tumulación nos eixes Norte-Sur (15 m) e Leste-Oeste (18 m). Ambos os tres destacan que o cono de violación era inapreciable hai agora tres décadas “polo aplanado que sufriu polas máquinas. A altura do túmulo é de 1,50 m e posúe coiraza de pedras de pequeno tamaño.”



*Aspecto da mámoa da Chan de Pazos, rozada e delimitada en 2019*

## Mámoa da Chan da Cega

As arqueólogas Amado Rolán e Puertas Rodríguez descubriron no ano 1999 este “túmulo de forma elíptica con cono de violación no seu sector Oeste”, aínda que non apreciaron pedras soltas na masa tumular. As dimensións desta mámoa no eixe Norte-Sur é de 9 m por 20 m no eixe Leste-Oeste; a súa altura máxima é de 1,5 m e o diámetro do cono de violación alcanza os 2 m.

## 3.2 Os gravados rupestres

Un total de cinco petróglifos ou gravados rupestres foron documentados ata o de agora na nosa parroquia. Sitúanse nas proximidades das mámoas que vimos de describir, aínda que a súa datación non sería equivalente, senón posterior no tempo, entre o 2500 e o 800 a.C. Os motivos representados en tres deles son, exclusivamente, coviñas de pequeno e mediano tamaño, xa for de forma hemiesférica ou ovalada.

No caso dos dous gravados restantes son os motivos xeométricos –círculos, semicírculos e cadrados– os deseños que toman o relevo das cazoletas; algúns deles vincúlanse entre si mediante liñas.







*Arriba, un dos petróglifos da Chan de Pazos, onde se observan unha serie de motivos circulares. Abaixo, muiños naviculares tallados para moer*





No caso do Petróglifo de Pazos 1, o motivo principal non son cazoletas ou coviñas, senón muíños naviculares, isto é, uns rebaixes ovalados en forma de nave ou barco realizados nun afloramento granítico natural (4 x 2,1 m) co obxecto de moer cereal (nomeadamente millo miúdo ou *Panicum miliaceum*). Tamén é posible que estes rebaixes barquiformes fosen utilizados para triturar outro tipo de substancias de uso narcotizante (de uso ritual ou chamánico) ou ornamental (para pintar a pel ou algún outro obxecto) tal e como sostén Fábregas Valcarce (1999:111).

Segundo Fernández Pintos (1993), este tipo de gravados rupestres foron documentados, as máis das veces, en zonas con escasa potencia de solo e aparecen rodeados de numerosos afloramentos rochosos que impiden a práctica da agricultura; é o caso do patrón de localización dos muíños naviculares da Chan de Pazos que aquí nos ocupan. Xa que logo, a conclusión á que chega o noso investigador é que este tipo de muíños rupestres serviría para moer algún tipo de froito silvestre.



*Outro dos petróglifos da Chan de Pazos, fotografado en 1992 por Alfonsín Soliño, Caramés Moreira e Abad Vidal*





### 3.3 O Castro do Coto de Aldir

Sitúase no extremo norte da parroquia, xusto no outeiro do mesmo nome, onde, segundo a cartografía da Xunta de Galicia, se fixa a confluencia de Santa Mariña de Covelo con Santiago de Covelo, Casteláns e Maceira. A delimitación histórica que documentou a CCMM de Santa Mariña, pola contra, fixa a totalidade do castro dentro desta última parroquia, sendo os seus límites o Marco das Trantas<sup>183</sup>, o Marco do Queixo<sup>184</sup> e O Penedo da Ladeira do Coto de Aldir<sup>185</sup>.

O castro érguese a 549 m sobre o nivel do mar, o que fai del unha elevación natural destacada na contorna, de aí que o IGN decidise utilizalo para instalar un vértice xeodésico que constitúe unha das principais agresións das que foi obxecto. Sobre o mesmo penedo que o soporta gravouse unha cruz “de grandes proporcións e de factura recente”, sinalan os técnicos redactores da ficha de catalogación, que data de novembro de 1992. Xacando, os arqueólogos Alfonsín Soliño, Caramés Moreira e Abad Vidal destacaban a forma ovalada que o xacemento ten en planta. “Consta dun recinto principal e dun antecastro cara o Leste, ambos os dous están defendidos en todo o seu perímetro pola pendente natural do terreo” e “o recinto principal aproveita os afloramentos rochosos para completar o sistema defensivo do castro”.

Para Alonso Braña<sup>186</sup> “o sector oeste presenta tendencia circular e as defensas son formadas por rochedos naturais nos que se perde a configuración do parapeto. No sector central apréciase unha coroa de tendencia oval e no lado leste un posible sector de antecastro de liñas rectas que podería ser un anexo tardío.

A coroa presenta 100 m de eixe lonxitudinal por 55/60 m no transverso. A superficie acadada unha hectárea de extensión, aínda que as medidas son aproximadas xa que resulta difícil delimitar o xacemento polo Oeste. Apréciase o que parece ser unha plataforma rectangular, máis evidente cara o Nordés. Cara o Sur esta plataforma parece seguir entre as rochas, que parecen cortadas para acomodarse á forma da mesma”.

En opinión de González Ruibal (2006:186), este xacemento “posee una ampliación que duplica el tamaño de su recinto y que probablemente pertenece a la Primera Edad del Hierro”, isto é, ao período que vai do 800 ao 450 a.C.


183- Coordenadas 42.24901, -8.3588

184- Coordenadas 42.25317, -8.36117

185- Coordenadas 42.25549, -8.36575

186- Ficha de catalogación realizada no ano 2018.






*Planta do castro do Coto de Aldir, segundo Alfonsín Soliño*








Efectivamente, na parte máis alta, cara o sector NE, existe un segundo achanzamento de planta rectangular definido por unha muralla de muros rectos (65 x 115 m) que se apoia nos afloramentos graníticos naturais e na orografía do terreo. A dimensión total desta superficie de ángulos rectos é duns 7.837 m<sup>2</sup>. Xa que logo, e en vista da análise dos datos arqueolóxicos que coñecemos, pensamos que esta elevación puido acoller un castro durante a primeira Idade do Ferro (800-450 a.C), sendo reocupado en época medieval (s. XII-XIII) co obxecto de erixir unha fortaleza situada na cabeceira do val do río Tea que permitese o control visual e do tránsito de persoas, soldados e mercadorías neste sector do territorio, isto é, no Couto de Aldir do que nos fala a documentación medieval de 1245 e 1269 que citamos máis arriba.



*Modelo dixital do terreo do Coto de Aldir, onde se aprecian as dúas plataformas de planta rectangular –definidas por muros rectos– no sector NE do outeiro.*



*Perspectiva do Coto Aldir desde o suroeste. Foto Julio Eiroa*



O conxunto de gravados rupestres e outros xacementos documentados na parroquia complétase coa relación que segue:

Denominación	Coordenadas WGS84	Caracterización básica
Petróglifo da Chan de Pazos 1	42.24485, -8.36893	Un conxunto de muíños naviculares situados na ladeira suroeste da Chan de Pazos.
Petróglifo da Chan de Pazos 2	42.24355, -8.36923	Un conxunto de coviñas próximas á unha pía situada na ladeira do afloramento.
Petróglifo da Chan de Pazos 3	42.24243, -8.36989	Os motivos representados son un círculo, un cadrado e un trazo asociado.
Petróglifo da Chan de Pazos 4	42.24231, -8.36992	Presenta catro círculos simples representados algún unidos entre si.
Petróglifo da Chan de Pazos 5	42.24735, -8.36475	Un conxunto de cazoletas que aparecen dispersas pola superficie do batólito.
Petróglifo das Trantas	42.24927, -8.36314	Petróglifo composto por dúas coviñas, a maior quizais cun círculo pouco visible, a segunda coviña é case imperceptible, ambas sobre un afloramento de grande extensión, a carón dunha torre do tendido eléctrico.
Rega de Alfil	42.21262, -8.39353	Asentamento ao ar libre no que se atoparon fragmentos cerámicos e líticos de adscrición prehistórica.
A Cerca *	42.21413, -8.39563	Asentamento medieval ao ar libre no que se localizaron escouras, anacos de ferro e fragmentos de tégulas e cerámicas en 1998.

\*Este xacemento foi catalogado pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia na parroquia de Santa Mariña, pero en realidade sitúase fisicamente na de Lougares (Mondariz).



## 4-PATRIMONIO ARQUITECTONICO E ETNOGRÁFICO

No Arquivo da Diocese de Tui e Vigo consérvanse un total de 41 documentos relativos á parroquia de Santa Mariña de Covelo. Os arquivos máis antigos datan do ano 1669 e chegan ata o 1965. Unha parte desta documentación é relativa a distintas confrarías que se fundaron na parroquia: a da Virxe do Rosario, a de Ánimas, a do Santísimo, así como os correspondentes rexistros de confrades, rexistros de contas e de visitas. Un subfondo desta mesma parroquia está dedicado ao Santuario da Santa Cruz. En definitiva, trátase dun fondo documental moi relevante, pero centrado na vida relixiosa da nosa freguesía nun período, o Antigo Réxime, no que a nosa parroquia e o conxunto da provincia de Pontevedra atravesaban un “verán demográfico” que, en boa lóxica, iría en paralelo a un clima económico favorable, de aí o grande número de obras relixiosas que, naquela altura, tiveron lugar. Quen queira abordar no futuro a historia relixiosa da nosa parroquia deberá estudar con detalle toda esta información.

Volvendo á cuestión demográfica, o Censo de Floridablanca de 1787<sup>187</sup> ofrece un dato que aínda hoxe sorprende en grande medida, xa que as provincias de Pontevedra e Guipuzcoa ofrecían as densidades de poboación máis elevadas da Coroa de España (máis de 60 habitantes por km<sup>2</sup>), por riba de Cádiz, Alicante, Barcelona, Vizcaya e A Coruña (entre 40 e 60 hab/km<sup>2</sup>). En terceiro lugar estaban as provincias de Málaga, Granada, Valencia, Tarragona, Madrid, Cantabria, Asturias, Lugo e Ourense (entre 25 e 40 km<sup>2</sup>), e a moita distancia todas as demais, de aí que falemos dun período demográfico e económico propicio no suroeste de Galicia que explica, en grande medida, a creación de múltiples confrarías relixiosas, o levantamento de pazos e casas reitorais, así como a construción e reedificación de templos.

---

187 Censo español executado de Orden del Rey, comunicada por el Excelentísimo Señor Conde de Floridablanca, Primer Secretario de Estado y del Despacho, en el año de 1787.



## 4.1. A igrexa de Santa Mariña

A doutora Pereira Molares (2002:464-465) destaca o tamaño do seu adro, ao que se accede polo leste, xa que responde a unha orientación canónica Leste-Oeste. Construída no s. XVIII e de autor descoñecido, carecemos de noticias escritas relativas á erección deste templo parroquial.



*Vista aérea da igrexa parroquial e da Casa Reitoral<sup>188</sup> desde o suroeste*

Desde o punto de vista da análise formal e estilística, a nosa investigadora destaca que “estamos ante un templo de planta cruciforme, con cabeceira cadrada, lixeiramente máis estreita e alta que a nave principal. Polo costado meridional da ábsida érguese unha pequena sancristía. Toda a fábrica é de cantería.

A igrexa presenta un frontispicio flanqueado por pilastras de enmarcamento laterais, e un remate superior a base de aletas que serven para atar os extremos da fachada coa espadana que se eleva sobre o centro da fábrica. No eixe principal do paramento ábrese

<sup>188</sup>- A Casa Reitoral foi rehabilitada a partir do ano 1998 a través dunha escola obradoiro promovida polo Concello de Covelo e cofinanciada pola Xunta de Galicia e o Plan Leader II da Unión Europea para acoller unha granxa-escola e centro de exposicións e seminarios.







a porta de entrada, de arco alintelado, e coa clave ornamentada cun relevo de carácter vexetal”.



*A procesión pasando por diante da casa reitoral nunha imaxe de mediados do século XX*

Abrazan a porta principal senllas pilastras toscanas de fuste caixeadado, dispoñéndose sobre ela unha pequena fornela de arco de medio punto coa imaxe da patroa. Neste sector da fachada advértense pegadas no paramento que evidencian a existencia pretérita dun frontón triangular, hoxe desaparecido. A continuación do nicho ábrese unha pequena xanela rectangular con derrame externo.

“A fachada remátase mediante dous aletóns, lixeiramente cóncavos, que arrincan dos extremos do paramento e conflúen na espadana central, de dobre arco peraltado. Sobre as esquinas da fachada e da espadana álzanse pináculos piramidais con remate bulboso”, prosegue Pereira Molares (op. cit).

“Os muros da nave principal articúlanse mediante dous contrafortes, mentres que os do transepto e a cabeceira son lisos e compactos. Esta última péchase mediante unha cuberta disposta a catro augas, con pináculos de remate.





*Vista da fachada da igrexa parroquial de Santa Mariña, cuxo chan aparece cuberto por tres ringleiras de sepulturas. Abaixo, detalle do retablo do altar maior nunha fotografía de Julio Eiroa*



*Detalle do retablo do altar maior nunha fotografía de Julio Eiroa*







O espazo interior organízase nunha nave principal, de muros de cachotería e cuberta a dúas augas reforzada por arcos diafragma. Dous arcos torais” (ou principais) “dan acceso ás capelas laterais que configuran a nave transversal. O cruceiro non se marca en planta nin en alzado. Un arco triunfal de medio punto dá acceso ao presbiterio que se pecha mediante unha cuberta abovedada.”



*Vista aérea da Casa Reitoral, cos seus canastos (esquerda), e a igrexa parroquial (dereita).*



*Detalle dun dos dous hórreos*





## A romaría da Franqueira

(...) “ó raiar o día , saen das parroquias darredor (Mondariz-Balneario, a Portela, Cumiár, Mouriscados, Lira, Vilasobroso, Guillade, Uma, Santiago de Oliveira, Santa Eulalia de Batalláns, Queimadelos, Meiol, Paraños, Baldomar, Maceira, Achas) cada unha coas súas imaxes da Virxe e dos santos, os seus pendós e cruces, e a súa riola de romeiros que os acompañan. Cando se atopan dúas destas procesións no camiño, enantes de se xuntaren, fan unha cerimonia: os que levan os pendós, axionllan-se tres veces, cruzando os pendós e abatendo-os no chan; as imaxes poñen-se unha por fronte da outra, e saúdan-se faguendo-se reverencia, todo con estrondo de foguetes e cantos da xente” (...). Quen isto escribe é Don Vicente Risco (1962:391), que debeu ver os fieis de Baldomar acudir devotamente ao santuario da Caniza, como quen rememora, sen sabelo, unha vella condición de súbdito medieval, unha antiga vasalaxe de orde material e espiritual.

Cada ano, á tardiña, os fieis de Santa Mariña trasladan a súa virxe desde a igrexa parroquial ao santuario da Santa Cruz na véspera da Romaría das Pascuíñas, que se celebra o luns de pentecostés. Deste xeito, na mañá do día da peregrinación os romeiros teñen a súa santa máis cerca do camiño que deben percorrer con ela, no que investirán unhas dúas horas aproximadamente.

Como xa dixemos, cando menos desde o ano 1631 está acreditada a posesión de terras do antigo cenobio da Franqueira na parroquia de Santa Mariña de Covelo, en concreto no lugar de Pazos. E é que o mosteiro da Franqueira, do que se ten noticia desde o ano 1063, foi un dos principais propietarios de terras na nosa parroquia, sobre todo a partires da reconstrución da que foi obxecto entre 1293 e 1342 co apoio da familia Soutomaioir.

“A Franqueira ten hoxe a sona dun grande santuario, dun dos grandes santuarios da nosa terra”, escribía Filgueira Valverde en 1932. “A Virxe da Franqueira, cantada nas estrofas inmorredoiras de Cabanillas, ten doado ós nosos mariales as máis belidas narracións milagreiras e aínda hoxe as súas romaxes gardan lembranzas de vellas representacións litúrxicas populares”, sinalaba o polígrafo pontevedrés hai agora noventa anos.

No tránsito de cenobio cisterciense a santuario mariano, a Virxe da Franqueira converteuse na “mellor intercesora entre todos os homes e o seu propio fillo, por iso ao santuario acudirán ao longo dos séculos e ata a actualidade numerosos peregrinos que seguirán diversos rituais comúns aos doutros santuarios marianos tanto galegos como doutros lugares” (Cendón Álvarez; 2014:42).





*Veciños de Santa Mariña de Covelo na romaría da Franqueira. Fotos: Xulio Gil*





## 4.2. O santuario da Santa Cruz de Baldomar

Este edificio ten a súa xénese no culto a unha das reliquias máis importantes da cristiandade, a Vera Cruz ou lignum crucis (literalmente, cruz de madeira). Os restos da cruz na que foi sacrificado Cristo tería sido atopada por Elena, nai do emperador romano Constantino e, varios séculos máis tarde, portada polos templarios en distintas batallas a modo de amuleto ou talismán. Tantos son os fragmentos desta cruz que se conservan en distintos templos do mundo que, en opinión dalgúns investigadores, con eles poderían terse composto varias cruces. A historia completa da invención ou achado desta reliquia foi contada con detalle, entre outros, por Santiago de la Vorágine (1999:287-294).

Para Pereira Molares (2002:465-468) “a capela” (sic) “está situada nunha contorna rural e aparece rodeada dun atrio ao que se accede frontalmente”. A orientación do santuario non é a canónica (cabeceira orientada ao Leste e fachada ao Oeste), senón que se adapta á orografía do terreo, que presenta unha caída natural cara o noroeste, onde se ergue o casarío das Óseas. Xa que logo, a orientación do santuario presenta unha infrecuente orientación SE-NO que non casa coa posición prefixada pola xerarquía eclesiástica.

De autoría descoñecida “as noticias que se atoparon relativas á historia construtiva desta capela, resultan aparentemente contraditorias. Ávila y la Cueva afirma que a obra foi comezada a principios do século XVIII e concluída en 1721, fóra da torre que se levantou uns anos despois á conta das esmolos dos fieis.



*Vista aérea do santuario*







Fuertes Palomera (2013:51-55) afina un pouco máis e asegura que “as primeiras noticias deste santuario datan do 8 de maio de 1711, cando D. Pablo Rosales Troncoso e Figueroa, abade de Santa Mariña, solicita ao Bispo, D. Anselmo Gómez de la Torre, fundar e instituír perpetuamente nel o descendemento da cruz todos os venres santos pola tarde. Renuncia ao dereito que tiña a percibir as esmolos, e fai cesión delas ao Santuario para obras, culto e veneración da imaxe de Nosa Señora ao Pé da Cruz”.

En 1718 temos noticia da xénese do santuario polo crego Antonio González Candosa, sucesor de Don Pablo Rosales Troncoso, quen asegura que cando tomou posesión do cargo atopou “una Capilla corta, antigua y carcomidas las maderas, bajo la advocación de Ntra. Señora al pie de la Cruz; y por la gran devoción que se tenía a dicha Imagen en todo el Reino de Galicia, determinó fabricarla a su costa la nueva en que al presente se halla dicha Santa Imagen”. Segundo Fuertes Palomera (op. cit) as obras non rematarían ata o ano 1750.



*Saída da procesión en Baldomar nunha imaxe de mediados do s.XX*





Sen embargo, a doutora Pereira Molares (op. cit) cre aque “as referencias documentais existentes demostran que a fábrica se construíu en 1747, á conta do cura párroco de Santa Mariña de Covelo, Don Antonio González Candosa, quen, tendo en conta a devoción que existía na zona á santa imaxe de N<sup>a</sup> S<sup>a</sup> ao pé da Cruz, decidiu abordar unha nova obra para substituír a unha capela que xa existía que resultaba “..corta, antigua y carcomida de las maderas<sup>189</sup>”.

Segundo Fuertes Palomera (op. cit), en 1731 píntanse as imaxes de San Antonio e San Francisco e dous anos máis tarde, en 1733, realizase a caixonería da sancristía. Máis dun século despois, en 1885, acométese o peche do adro do santuario para ennobrece-lo e, ao mesmo tempo, evitar que entre nel o gando.

Trece anos despois, en 1868, o bispo D. Ramón García y Antón “concede que se pueda dar culto público y cuarenta días de indulgencia a las personas que veneren la reliquia de la Santa Cruz donada a este santuario por la Señora Marquesa de Vaamonde”. Ao parecer, a reliquia desapareceu do templo nun momento e nunhas circunstancias que ignoramos.

No ano 2000, prosegue a mesma fonte, ante o mal estado material do santuario, a Con-sellería de Cultura da Xunta de Galicia, o bispado de Tui e Vigo e os fregueses financia-ron a restauración íntegra do templo. As obras concluíron no ano 2006.



*O reloxo de sol  
do santuario de  
Baldomar*

189- A.H.D.T, Capellanías de Santa Marina de Covelo. Capellanía de N<sup>a</sup> S<sup>a</sup> al pie de la Cruz. 1785, fol. 41.







Desde o punto de vista da análise formal e artística, Pereira Molares (op. cit) sinala que “a capela presenta planta en cruz, de escaso desenvolvemento, que se remata nunha cabeceira cuadrangular, lixeiramente máis estreita e alta que o corpo principal. Polo lado setentrional da ábsida apégase unha pequena sancristía. Todo o conxunto é de perpiaño.



*O interior do templo nunha instantánea de Julio Eiroa*

A fachada principal aparece flanqueada por pilastras caixeadas e debuxa o clásico esquema pentagonal, con campanario de planta cadrada que se eleva sobre o seu costado Norte. Este paramento frontal organízase como un lenzo, dividido en dous corpos. O primeiro está presidido pola porta de entrada, rectangular e recercada por unha guarnición intensamente moldurada con acobadamentos inferiores e superiores.

A ambos os dous lados do oco dispóñense senllas pilastras toscanas, sobre retropilastras, de festón vertical refundido, que se elevan sobre altos basamentos. Sobre os soportes corre un entablamento, de friso decorado con motivos vexetais, completando a portada un frontón semicircular, con pináculos tallados nos seus extremos. O frontón alberga no seu interior unha fornela avieirada, cunha imaxe mariana. Un entablamento de friso con casetóns, que arrinca das pilastras laterais, dá paso ao segundo corpo, que é liso e compacto e actúa a modo de frontón de remate.





*Detalle do campanario, rematado en forma de pirámide ao igual que o da igrexa de Santa María de Taboaxa (As Neves)*

Sobre o costado esquerdo do frontispicio elévase un robusto campanario de planta cadrada. A torre consta dun basamento compacto, enriquecido con placas recortadas, sobre o que se alza o corpo das campás, con arcos de medio punto en todas as súas caras, e rodeado dunha balaustrada pétreo. Baixo a balconada hai unha ornamentación a base de placas recortadas. Esta pequena torre remátase mediante un coroamento piramidal, a modo de chapitel, que presenta nas súas arestas unha curiosa ornamentación a base de volutas e pináculos.

Os muros da nave principal presentan dous contrafortes en cada costado, e están rematados, do mesmo xeito que os do transepto e cabeceira, mediante pilastras caixeadas que achegan un aspecto máis coidado á construción.

Interiormente a capela presenta unha nave principal, de muros enfuscados, con cuberta de madeira, a dúas augas, reforzada por arcos diafragma que se voltean sobre pilastras. A nave transversal, pola contra, ten muros de cachotería e cuberta abovedada, mentres que o cruceiro péchase mediante unha bóveda de cruzaría simple.

Un arco triunfal, de medio punto, co seu intradorso enriquecido con casetóns, dá acceso ao presbiterio que posúe unha bóveda de canón decorada mediante casetóns. Hai que destacar a presenza na ábsida dun baldaquino barroco, que alberga unha Piedade”, conclúe a investigadora.



En fronte do púlpito, “no paramento sur” aclara Fuertes Palomera (op.cit) “ábrese un arco que puido acoller un dos altares laterais. Estaba tapiado e foi descuberto nas obras de restauración. Probablemente fora este o lugar do retablo desaparecido de S.Miguel. Consérvase a súa imaxe, aínda que en moi mal estado. Nos faldróns dourados do seu peto pódese ler a inscrición: “STA MARINA // DE COVELO // PINTADA POR // M FEIJOO // SIENDO PARROCO // D J ALVAREZ”. Temos o dato de que, no ano 1730, o mestre Francisco García, natural de S. Xoán de Fornelos, cobra a cantidade de 1614 reais polo retablo colateral do Arcanxo S. Miguel, o seu frontal e polas imaxes de S. Francisco e Sto. Antonio, que tamén se conservan.”



*Nártice do santuario.  
Foto: Julio Eiroa*



*Detalle da bóveda do cruceiro  
nunha fotografía de Julio Eiroa*







## O baldaquino do santuario da Santa Cruz

Seguindo pola nave vemos o púlpito na man esquerda e, despois, a ambos lados do santuario, o lugar onde había dous retablos laterais que foron sacados hai trinta anos coa escusa de que estaban cheos de couza, perdéndose para sempre unhas valiosas obras de arte. E así chegamos ao altar maior, onde se atopa o baldaquino barroco con gran cantidade de esculturas. Localizado o Libro de Fábrica da Capela no Arquivo Diocesano de Tui, dedúcese que:

- O baldaquino foi realizado no ano 1711.
- O seu autor foi Domingo de Pazos, máis coñecido por Domingo Rodríguez de Fornelos, natural da parroquia de Fornelos no Concello de Salvaterra do Miño.



*Fachada lateral  
do baldaquino.  
Foto: Julio Eiroa*

Esta construción en forma de dosel monumental, que quedou asentada no ano 1715, consta dunha base de apoio na que se superpoñen dous pisos, rematando o último nunha cúpula cunha Santísima Trindade. Nas catro caras de cada piso hai unha serie de esculturas que se distribúen da maneira que segue:

- **ALZADO FRONTAL:** No piso superior está o resucitado onde se poden ver dúas táboas en forma de aspa que foron postas para evitar a derruba de toda a obra. No piso inferior







unha Piedade acompañada por dous verdugos. Na base de apoio un Cristo Xacente con brazos articulados (usado para o desencravo).

- ALZADO DEREITO: No andar superior sitúase un Cristo coa cruz; no piso inferior Xesús aparece orando. Na base de apoio unha entrada a un pequeno corredor onde se podía adorar a Cristo Xacente.

- ALZADO POSTERIOR: No andar superior unha figura de Sta. Helena, observándose unhas táboas de sustentación da imaxe. No piso inferior represéntase a Flaxelación con dous xudeos a cada lado, na base de apoio hai outra Piedade con outras imaxes a cada lado.

- ALZADO ESQUERDO: No piso superior un Cristo coa cruz. No andar inferior un Cristo coroado



*Fachada principal do baldaquino. Foto: Julio Eiroa*

A doutora Álvarez Fernández (2001:196-200), autora dunha tese de doutoramento sobre retabística barroca<sup>190</sup>, compila todos os datos sobre esta obra:

*“Sobre alto pedestal de pedra (cunha representación da Santa Faz no centro) elévase esta estrutura arquitectónica de planta cadrada e alzado en*

<sup>190</sup>- UNED, ano 1995.





*catro frontes, máis estreitos os laterais. Resólvese en banco, dous corpos e remate, sucesivamente en diminución a medida que ascendemos.*

*O banco aparece centrado por unha urna, de ancho marco de talla, que encerra un Cristo xacente. A ambos lados robustos resaltes (que decoran as súas frontes con carnosas follas), reciben os soportes do primeiro corpo. Entre eles, nenos espidos, configuran o chafrán das esquinas.*

*Un par de columnas salomónicas, de cinco espiras e capiteis compostos, decorados con follas, tallos e acios, na disposición usual (dos peitos penden acios, mentres que as gorxas se cinguen con talos e as follas se distribúen por todas partes), delimitan cada unha das frontes. O camarín principal amosa a escena do Descendemento por un lado e a Flaxelación de Cristo polo outro.*

*Unha estreita cornixa, que se quebra no seguimento dos eixes columnarios, dá paso ao segundo corpo, intercalando no centro unha grande cartela de voluminosas e curvadas follas, no centro das que emerxe unha cabeciña de querubín. A ambos lados e a neto sobre os eixes dos soportes, colócanse figuras de mancebos portando fachos.*

*O segundo corpo repite o esquema do primeiro, aínda que nun canon menor. Presenta a Cristo Resucitado.*

*Nos intercolumnios, e sentados sobre a cornixa, figuras infantís sosteñen instrumentos da paixón (cruz e martelo).*

*Coroando todo, unha semiesfera gallonada ou dividida en cuarteiróns sobre a que se asenta a representación da Santísima Trindade.*

*As escasas e un pouco confusas noticias que temos sobre a súa datación e execución, achéganolas o Libro de Fábrica da Capela, que abrangue desde os anos 1711 a 1829. Do seu estudo, deducimos que esta tiña tres retablos que se foron engadindo en momentos sucesivos –non podía ser doutro xeito– tendo en conta que para as obras, todo o diñeiro procedía de esmolos e arrendatarios. Serían, o meirande, o de San Roque e o das Angustias.*

*Con data do 4 de maio de 1713 aparecen as primeiras partidas referentes ao retablo maior:*





*410 rls. que dio al escultor, que hizo las efigies del descendimiento.  
180 rls que dio al pintor por pintar dichas efigies.  
18 rls. que llevaron las personas que fueron a buscar las efigies a Redondela.  
200 rls. que se dieron al escultor de Fornelos a quenta del retablo.  
800 rls que dio al pintor que pintó el retablo maior<sup>91</sup>.  
300 rls. que dio a D. Domingo de Fornelos escultor que hizo las efigies y el retablo de dicha capilla.  
200 rls. que dieron al escultor que hizo las efigies de la gloriosa Virgen del descendimiento que aun se le devian.*

*No ano 1714:*

*130 rls. de pintar las efigies del descendimiento a óleo por no estar bien pintadas antes.”*

*Ano 1715:*

*75 rls. por madera y asentar el retablo.*

## Valoración

Domingo Rodríguez de Pazos, coñecido tamén polo nome do “Mestre de Fornelos (a súa parroquia natal), foi mestre de arquitectura e escultor insigne, cunha importante obra documentada que mencionamos seguindo unha orde cronolóxica: os retablos de San Bieito de Campo e Santa María do Camiño de Santiago, realizados en 1701; o retablo da Capela da Preñada, da catedral de Santiago en 1703; cadeirado da Sala Capitular e da Sancristía, así como a súa porta, da Catedral de Tui en 1712; retablo de San Pedro da Capela do mesmo nome, da Catedral de Tui, en 1713, e neste mesmo ano as reixas de madeira do Altar Maior; as caixas dos órganos da catedral de Tui en 1714.

Nesta que analizamos é patente a desigual calidade das esculturas que presenta. Deslocen nesta obra aquelas que poderíamos considerar secundarias por bastas e desproporcionadas. Non así a principal, a Virxe con Xesús morto nos brazos, de grande expresividade e dramatismo, con recursos como a composición aberta, as teas con abondosos pregues e o atrevido escorzo do corpo de Cristo.

A iconografía xira arredor dun tema único: a Paixón de Cristo. E cunha evidente finalidade didáctica mostra as escenas máis significativas deste feito: os azoutes que Cristo padeceu atado á columna, o descendemento da cruz, o sepulcro, a resurrección e, na

191- Cabe deducir que esta cantidade exclúe as imaxes.



cúspide, a Trindade que na persoa do Fillo leva a cabo a redención do ser humano.

Esta tipoloxía de retablos que, ao ser totalmente exentos multiplican as súas fronte e ángulos de contemplación, á vez que levan ao límite o efecto escenográfico que o barroco persigue en todas as súas manifestacións artísticas, ten ademais o valor engadido de seren pezas moi escasas e pouco frecuentes, non só na nosa zona e rexión, senón no resto do Estado.”

En 2004 a veciñanza da parroquia achegou 9.000 euros para a rehabilitación do reloxo do templo, uns traballos que realizou a relojería viguesa de Fulgencio Pagán. O reloxo do templo, que foi adquirido en 1950 cun custe de 15.500 pesetas, foi valorado naquela altura en 48.000 euros.

Dous anos máis tarde, en 2006, o baldaquino foi rehabilitado integramente, xa que se atopaba en moi mal estado de conservación. Primeiramente foi desmontado en pezas, logo despintado para recuperar a súa policromía orixinal, xa que fora repintado no pasado. Por último foi reconstruído de novo no altar maior. No mes de maio dese ano, o bispo da diocese presidiu unha misa de agradecemento no santuario –concelebrada por doce curas– pola recuperación do templo e do baldaquino.



**Covelo. — Capilla de Santa Cruz de Valdomar, en la parroquia de Santa Marina**

*Vista xeral do santuario nunha instantánea de 1936. Fonte: Geografía General del Reino de Galicia.*







*A fonte que se construíu en 1957 á beira da escalinata. Fonte: Arquivo da Deputación de Pontevedra*

No ano 1927, o Faro de Vigo<sup>192</sup> inclúe a noticia da celebración das festas na honra á “Nuestra Señora al pie de la Cruz”. A nova completa di así:

*“GRANDES FIESTAS EN HONOR DE NUESTRA SEÑORA DE AL PIE DE LA CRUZ, EN EL SANTUARIO DE BALDOMAR. Los días 2, 3 y 8 del próximo Mayo, se celebrarán dichos festejos con el siguiente programa:*

*Día 2. - A las doce, un gran repique de campanas y una salva de bombas anunciará el comienzo de las fiestas; haciendo su entrada los afamados gaiteros de Oleiros (Salvatierra), los que recorrerán las principales calles del pueblo, tocando alegres pasodobles. A las cuatro de la tarde, llegará la laureada banda popular de Villasobroso (Portela). A las siete, alboradas por la banda y gaiteros. A las nueve solemnes vísperas religiosas en la amplia capilla del Santuario.*

*Día 3.- A las siete, diana por la banda y gaiteros. A las ocho, procesión desde la iglesia conduciendo bajo palio las reliquias de la Santa Cruz a la capilla del Santuario de Baldomar, exponiéndose en dicho santuario a la*

192- 27.04.1927.





veneración de los fieles. A las ocho y media, misa rezada para los romeros que después de cumplida su promesa quieran volver a sus hogares. A las diez, misa cantada por el coro de señoritas, que dirige la inteligente profesora de este pueblo doña Consuelo Santiago de Maiscurrana, y oficiada por el ecónomo D. José Rodríguez Méndez. A las once, misa solemne, cantada a toda orquesta por la agrupación musical. Ocupará la sagrada cátedra un renombrado orador Franciscano de Santiago de Compostela. A la una de la tarde, saldrá la procesión, sacando la imagen de Santa Cruz, pasando ésta por la plazuela y Cacherrizo (sic), volviendo luego al santuario. Pondrá fin a la fiesta de este día una salva de bombas.

Día 8.- A las diez, misa cantada por el coro de señoritas. A las once, procesión, saliendo del santuario para la iglesia parroquial. A las tres de la tarde, puja de lacones, cacheiras y otras carnes de cerdos que durante los dos primeros días junta la Santa. A las seis, baile en la plazuela de Baldomar. Amenizará estas fiestas la banda que dirige el competente maestro Venancio de Lougares”.



*Escenificación actual do desencravo. Foto Xulio Gil*





*Procesión de Cristo no Santuario de Baldomar. Foto Xulio Gil*

### 4.3. O Cruceiro do Santuario

Fernández de la Cigogna Núñez e Sampedro Fernández (2009:61-62) refiren que se ergue “sobre unha plataforma composta por cinco chanzos de planta case cuadrangular, concéntricos, compostos por perpiaños lisos e encintados con cemento, de 20 cm de espello. O inferior ten unha base de 4,04 m por 4,13 m; o que lle segue 3,30 m por 3,35 ; o intermedio 2,60 m de lado; o penúltimo 1,94 m de lado e o superior 1,30 m de lado; en col deste, aséntase o pedestal pétreo, de carácter monolítico, de forma cuadrangular, liso e sen biseis, de 70 cm de lado por 63 cm de alto; na súa parte superior está chantado o varal de sección circular, de 25 cm de diámetro e 3 m de alto, que diminúe de diámetro segundo gana altura, ata chegar ó anel refundido e cilindro superior, en col do que está colocado un capitel composto por dúas ringleiras de follas de canto superpostas, volutas nos esquinais e ábaco en forma de cruz, con catro caras que presenta a cabeza dun anxo coas ás e cunha altura total de 55 cm. A cruz de coroamento amosa un pé de sección cuadrangular, de 1 m de alto por 90 cm de envergadura; mostra na súa cara frontal ó Crucificado con cabelos longos, cuberto por coroa de espiñas e co pé dereito agochando o esquerdo. Na súa parte posterior, vese unha Virxe das Angustias co seu fillo morto no colo, cuberta por unha túnica, en col dunha peaña con cabeciña de anxo”



O cruceiro non presenta epígrafes nin sinais de culto ou devoción.



*Detalle do reverso do cruceiro do santuario*

## 4.4. A Ermida do San Bieito de Pazos

Érguese no núcleo de Pazos, en concreto no lugar do San Amaro, nunha posición de encrucillada formando parte do casarío tradicional. Dotada dunha orientación canónica Leste-Oeste, a capela destaca polo seu cabido, un espazo aberto de 24 m<sup>2</sup> delimitado por un peitoril granítico situado diante da súa fachada que conta, ademais, cun asento perimetral corrido. Os cabidos (lat. capitulum) civís son sinónimos de concello, consistorio ou corporación e, por extensión, designan tamén os espazos onde se reunían os seus representantes en asemblea para decidir sobre os seus asuntos antes ou despois da celebración dos oficios relixiosos.

A capela de San Bieito é un pequeno templo duns 65 m<sup>2</sup> que consta de nave única e altar maior, ambos os dous amparados por contrafortes externos que axudan a soportar as presións dos arcos. O primeiro dos volumes aparece protexido por unha cuberta a dúas augas, mentres que o segundo, máis elevado, cóbrese cun total de catro. Precisamente os extremos da cumieira aparecen decorados por pináculos piramidais rematados en bóla, conformando a única licenza ornamental externa da capela.





*A capela co seu cabido e, nun segundo plano, o cruceiro*

O frontis da ermida de San Bieito aparece integramente labrada en cantaría granítica, maiormente opus quadratum, aínda que tamén está presente un aparello inferior en calidade e dimensións. O único oco que se abre na fachada é a súa porta, formada por dúas follas; coroa o conxunto un conxunto de pedras cubrideiras planas ou capias que converxen, no centro, nunha espadana dun único oco rematada por unha cruz latina sen figuración.

Ferro Ruibal (1992:167-168) infórmanos que este Bieito (lat. Benedictus, bendito) ao que se dedica a capela non é outro que San Bieito de Nursia (480-547), o relixioso nacido na rexión italiana de Umbria que foi “fundador da Orde dos Benedictinos ou bieitos e patriarca do monaquismo occidental”. Con tan só 20 anos retirouse nunha cova para facer vida eremítica e no ano 528 fundou o convento de Monte Cassino, nos Apeninos, onde pasou o resto da súa vida redactando a regra monástica que conseguiu unificar as “mil tendencias da vida eremítica dos primeiros anos do cristianismo” baixo o lema ora et labora (reza e traballa).



*Vista da capela desde o sueste*





O mesmo académico da RAG engade que “en Galicia é un santo moi popular, pois ás romarías dalgúns dos seus santuarios acode multitude de romeiros atraídos polos poderes taumatúrxicos que se lle atribúen: curación das espullas, tumores, furunchos, todo tipo de vultos sospeitosos. Os devotos soen mollar panos no aceite da lámpada e pásanos despois polos vultos e espullas. Tamén é avogoso de doenzas dos animais”.

A cruz monolítica que se sitúa uns metros ao norte da capela “atópase en posición de benvinda á entrada do torreiro de San Bieito”, no dicir de Fernández de la Cigoña Núñez e Sampedro Fernández (2009:62), que destacan a súa feitura monolítica e o seu acabado un tanto basto.



*Perspectiva da cruz alta da capela*

## 4.5. O cruceiro de ánimas

Fernández de la Cigoña Núñez e Sampedro Fernández (op. cit; pp 58-60) describen este extraordinario ben etnográfico, labrado en 1829, como un “cruceiro de grandes e fermosas proporcións que se ergue sobre unha escada de tres chanzos de pedra de forma octogonal, sendo o intermedio de sección semicilíndrica. O chanzo superior ten un lado de 150 cm e un espello de 23 cm. O pedestal, de sección cuadrangular, acada 94 cm de lado, que diminúe de sección de forma chafranada, en forma de cubo coas arestas superiores e verticais biseladas, de 73 cm de lado, e unha altura total de 60 cm, presentando un epígrafe na parte frontal. O espigo da vara que se incrusta no pedestal é de sección cuadrangular, de 23 cm de lado. Ó pouco pasa a ter as arestas biseladas, conferíndolle





unha sección octogonal, cun perímetro descendente a medida que se eleva do chan. O fuste mide 3,17 m de altura. O capitel, de 25 cm de alto, encétase cun anel octogonal como elemento divisor entre esta peza e o fuste, presentando volutas angulares e follas de acanto, moi ben traballadas e con cabezas de anxo no centro de cada lado, agás polo lado do Cristo que amosa unha caveira en col de dúas tibias cruzadas.



*Detalle do reverso do cruceiro coa igrexa parroquial ao fondo*

Remata nunha plataforma xeométrica, a modo de peaña, denominada ábaco, na que se introduce no seu centro o espigo da cruz. Este capitel segue as normas da orde corintia, moi do gusto da época, e ten parecido co que o mestre Argibay erixiu en Maceira. A cruz, monolítica, semella feita de toros de madeira, xa que o escultor deixoulle unha serie de nós, como se de pólas de árbores se tratase, rematando os extremos en bisel. Cristo con coroa de espiñas e cabelo longo, ben proporcionado, con resalte dos trazos anatómicos. Preséntao colgado polos cravos das mans, lixeiramente desprazado cara adiante, cos xeonllos algo flexionados e a cabeza caída cara o lado dereito. A figura do Crucificado acompáñase dun anxo que porta o Santo Graal con intención de recoller o sangue que mana da fenda do costado dereito (...) Por riba dela, dúas persoas empoleiradas ao madeiro cun martelo cadanseu, intentan ceibar o Santo Cristo. O da esquerda terma do INRI coa man dereita, en actitude de entregarlle a algún dos presentes no





desencravo, mentres que coa esquerda suxeita un martelo. O da dereita, agarrado ó traveseiro, contempla a escena sostendo un martelo na man esquerda. Vese por detrás a imaxe da Virxe en posición ergueita, en col dunha peaña octogonal, sobre a cabeza dun anxo. Aparece vestida cun manto que a cobre por completo, de mangas frouxas e con tal profusión de pregues que parece que o manto fose de tea e se move co aire. As mans están collidas sobre o peito.”

No que toca ao retablo, que representa o Purgatorio e o Limbo dos Xustos, sitúase “na metade da vara, na súa cara frontal, en col dunha peaña que máis ben recorda á copa dun cáliz ou a algún incensario. Da parte superior xorden as ánimas do Purgatorio entre lapas, onde se purifican. Aparecen distribuídas en dúas ringleiras, na primeira vense catro e na segunda cinco, todas elas miran á fronte, é dicir, cara os vivos para que se lembren delas e así purgar os seus pecados cunha maior rapidez. Por riba delas e subidas nunha especie de barca, aparecen ata dez persoas, baixo a figura dun Xesús vestido de longa túnica e man dereita sobre o corazón. Trátase, neste caso, das ánimas que se achán no Limbo dos Xustos ou Seo de Abraham (Fernández de la Cigoña; 2001). A lenda que recolle o pedestal di:

*EL YLL<sup>mo</sup> Sr D<sup>n</sup> FRAN<sup>co</sup> GARZ.  
CASARUBIOS Y MELGAR OB<sup>o</sup>  
DE TUY CONCEDIO 40 DIAS  
DE YNDULG<sup>a</sup> A TODOS LOS  
FIELES Q<sup>e</sup> DEVOTAM<sup>e</sup> REZA  
REN UN CREDO DELANTE DE  
ESTE SS<sup>mo</sup> XTO Y ROGAREN POR  
LA PAZ Y CONCORDIA UU.  
AÑO DE 1829<sup>193</sup>*

Martínez Tamuxe (2004:63-64) cre que este cruceiro foi erixido “sen dúbida”, pola Confraría de Ánimas do Purgatorio “entre 1828-29”, sendo obra do mesmo autor que o cruceiro de Maceira, José Argibay, que puido ser veciño durante algún tempo da parroquia de Pías (Ponteareas), como sinala Iglesias Almeida (1989:26).

Natural de Santo André de Xeve (Pontevedra), o Mestre Argibay dirixiu unha serie de obras na igrexa de San Miguel de Riofrío (Mondariz) na altura de 1847. Máis tarde, en 1860, trasladaríase a Tui para facerse cargo dunha obra no convento das Clarisas,

193- El Ilustrísimo señor Don Francisco García Casarrubios y Melgar, obispo de Tuy, concedió 40 días de indulgencia a todos los fieles que devotamente rezaren un credo delante de este santísimo Cristo y rogaren por la paz y concordia universal. Año de 1829.





encargo ao que seguiría outro na igrexa parroquial de Areas (Pontearreas), sinala o investigador rosaleiro.

“Segundo a nosa documentación o mestre canteiro José Argibay debeu nacer a finais do século XVIII en Xeve. Casado e xa cun neno debeu chegar, como xa dixemos, a Santa



*Vista lateral do cruceiro  
e detalle do varal figurado*






Mariña de Pías, convidado por algún crego ou algunha cofradía ou por outros canteiros”, apunta Martínez Tamuxe (op. cit).

Segundo o libro da Confraría de Ánimas, depositado no Arquivo Histórico Diocesano de Tui, este cruceiro foi erixido polos confrades e bendicido polo bispo tudense Don Francisco Casarrubios y Melgar, o día 8 de agosto de 1829, coincidindo coa súa Visita Xeral, realizada nesa mesma data e ó día seguinte da bendición do cruceiro de San Salvador de Maceira.”

No que ten a ver coa súa orixinalidade, De la Cigoña e Sampedro afirman que “este cruceiro é, xunto co do Hío (Cangas do Morrazo-Pontevedra) o único que coñecemos que representa ó Limbo dos Xustos ou Seo de Abraham. Ademais, xunto con este mesmo cruceiro e o de Eiroa (Noia-A Coruña) son os únicos cruceiros de ánimas que amosan «o desencravo de Cristo», con figuras humanas que intentan liberar o corpo do Redentor do seu lugar de tormento”. Porén, o Cruceiro das Cachadas, situado na Casa de Fortes (Ponteareas), atribuído a José Cerviño García, tamén recolle esta mesma escena do desencravo de Cristo.

O día da festa grande, a procesión xira arredor do cruceiro, sen dúbida un dos máis fermosos e estilizados de Covelo, da comarca do Condado e A Paradanta e de Galicia toda.



*Tres detalles do cruceiro nun debuxo de J.M. Laredo. Fonte: La Voz de Galicia 22.10.1983*

## 4.6. Santa Rosa

Sobre a lumieira do portalón monumental dunha casa tradicional próxima á igrexa de Santa Mariña atopamos unha rara e preciosa imaxe sacra. Trátase dunha talla feminina de grande calidade realizada en granito, ben proporcionada e que presenta un estudo anatómico preciso, pero de identificación un tanto dubidosa.





*A Santa Rosa que coroa o portalón monumental*

A imaxe representa a figura dunha santa noviña, que viste unha touca que lle cubre por completo a cabeza –coa única excepción da cara– así como un hábito de dominica que oculta a totalidade do seu corpo, agás as mans.

Na man dereita sostén unha coroa de flores e, na esquerda, o que parece ser unha pomba de grande tamaño, dous atributos que poden caracterizar a Santa Rosa de Lima (1586-1617), patroa de América. Con todo, na iconografía habitual de Santa Rosa, beatificada en 1668, esta aparece xunto coa inequívoca coroa de espiñas (que seica levaba agochada baixo a touca), e en menos ocasións do Neno Xesús<sup>194</sup>, dun cesto (co que fiaba no convento), ou cuns dados (un día que tiña dor de garganta aparecéuselle o Neno para entretela xogando con ela), segundo Carmona Muela (2003:400-401). Noutras ocasións aparece tamén acompañada dunha palma martirial, dunha áncora e incluso dun ramallíño de azucenas. O vínculo da nosa santa coa ave coa que porta sobre a súa man esquerda, pode facer referencia, ben ao Espírito Santo, ben a un dos símbolos de si mesma, segundo Mújica Puntilla (2013:33)<sup>195</sup>.

194- Con el aparece en pinturas de Lucas Jordán (Academina de Bellas Artes de San Fernando en Madrid), Claudio Coello (Museo del Prado de Madrid) ou Ercole Ferrata (Igrexa de Santa Sabina de Roma), etc.

195- Este autor apunta que “por ser Santa Rosa la primera de las Indias Occidentales en figurar en el índice de los santos, se la representa como la paloma del arca de Noé que, terminado el diluvio universal, cruza el cielo con la rama verde de olivo en su pico trayendo la paz al Nuevo Mundo (Gén 8,10). Grabado emblemático. En





Cómpre recordar que as coroas son atributos frecuentes nas mártires virxinais (a dominica Rosa de Lima e a franciscana Rosa de Viterbo foron asasinadas a causa da súa fe) e, con frecuencia, sinalan tamén unha orixe nobre e unha recompensa divina.

## 4.7. Petos de ánimas

Na parroquia existen unicamente dúas almiñas ou petos de ánimas, unha no lugar de Pazos e outra nas Óseas.

A primeira delas atopámola no barrio do San Amaro, nunha posición de encrucillada<sup>196</sup>. Fernández de la Cigoña Núñez e Sampedro Fernández (2009:70-72) describen este peto como un exemplar exento “co fornelo cara á encrucillada, de sección rectangular (...) cunha altura total de 1,85 m. Está formado por dous bloques de granito, o inferior ata a base do fornelo, e o superior, que engloba o corpo do fornelo e da cruz. No que atinxe á súa distribución pódese dicir que está dividido en tres partes ben diferenciadas: unha inferior a modo de base, lisa; un corpo intermedio onde está esculpido o pequeno fornelo (...)”. No corpo superior aparece labrada en altorrelevo unha cruz. O conxunto “remata a modo de tellado a dúas augas, rebaixando a propia pedra. As xuntas están tomadas con cemento.”

As almiñas das Óseas atopámolas, tamén, nunha posición de encrucillada e á beira do camiño que une A Chan das Óseas con Cima de Vila, en concreto á beira do Regato do Verdexo<sup>197</sup>. Os mesmos autores describen este peto como unha peza monolítica “de pequenas dimensións, de tipo aberto, con fornelo de pouco fondo. Parece ser que o fornelo estaba protexido por unha portiña con cristal (...)”. A veciñanza non recorda con precisión se estaba coroado ou non por unha cruz. Na actualidade “carece de retablo e reixa, véndose invadido de musgo e cuberto de vexetación. Antigamente, cando se alumeaba, as comitivas fúnebres pasaban ante el cara a igrexa de Baldomar e paraban para rezar un responso polo defunto”.

---

Francisco Barberino Raccamadori, Rosa limensis, 1711”. O mesmo autor cita outro relato no que a nosa santa aparece vinculada a unha pomba: “Fray Pedro de Loayza contou outra versión el 19 de enero de 1618. Mientras Rosa, vestida con su sayal franciscano, trabajaba en su casa en Compañía de otras niñas, se le acercó volando una mariposa o paloma “mas blanca que la nieve”. Las niñas intentaron cogerla, pero Rosa les pidió estuvieran quietas porque sabía “traya una buena nueva”.

196- Coordenadas 42.23942, -8.36989

197- Coordenadas 42.22352, -8.37959





*As almiñas de Pazos (esquerda) e das Óseas (dereita)*

## 4.8. Cruces altas e baixas

En Santa Mariña de Covelo foron documentadas por Fernández de la Cigoña Núñez e Sampedro Fernández (2009:62-68) un total de 8 cruces altas e baixas, a saber:


- Cruz da Capela de San Bieito (Pazos)
- Cruz do Cemiterio
- Cruz de Valdomar (Santa Cruz)
- Cruz do Camiño de Santa Mariña (Camiño de Meruque)
- Cruz da Cachadiña (As Óseas)
- Cruz do Sesteiro (Pazos)
- Cruz do Mangón (O Mangón)
- Cruz do Camiño das Quintas





*A Cruz do Sesteiro*

Algunhas destas cruces, caso da do Sesteiro ou a do Camiño de Santa Cruz por exemplo, sitúanse no antigo camiño da igrexa, de forma que eran utilizadas polas comitivas fúnebres para facer unha parada co cadaleito da persoa defunta a fin de rezar un responso na súa memoria.



*A cruz do Camiño de Meruque, nas proximidades da igrexa parroquial, fotografada por Xulio Gil*







## 4.9. O Tanque de Baldomar

Este depósito de auga, situado no lugar que antes ocupaba a A Poza da Fraga<sup>198</sup>, está conformado por un único muro de cantaría de granito (opus quadratum na cara interna e incertum na exterior) de 33 m de lonxitude, unha anchura de 2,10 m e unha altura máxima de 6 m. A cara exterior do tanque conta cunha falsa porta de 1,60 x 1,10 m e unha fondura de 1,40 m, integramente labrada en cantaría de boa calidade que estivo pechada cunha porta enreixada (hoxe moi deteriorada) que se situaba a 30 cm cara o interior do lenzo do muro. Esta falsa porta conecta co interior do tanque a través dunha canle de evacuación situada na soleira da porta e está situada a carón dun muro de contención transversal ao muro principal -en forma de triángulo rectángulo- de 16 m de lonxitude e unha altura máxima de 4,60 m.



*Vista cenital do tanque tomada en febreiro de 2020*

O tanque ocupa unhas dimensións de 3.240 m<sup>2</sup> segundo datos da Oficina do Catastro, e a superficie da lámina de auga co depósito cheo é duns 3.000 m<sup>2</sup>. A parroquia de Santa Mariña de Covelo conserva documentación histórica do regadío de Baldomar, así como dos correspondentes libros de regantes e repartos de auga que pormenorizan a repartición que debía ser feita para regar:

<sup>198</sup>- Nunha cota superior sitúase a poza de Porta Pumar, que tamén se abastece do río Xabriña.





•Prorrrateo de 1773<sup>199</sup>. *Tabla del Agua del río que viene de Paraños para este lugar de Baldomar, vienes que se riegan con ella, con las Pozas de la Fraga y Puerto Pumar, revistada por Manuel Rodriguez, Atanasio Lopez,[...], nombrados para su reformaciones (?) principiada el 20 de Junio año de mil setecientos setentaytres [...]*”

•Prorrrateo de 1785. *Tabla del Agua del río que viene de Paraños para este lugar de Baldomar, vienes que se riegan con ella, Poza de la Fraga, y Porto Pumar; revistada por Silbestre Prieto, [...], elixidos por su tanda según costumbre para su reformación, siendo Diputado Josef Vazquez Beltran, a la que se dio principio en veinte y cinco de Junio, año de mil setecientos ochentaycinco [...]*”

•Prorrrateo de 1792. *Tabla del agua del río que viene de Prado da Canda para en el lugar de Baldomar, bienes que se riegan con ella, Pozas da Fraga y Portopumar, revistada por Manuel Conde, [...], elixidos por su tanda según costumbre, para su reformación. Siendo Diputado actual Josef Cheñez(?): tubo principio el 12 de Junio año de mil setecientos noventaydos.*



*A cabeceira do muro principal*

199- Cortesía do finado Basilio Estévez Martínez, que os conservou e nos permitiu a súa dixitalización.







*Perspectiva oblicua do tanque nunha foto aérea tomada en febreiro de 2020*

•Prorrateo de 1851. “Prorrateo de las aguas que salen de la lebada de Parraños y fertilizan los terrenos de Baldomar, desde el Jueves a la noche hasta Domingo por la mañana para lo cual y en virtud de lo pactado en el juicio de conciliación, los apoderados, que al efecto nombraron, ..., pasaron al reconocimiento de dichos terrenos y seguidamente efectuó la operación que sigue [...]”

•Prorrateo de 1962<sup>200</sup>. “Reparto del agua del tanque de Baldomar, para ser repartida de la siguiente forma: para un ferrado, terreno de 10 varas, sean terreno de 44 metros cuadrados le pertenecen 5 minutos, y para una fanega de 6 ferrados le pertenecen 30 minutos de agua y para 2 varas un minuto de tiempo: siendo así la constitución de este reglamento y constituido en el año de 1914, copiado por el reglamento que así lo acordaron los interesados todos en reunión en fecha 1914”.

A superficie aproximada regada polo tanque, que é propiedade da CMVMC de Baldomar, é de 52 Ha.

---

200- Este libro es propiedad de Joaquín Fernández Pérez.





## O Corno das Augas

Na parroquia consérvase un Corno das Augas<sup>201</sup>, buciño, buguina, cornecho ou corno de mar (*Charonia lampas*<sup>202</sup>) que foi utilizado para dar avisos aerófonos aos regantes do Tanque de Baldomar. O último veciño en tocalo foi Juan Táboas Cal “Juanito”, e o responsable da recuperación da súa memoria, Jose M. Castillo Amigo.



*O Corno das Augas do Tanque.  
Foto: J.M. Castillo*

O corno tocábase en días sinalados durante a temporada de verán, sempre moi cedo, ao romper o día, no torreiro do santuario de Baldomar. Alí reuníanse os veciños que tiñan terras no arrinque de levada, nas Veigas da Chan, de tal xeito que, a medida que a limpeza avanzaba, facían sonar o corno de novo para que se incorporasen outros labregos con propiedades nas diferentes paraxes: Os Queimados, As Corvales, A Cerdeira, Os Casares e, finalmente, aos Fonduxos. En función do tamaño desas propiedades, cada casa dispoñía dun tempo determinado para regar: 5 minutos, 30, 1 hora, etc...

O Corno das Augas é unha cuncha de un molusco gasterópodo, da orde lithorinimorpha, da familia dos ranélidos, que é alongado e ovalado, grande e sólido, coa última volta da espiral moi ampla. Tamaño de ata 30 cm. de lonxitude. Esta especie foi incluída no Catá-

201- Segundo información recollida por Castillo Amigo (2018), trátase dunha trompeta natural que produce un son constante mercé á forte presión que exercer os beizos apertados do tocador, que deben utilizar a súa destreza para sacar partido do instrumento a través da lei física de “harmonías naturais”. Segundo este principio, dependendo da forma do instrumento e a forza coa que se sopra, obtérase unha nota básica (tónica) e un número variable de sons harmónicos (cando menos tres máis). Este instrumento musical arcaico é utilizado en todo o mundo desde a prehistoria.

202- Linnaeus; 1758.



logo de especies ameazadas de Galicia<sup>203</sup> por causa da extensión da pesca de arrastre, o consumo da súa carne e o valor decorativo da súa cuncha.

## 4.10. A Ponte Lagoa

Esta infraestrutura é a única da parroquia levantada a partir dun único arco de medio punto. Este aparece labrado integramente en perpiaño e presenta unha luz de 4,20 m e unha altura de 5 m. A ponte, que atravesa o río de Piñeiros, fai de soporte do Camiño de Meruque, que une O Mangón con Pazos. Este camiño foi parcialmente lousado, sobre todo nos tramos de máis pendente, como o que desemboca na ponte procedente do Mangón.



*Un dos alzados da ponte. Foto Julio Eiroa.*

A anchura da calzada granítica que loce o seu firme –protexida por un peitoril de 65 cm de altura e 23 cm de espesor– é de 2,15 m de anchura, e a súa lonxitude total é duns 10,20 m.

Á beira da ponte, na marxe dereita do río, sitúanse dous muíños de canle que xa perderon a cuberta. A mediados do século XVIII, na beira desta ponte había un único muíño, segundo o Catastro do Marqués de la Ensenada: “otro en el sitio de la Puente Lagoa Pertenece a Geronimo fortes muele con agua corriente seis meses delos doze del año

203- Decreto 167/2011, de 4 de agosto, polo que se modifica o Decreto 88/2007, de 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas e se actualiza dito catálogo.







su producto se lo consideran en settenta rreales vellon”.

A mediados do século XIX levantouse o muíño máis próximo á ponte, tal e como revela a inscrición que loce a súa lumieira: ANO DE 1842.




*A rasante lousada que atravesa a Ponte da Lagoa. Foto Julio Eiroa*





## 5. MAPAS TOPONÍMICOS

De seguido incluímos unha selección da toponimia da parroquia representada sobre ortofoto. Centrámolos nos núcleos de poboación de Santa Mariña de Covelo, que son os que concentran a maior densidade de chamadeiros.





BALDOMAR 1- A Roteña







## BALDOMAR 2- O Toumilo, Os Cacheiros, A Nogueira, As Óseas







# BALDOMAR 3- As Óseas (Leste)







BALDOMAR 4- O Coto do Lazo







## BALDOMAR 5- Santa Cruz, A Porteliña, As Barreiras (Oeste)







# BALDOMAR 6- As Barreiras (Leste), Cacharrizo







# O BARREIRO 1- O Barreiro















# 0 BARREIRO 4- O Barreiro (Suroeste)







# 0 BARREIRO 5- Os Muleiros (Oeste)







# O BARREIRO 6- Os Muleiros (Leste)







# 0 MANGÓN 1- (Leste)







# O MANGÓN 2- (Oeste)







## O MANGÓN 3- (Suroeste), O Outeiro







# O MEIXOEIRO 1-








# 0 MEIXOEIRO 2- (Norte)







PAZOS 1- A Chan da Cega, O Carbón (Norte)







PAZOS 2- O Gorgullón, O Cabo, Pedra Pombeira, O San Amaro (Oeste)












# PIÑO I-







## PIÑOI 2- (Leste)









## Bibliografía

- AAVV: *Real Audiencia de Galicia: Juzgado de la Protectoría del Voto del Apóstol Santiago : catálogo documental / dirección, Pedro López Gómez ; proyecto informático, Antonio Martínez Cortizas, Pedro López Gómez, Rafael Lorenzo Durán ; realización, M<sup>a</sup> del Mar García Miraz, Angel González Lara , con la colaboración de Dionisio Piñuela García, Dulce M<sup>a</sup> Villares Cuba ; tesaurus, M<sup>a</sup> del Mar García Miraz, Rafael Lorenzo Durán, Gabriel Quiroga Barro. Ed. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Santiago de Compostela. 1998*
- Aldrey Vázquez, J.A e Río Franqueira, D.: *Paisaxe e territorio: os piares da ensinanza para o profesor José Valverde Álvarez (1909-2000). 2018*
- Álvarez Fernández, D.: *El retablo barroco en la Antigua Diócesis de Tui. Ed. Deputación de Pontevedra. 2001.*
- Álvarez Limeses, G. : *Geografía del Reino de Galicia. Tomo VI. Dirixida por Francisco Carreras y Candi. Casa Editorial Alberto Martín. Barcelona. 1936*
- Amoedo López, G.: *A memoria e o esquecemento. O franquismo da provincia de Pontevedra. Ed. Xerais. Vigo. 2010*
- Ares Vázquez, N.: *Estudos de toponimia galega. Tomos I e II. Ed. Real Academia Galega. A Coruña. 2011 e 2013*
- Ávila y la Cueva: *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su obispado (1852). Tomo II. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Ponencia de Patrimonio Histórico. 1995*
- Ballesteros Arias, P.: *Arquitectura tradicional gandeira na Serra do Suído: a resposta dunha tradición. Cuadernos de Estudios Gallegos. Vol 51. Número 117. Santiago de Compostela. 2004*
- Barros Alfaro, L.: *Relación de documentación histórica sobre os montes veciñais de Santa Mariña de Covelo. Informe inédito. 2021*
- Carmona Muela, J.: *Iconografía de los santos. Ed. Istmo. Madrid. 2003*
- Carmona Muela, J.: *Iconografía cristiana. Guía básica para estudiantes. E. Ed. Istmo. Madrid. 1998*
- Castro Redondo, R.: *Cartografía digital de Galicia en 1753. Jurisdicciones, provincias y Reino. Ed. Andavira. Santiago de Compostela. 2019*
- Cendón Fernández, M.: *Santa María e A Franqueira: de monasterio a santuario. Cuaderno de Estudios Gallegos, LXI. Nº 127. Santiago de Compostela. 2014*
- Conde Cid, N.: *El Pórtico del Paraíso como foco receptor de modelos artísticos foráneos: Arte, Poder y Liturgia. Revista Eikon / Imago. Universidad Complutense de Madrid. 2012*
- Corominas, J. (coa colaboración de José A. Pascual): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico. Editorial Gredos. Madrid. 1984*
- Criado Boado, F.; Parceros Oubiña, C.; Otero Vilariño, C.; Cabrejas, E.; Rodríguez Paz, A.: *Atlas arqueolóxico da paisaxe galega. Ed. Xerais. 2016*
- De la Vorágine, S.: *La Leyenda Dorada; traducido do latín por Fray José Manuel Macías. Ed. Alianza Forma. Madrid. 1999*
- De Llano, P.: *Arquitectura popular en Galicia. razón e construción. Ed. COAG. 1996*
- Fábregas Valcarce, R.: *Petroglifos y asentamientos: el caso de Monte Peñide (Redondela, Pontevedra). Boletín del Seminario de Arte y Arqueología: 95-118.1999*





- Fariña Jamardo, X.: Os Concellos Galegos. Tomo III. Ed. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña. 1991
- Fernández de la Cigoña Núñez, E. e Sampedro Fernández, A.: Cruces, cruceiros e petos do concello de Covelo I. Ed. Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE S.L.). Mos. 2009.
- Fernández de la Cigoña Núñez, E.; Sampedro Fernández, A. E Grandal Carballo, N.: Paraños, pedestal de Fontefría. Ed. Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE S.L.). Mos. 2021.
- Fernández Pintos, X: Asociaciones de combinaciones circulares a equipos de molienda rupestres en el NO peninsular. Lucerna II, serie III. Actas do VI Colóquio Portuense de Arqueología (Porto 1987). Ed. Centro de Estudios Humanísticos: 75-96. 1993
- Fernández Rodríguez, M.: Toronium. Aproximación a la historia de una tierra medieval. Ed. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Xunta de Galicia. Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento. Santiago de Compostela. 2004.
- Ferro Ruibal, X.: Diccionario dos nomes galegos. Ed.Ir Indo. Vigo. 1992.
- Filgueira Valverde, X.; Tobío Fernandes, L.; Magariños Negreira, A.. e Cordal Carús, X. (1926): Vocabulario popular galego-castelán (publicado por entregas en El Pueblo Gallego).
- Filgueira Valverde, X. (asinado co pseudónimo J. Acuña): A Franqueira. A modo de limiar. Revista Logos. Pontevedra. 1932
- Franco Grande, X.L.: Diccionario galego-castelán, 2ª ed. Galaxia. Vigo 1972
- Fuertes Palomera, A.: Arciprestados de Tui-Vigo. Montes-Mondariz. Ed. Diocese de Tui e Vigo. 2013
- Gómez Buxán, C.: Os oficios na terra da Estrada. Un panorama no século XVIII. Rev. A Estrada. Miscelánea histórica e cultural nº 10. A Estrada. 2007
- González Lopo, D.L.: La arriería en el comercio de la Galicia suroccidental según el Catastro de Ensenada. Obradoiro de Historia Moderna nº 17. Santiago de Compostela. 2008
- González Ruibal, A.: Galaicos. Poder y comunidad en el Noroeste de la península Ibérica (1200 a.C-50 d.C). Brigantium. Volume 18. 2006.
- Iglesias Almeida, E.: Arte y artistas en la antigua Diócesis de Tui. Tui.1989
- López Sabatel, J.A.: Pantón como ejemplo de la organización del territorio y el poblamiento en la Galicia medieval: la parroquia, el coto, la aldea, el casal y la vivienda (siglos XIII-XV). Cuadernos de Estudios Gallegos, LXV. Nº 131. Santiago de Compostela. 2018
- Martínez Tamuxe, X.: Os cruceiros de Maceira e de Santa Mariña de Covelo, obras dun canteiro veciño de Pías. Revista Pregón nº 14. Pontearreas. 2004
- Madoz, Pascual: Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de ultramar. Tomo VI. Madrid. 1846.
- Moralejo, J. José: Arco(s), Busto(s), Pazo(s) ¿toponimia de ganadería?. A. I. Boullon et al., edd., As Tebras Alumeadas. Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo, Santiago, Universidade de Santiago. 2005
- Mújica Puntilla, R.: Rosa Limensis: Mística, política e iconografía en torno a la patrona de América. Ed. Centro de estudios mexicanos y centroamericanos, Institut français d'études andines, Fondo de Cultura económica. México. 2013
- Navaza, Gonzalo : Fitotoponimia galega. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 2006
- Otero Pedrayo, R.: Historia de Galiza. Editorial Akal. Madrid. 1979
- Parzia, Arthur G. e J. Petrotta, Anthony: Diccionario de bolsillo de estudios bíblicos. Ed. Spanish House/Edit Unlimi. 2008





- *Pereira Molares, A. M<sup>a</sup>.: La arquitectura civil y religiosa en la Diócesis de Tui. Siglos XVII y XVIII. Tese de doutoramento dirixida por Alfredo Vigo Trasancos. USC. 2002.*
- *Piel, Joseph M: Miscelânea de etimología portuguesa e galega. Universidade de Combra, 1953*
- *Piel, Joseph M. e Kremer, Dieter: Hispano-gotisches namenbuch. Ed. Winter, 1976*
- *Porto Ucha, A.S. e Vázquez Ramil, R.: Organización societaria e depuración do maxisterio: a Casa del Maestro de Pontevedra (1934-1936). Ed. Fundación Luís Tilve. Santiago de Compostela. 2019*
- *Porto Ucha, A.S. e Vázquez Ramil, R.: Represión e depuración do maxisterio na provincia de Pontevedra. Análise teórica e estudo por partidos xudiciais, concellos e parroquias (1936-1942). Ed. Andavira. Santiago de Compostela. 2021*
- *Reboreda Carreira, A.: Barcia de Mera. Notas de toponimia, historia e patrimonio. Ed. Concello de Covelo. Covelo. 2021*
- *Reboreda Carreira, A.: Arrieiros somos. Casas de postas no camiño de Redondela ao Ribeiro. Faro da Cultura; suplemento cultural do Faro de Vigo do 17.02.2022.*
- *Riesco Chueca, P.: Formas del parcelario: su huella en la toponimia menor. Revista Ería, nº 94. Ed. Universidad de Oviedo. 2014*
- *Risco, V.: Etnografía: cultura espiritual (Historia de Galiza). Ed. Nós. Bos Aires. 1962*
- *Rivas Quintas. E.: Frampas, contribución al diccionario gallego, Alvarellos, Lugo. 1988*
- *Rivas Quintas. E.: Toponimia de Marín. Verba, Anuario galego de filoloxía, Anexo 18. Ed. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela. 1982*
- *Rivilla Marugán, G.: El fin de los sistemas de reclutamiento del Antiguo Régimen: la ley de 1837. En "Guerra, derecho y política: Aproximaciones a una interacción inevitable", coord. por Manuela Fernández Rodríguez. Ed. Asociación Veritas para el Estudio de la Historia, el Derecho y las Instituciones. Valladolid. 2014*
- *Rodríguez González, E.: Diccionario enciclopédico gallego-castellano. Ed. Galaxia. Vigo*
- *Seijas Montero, M<sup>a</sup>.: Los cistercienses en el sudoeste de Galicia a fines del Antiguo Régimen. Tese de Doutoramento inédita. USC. 2009*

## Arquivos

- *Arquivo Histórico de Pontevedra (AHP)*
- *Arquivo do Reino de Galicia (ARG)*
- *Arquivo Histórico Nacional (AHN)*
- *Arquivo Municipal do Concello de Covelo (AMC)*
- *Arquivo da Deputación de Pontevedra (ADP)*
- *Arquivo Diocesano de Tui (ADT)*
- *Arquivo da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Xunta de Galicia*
- *Arquivo da Comunidade de Montes de Santa Mariña de Covelo*
- *Galiciana*
- *Hemerotecas do Faro de Vigo e La Voz de Galicia*









## ÍNDICE

LIMIAR	5
PRESENTACIÓN	7
SANTA MARIÑA DE COVELO	9
1- NOTAS HISTÓRICAS	13
1.1 A Idade Media	13
1.2 A Idade Moderna	18
1.3 A Contemporaneidade	57
1.3.1 O Ensino	68
1.3.2. Obras públicas	71
1.3.3. Entre a anécdota e a relevancia	73
2- PATRIMONIO TOPONÍMICO	91
2.1. Os nomes de lugar	91
2.2. A modo de resumo	117
3- PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO	119
3.1 A mámoas	119
3.2 Os gravados rupestres	120
3.3 O Castro do Coto de Aldir	123
4- PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO E ETNOGRÁFICO	127
4.1. A igrexa de Santa Mariña	128
4.2. O santuario da Santa Cruz de Baldomar	134
4.3. O Cruceiro do Santuario	147
4.4. A Ermida do San Bieito de Pazos	148
4.5. O cruceiro de ánimas	150
4.6. Santa Rosa	154
4.7. Petos de ánimas	156
4.8. Cruces altas e baixas	157
4.9. O Tanque de Baldomar	159
4.10. A Ponte Lagoa	162
5- MAPAS TOPONÍMICOS	165
Bibliografía	189
Arquivos	191



## Agradecementos

*A todos os veciños e veciñas que conservan e coidan a memoria material e inmaterial da parroquia.*

*Á Comunidade de Montes de Santa Mariña de Covelo e ao Concello de Covelo. A miña gratitude a Gonzalo Navaza e, sobre todo, a Jose M. Castillo, polo seu compromiso na xestión deste traballo.*

*Aos nosos informantes, pola súa enorme xenerosidade:*

- *María Tellado Vidal, natural de Piñoi; nada no 1939.*
- *Mario Cal Estévez, natural de Avión, onde foi nado en 1935, e residente no Mangón ata os 24 anos; reside no Barreiro.*
- *Hortensia Loureiro Fernández, natural de Sta Mariña de Covelo; nada en 1968.*
- *Luís Miguel Mariño Bouza, natural de Sta Mariña de Covelo; nado en 1961.*
- *Antonio Outerelo López, nado en Piñoi en 1957.*
- *Virginia Diz Saboy, natural de Pazos, onde naceu en 1936.*
- *Otilia Diz Saboy (1927-2021) nada en Pazos.*
- *Basilisa Souto Domínguez, nada en Pazos en 1948.*
- *Avelina Domínguez Cerqueiro, nada nos Cacheiros en 1926.*
- *Braulio Vidal Vázquez, nado de Pazos en 1946.*
- *José Loureiro Tielas, natural de Maceira, onde naceu en 1928; vive en Santa Cruz desde os 10 anos.*
- *José Pérez Expósito, nado en Cima de Vila en 1949; reside en Santa Cruz.*
- *José Antón Rey, nado en Cima de Vila en 1955.*
- *María Espiñeira Gonzalez, nada en Piñoi en 1933.*
- *Familia Constantino Lemos.*
- *Familia Diz Tielas.*
- *Familia Castro Álvarez.*





